

O CINEMATÓGRAFO EN BETANZOS



Alfredo Erias - Rosario Sarmiento


A Betanzos chegaron en todo o s. XIX (e quizais xa antes) espectáculos precinematógraficos que, ou ben se baseaban no ancestral teatro de sombras, ou derivaban do uso da lanterna máxica. Iso sen contar que as familias burguesas mercaban aparatos ópticos (tales como o popular zootropo) que proxectaban escenas en movemento.


Se a isto unimos a chegada de fotógrafos ambulantes e o establecemento de outros, xunto coa mellora das comunicacións e un ambiente xeral propicio ó progreso, concluiremos que Betanzos, como outras moitas cidades e vilas de Occidente, estaba preparada para a chegada da electricidade e do cinematógrafo, cousa que ocorrería no 1896 e 1897 respectivamente (Lumière patenta o invento no 1895 e á Coruña chega no 1896).

A partir de aquí veremos en Betanzos empresas de cinematógrafo ambulantes; o establecemento do de D. Claudio Pita (1910...); o protagonismo especial do Teatro Alfonsetti (inaugurado no 1882) xunto a outros como o "Teatro Gran Cine Brigantino" (1914) o "Teatro Casa del Pueblo" (1924) ou o "Gran Cine Capitol" (1942...). Veremos tamén cinematógrafo público ó aire libre, cine propagandístico comercial, cine escolar, etc. Non faltarán, naturalmente, as rivalidades entre empresarios. E, por se fose pouco, de Betanzos será un dos actores (ademas de produtor e director) más famosos de España nas décadas de 1920 e 30): Ricardo Núñez, protagonista, entre outras moitas películas, de "La Hermana San Sulpicio" (1928) xunto a Imperio Argentina.

Tamén veremos en Betanzos as colas que se produciron coa chegada do cine sonoro no 1933 e comprobaremos como a Guerra Civil só parou as proxeccións algo máis dun ano ó principio. Fixarémonos nas vellas "actualidades", nos noticieros da Guerra Civil e no "No-Do", nos alcumes derivados do cine que os betanceiros se puxeron uns a outros, e en moitas cousas máis. A enumeración de todas e cada unha das proxeccións documentadas en Betanzos desde 1897 a 1951 é un aporte de gran interés para este e outros traballos.

A historia do cinematógrafo en Betanzos, en fin, lévanos ó mundo da microhistoria e, polo tanto, permitenos coñecer polo miúdo os precedentes e a maneira en que se introduciu e desenrolou nesta poboación concreta. Porque só coa existencia de historias semellantes se poderá facer ulteriormente e con rigor a síntese final para Galicia.





ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ

ROSARIO SARMIENTO ESCALONA



R. 21531

O cinematógrafo en Betanzos

(1897-1951)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

© Alfredo Erias Martínez e Rosario Sarmiento Escalona

© Edición: Excma. Deputación Provincial de A Coruña

Unha versión anterior do presente traballo recibiu o primeiro premio no certame organizado pola Federación de Cineclubes de Galicia sobre «Historia da Galicia Cinematográfica», celebrado en Carballiño (Ourense) no 1993.

ISBN: 84-89652-26-0

Depósito Legal: 866-97

Composición e maqueta: Alfredo Erias Martínez

Colaboración técnica: Santiago Boullosa Cerviño e Ramón Faraldo Pardo

Imprime: Imprenta da Excma. Deputación Provincial da Coruña

O século XX, o tempo da xeración dos avós e dos pais, queda marcado polo cine. Esta palabra está chea de lembranzas: espacios de ledicias nas tardes dos domingos, emocións e medos compartidos en aplausos, a censura, os apagóns... así coñecimos e soubemos de Chaplin, de Greta Garbo, de Valentino, de Gary Cooper, de Marcelo Mastroniani, de Sofía Loren, das estrelas e dos astros do noso tempo e das nosas ilusións... os nosos indiscutibles mitos que nos levaron a ser colecciónistas de afiches ou de anacos de celuloide, esa técnica audiovisual que axudou a rexistrar dun xeito máis integral a historia contemporánea. Polo cine, polos documentais filmados, podemos reconstruir anacos dun pasado inmediato.

Os da nosa xeración soubemos moito do nacer e medrar do cine, da súa apoteose e tamén das súas crises, sempre en paralelo coa evolución electrónica. Admiramos como se fose un santuario ese espacio tan solidario do cine de vila ou de barrio que unicamente tivo como rival ós templos parroquiais, en ocasións os teatrillos ou o circo que alteraban a rutina domingueira. O cine que alegrou a vida en tecnicolor e cinemascope en días difíciles de emigración ou silencios, merecerá sempre nosa atención.

A lectura de "O Cinematógrafo de Betanzos" forma parte da esencia da historia contemporánea desta vila tan dentro do sentir coruñés, más valorada nos nosos anos dos nautas do internet, dos ciberespacios e a realidade virtual. Dende o sofá da casa que mira ó televisor sentimos nostalxia do cine, incluso ás veces preséntasenos nos sonos e sentímonos verdadeiramente felices. O cine era un auténtico lugar de encontro, ese necesario espacio que se daba nunha especie de catarse colectiva cando a película cumpría o seu papel de entrar no espectador.

A Coruña, Galicia na encrucillada dos camiños que polo Atlántico levaban ás ansias das "Américas", estivo presente no primeiro acontecer do cine filmado e proxectado.

Dende a Deputación da Coruña sentímonos moi satisfeitos ó poder colaborar facendo posible esta ben documentada e amena obra dos historiadores Alfredo Erias Martínez e Rosario Sarmiento, case unha novela de realidades vividas e que teñen como escenario esa leal cidade dos cabaleiros e como protagonistas a actores anónimos, xentes da vila, emigrantes, tratantes, negociantes, forasteiros, pero sobre todo á familia Alfonsetti, ós Pita, ós Núñez, linaxes que trouxeron a nós o divertimento, a maxia da luz, o movemento e o son, o facer que dalgún xeito non morran os xestos auténticos dos grandes actores: o cine.

Augusto César Lendoiro
Presidente da Deputación da Coruña



A xeito de limiar

O nacemento dun libro constitúe sempre un acontecemento digno de celebrar, merecedor de contento e da ledicia de todo aquel que o ten diante e ousa abri-la súa pasta, a súa encuadernación, aquela capa que separa ó lector do misterio que representa un novo libro, e un libro novo é aquel que ainda non se leu.

¿Por que é un misterio? Porque é un milagre.

¿Por que é un milagre? Porque este libro que tes diante, lector amigo, antes de selo, era unha morea, unha rima, un feixe de papel branco apilado que nada dicía a ninguén. Hoxe, por obra e gracia dos seus autores, é algo que che descubrirá unha faceta moi importante de Betanzos e os seus moradores no transcurso dun século. Si, porque este ano de 1995 cúmprese cen daquel acontecemento que tanto incidiu no desenvolvemento de todo o mundo -e Betanzos non quedou á marxe-, que foi o invento do cinematógrafo.

Pouco despois de que, como consecuencia dos traballos de Niepce, Daguerre e outros, se perfeccionara a fotografía, os irmáns Lumière puxeróna en movemento e inventaron o cine. O apelido deses homes parece premonitorio. Se o traducimos á nosa língua quere dicir luz, luminaria, intelixencia, sabedoría...

A chegada do cine

O cine chegou a España de contado. Francia está cerca, pero os Pirineos foron, nalgúnha época, barreira infranqueable e outras veces daba a sensación de non existiren. Naquel tempo todo viña de Francia. O que non inventaba Edison inventábanlo os franceses. As modas e os perfumes viñan de Francia. O idioma diplomático era o francés que ademais desplazara ó latín en frases feitas, citas e aforismos. O idioma castelán -o galego non contaba- inzouse de galicismos: *chambra, chófer, chauvinismo, chapó...*, por poñer só uns cantes exemplares da mesma inicial. As *coquetas* e as *cocottes* tamén eran francesas. Ata os nenos viñan de París.

Nada máis inventado o cine os irmáns Lumière envían a Madrid ó técnico na materia Mr. Promio, co fin de dar a coñecer na capital de España o recente invento. As películas: *O regador regado, Avenida dos campos Elíos* e *A saída dos obreiros da fábrica Lumière*.

Axiña aparece a competencia. O 11 de maio de 1896 actuou nun local madrileño certo artista ianqui, dando a coñecer o *cinetoscopio*, inventado por Edison.

Os primeiros técnicos españois, Estanislao Bravo e Marcelino Calvo, marcharon inmediatamente a Francia para ver de coñecer a fondo aquela novidade. E xa no ano 1897 ródase en Barcelona *Riña de un café*, primeira película española, da que é autor, actor e realizador Fructuoso Gelabert Badilla, que logrou exportar copias a Francia e Portugal, ademais de distribuila por España.

Inda que estabamos nunha época na que os medios de comunicación eran escasos e, podemos dicir, rudimentarios, o cine extendeuse e chegou a todo sitio e lugar cunha rapidez inusitada, coma as augas desbordadas dun enorme río. As anécdotas das reaccións das xentes de tódolos lados ó ver aquel inxenio, son demasiado coñecidas. Había quien fuxía diante da máquina do tren, pois daba a impresión que o ía pillar ou dos cabalos desboca-

dos... Ou sexa que as primeiras sesións foron de sustos e desacougos, pero, pouco a pouco, aquilo constituiu un goce, un pracer, unha afección moi forte, case un vicio... ou sen case.

Para disfrutar do cine son precisas as dúas actividades más íntimas da persoa, provocadas polos seus correspondentes condicionantes: *A escuridade e o silencio*:

O cine (local onde se realizan as proxeccións) hai que convertelo nunha cámara escura, igual que aquel exaédrico caixón das máquinas de retratar que viamos nas feiras, festas e romaría. ¡A escuridade é cómplice de tantas cousas!... Entornámolo os ollos para darré mais diafanidade ós recordos gratos, ás lembranzas pracenteiras; soñamos de noite na escuridade da alcoba, cos ollos ben pechos; o primeiro bico sempre se da ou se recibe na escuridade; cando ves algo que anceias con paixón e con ardencia, ó momento de velo, entórnalo os ollos por un intre; no cumio do amor pecha-los ollos...

O silencio é a actitude que tomamos nas más importantes e trascendentais circunstancias da nosa vida, dun xeito completamente inconsciente e involuntario. Ponse na gorxa un nón e non eres quen de articular palabra porque se che cortou a fala, atrancouseche a voz. Son os efectos da emoción. O pranto más íntimo, más sincero, menos convencional é aquel no que os ollos se enchen de bágoas e non se profiren berros nin palabras porque un se convence de que aquela dor tan grande non serían capaces de entendela os demás.

E así, silencioso, completamente silencioso, naceu o cine e seguiu durante tempo, bastante tempo. Tanto que, chegou o momento en que a xente se aburría naquel cine mudo que, más das veces, non entendía. Os letreiros explicativos ainda non se inventaran e moita xente deixou de asistir ás proxeccións. Foi entón cando se complementou o espectáculo cun pianista que lle ía poñendo música de fondo que, por más que non era especialmente feita para o filme como ocorreu despois co cine sonoro, o pianista ía adaptándoa, unhas veces á velocidade da acción, outras ó argumento serio, triste, cómico, gracioso, burlesco, etc., que trascendía das distintas escenas. En Betanzos esta misión estivo encamada, polo menos durante varios anos, a don Juan Ponte Blanco, con sona de bo pianista, pero completamente cego. Asistía ás sesións do cine acompañado dunha filla que, *sotto voce*, lle ía indicando as vicisitudes da película.

Tamén se intentou, con variado éxito, a figura do *explicador* (véxase no capítulo VI). Era éste unha persoa de voz clara e vibrante que, primeiro na porta do local -hai que ter en conta que, en case tódolos sitios, estes locais eran barracóns ou galpóns- invitaba á xente a entrar e logo, dentro, explicaba o argumento da película e, pouco a pouco, engadía frases que, con distintas tonalidades imitando incluso as voces das mulleres, atribuían ou aplicaban ós diferentes actores, constituindo case un diálogo. Co tempo foron añadindo sonidos e ruidos, más ou menos semellantes ós que se deberan oír na película, producidos por distintos artefactos.

Tras destas reformas a xente volve a acudir cada vez en maior número ó novidoso espectáculo, aparecendo a primeira película española en episodios, realizada por José María Codina, titulada *El signo de la tribu*. Pero a aparición deste antecedente dos *culebróns* non é a única nova que xurde por aquela época: No ano 1921 fora nomeado Director Xeral de Seguridade o Sr. Millán de Priego, quen dictou unha disposición que pretendía establecer unha completa separación e incomunicación nas salas de cine entre homes e mulleres. Non é esta a primeira nin será a última vez, na que as autoridades se erixen en gardiáns e vixiantes da moral e bos costumes dese pobo que consideran menor de idade, fato de

ovellas e carneiros precisados de pastor, de guieiro... Pero a prensa e o público rexeitaron a referida orde dun modo total e non houbo xeito de poñela en práctica.

Espectáculo de masas

Xa non faltaba moito tempo para que aparecera o cine sonoro e, coa chegada deste, converteuse o invento nun auténtico espectáculo de masas, reflectíndose, entre outras moitas cousas, no nome que recibiu na Arxentina e outros países americanos: *biógrafo*. Por un momento imos seguir as opinións de Robert Gessner, profesor da New York University, nun traballo titulado *Cinematografía*, publicado na Enciclopedia Internacional das Ciencias Sociais:

«O efecto que exerce este fenómeno artístico, social e económico sobre os valores culturais de creadores e espectadores é un problema internacional de primeiro orde, xa que a cinematografía constitúe unha linguaxe mundial que poden captar os analfabetos e más as persoas cultas. Está en xogo nada menos que o control das mentes e das emocións humanas». «A unión entre a arte e a industria cinematográfica é un matrimonio contraído no inferno, vivido na terra e recompensado no ceo». Mais adiante fálanos dos problemas da produción cinematográfica e ven dicir que «a cinematografía é a única forma artística que depende por enteiro da maquinaria» e que «nunca na historia artística do home se atopou o artista tan subordinado ós medios que dan forma ós seus fins; e á inversa, o patrón, patrocinador ou produtor xamais dependeu tanto do talento para utilizar a súa maquinaria na produción, distribución e exhibición.» Segue a falar no seu traballo dos que el chama «deuses vivos» da cinematografía: Orson Welles, Fellini, Igmar Bergman e Akira Kurosawa. «Poida que o máis grande de todos eles sexa Luis Buñuel, un xenio enigmático que durante corenta anos estivo establecendo e derrubando normas». Algunxs destes deuses están hoxe mortos. E ainda segue expoñendo as súas peculiares e intelixentes apreciacións, aludindo a Luis Buñuel: «De ningún director norteamericano pode dicirse que posea a súa talla. Os que son os seus propios productores -John Ford, Elia Kazan, Stanley Kubrick, George Stevens, Billy Wilder, William Wyler, Fred Zinnemann- fan evidentemente as mellores películas cinematográficas norteamericanas. Se esta tendencia se ampliara chegando a outros sectores do público, podería igualar a primeira idade de ouro, os anos de D.W. Griffith, Thomas H. Ince, Mack Sennet, Charles Chaplin, Douglas Fairbanks, cando os directores elexían ós seus banqueiros. A cuestión do público a que vai destinada unha película cinematográfica é agora máis importante que antes, principalmente porque a arte e a industria atópanse máis unidos que nunca. É unha unión diferente, un matrimonio contraído no ceo, vivido no inferno e recompensado na terra.»

¿O cine é arte?

O cine coñécese tamén coma a *sétima arte*. ¿É unha arte realmente? Sobre este tema suscitóuse moita polémica xa dende que apareceu e dura ata hoxe mesmo. ¿Qué é arte? En calquera diccionario podemos ler que a arte é aquela actividade do ser humano, mediante a que se lle da forma material a todo aquilo que é concebido polo espíritu e, tamén, ó conxunto dos medios que empregamos para logralo.

Tradicionalmente considerouse coma arte á arquitectura, escultura, pintura, música e poesía, entendendo poesía como literatura en xeral. Máis tarde añadíuselle a danza que, en realidade é a fusión da música coa escultura e, por último, o cinematógrafo, pero ó ser este un espectáculo maioritario, de masas, producido, elaborado, realizado e proxectado por medios totalmente mecánicos, baseado na súa orixe, na fotografía que, como tal non acadou máis que a categoría de arte menor, foi rexeitado por motivos elitistas que non saben, ou non queren saber, que a denominación de arte menor non se pode nin debe interpretar como se fora dun grao inferior, xa que as artes menores poden chegar á suprema categoría estética.

O cine, ademais, comprendía moitas artes: A literatura está representada polo argumento da película, sendo o guión a adaptación ó medio. A dirección e a interpretación son arte escénica. A música de fondo é outra faceta máis da arte de Euterpe. A danza está representada en moitas películas. Hai milleiros de documentos que, ademais de artísticos, son culturais, educativos e pedagógicos. Como demostración da veracidade do que se expón no presente párrafo podemos cita-lo feito de que no ano 1960 a Academia Francesa, de indiscutible prestixio e rigor, acolleu no seu seo, como membro de número ó director cinematográfico René Clair, tendo como única producción literaria os guións das súas películas.

O que si temos que recoñecer é que existe moito cine que non é arte porque non reune as características mínimas para que o sexa.

Relembanza

A última película da época do cine mudo que quedou na miña memoria foi *El capitán Blood*, que, segundo podedes comprobar no apéndice deste libro proxectouse no Alfonsetti no ano 1933. Supoño que sería a primeira versión deste título que se repitiu varias veces. Pero isto non quere dicir que, a partir daquela época non se volveran a exhibir máis películas mudas. A primeira película sonora que recordo foi *El rey de los gitanos*, que tiña como protagonista a José Mogica, cantante mexicano que acabou a súa vida como Padre franciscano. Non quero faltar á verdade, pero coido que a protagonista feminina era Conchita Montenegro. Tamén recordo unha sesión de cine público na praza do Campo, unha noite das festas, á que me levara un tío, irmán da miña nai. A primeira vez que vin a cor no cine foi a última parte da película *El gato y el violín*.

Logo veñen outras películas que deixaron en mí unha pegada profunda: *Don Quintín el amargao*, *La hija de Juan Simón*, *Centinela Alerta* e *¿Quien me quiere a mí?*, catro películas realizadas na época da segunda república, que eran o inicio dun camiño a seguir polo cine español, que máis tarde se torceu para caer na vulgaridade da chamada «españolada». Luis Buñuel tomou parte na producción destes filmes e, ademais, supervisounos. Notábase.

Tamén ocupan un espazo de honra, orgullo e afecto na nosa memoria as películas en que intervía Ricardo Núñez. ¿Por que? Non hai mais que ler un anuncio publicado no xornal *La Voz de Galicia* do 20 de xaneiro de 1934, que comeza dicindo «A Betanzos cabe la gloria de ser patria chica de (...) tan famoso astro del cinema. La cuna brigantina acogió los primeros balbuceos y los años de un niño hoy hecho un prodigo del film. Y ya que a

ella cupo el honor de empadronar por vez primera a Ricardo Núñez que hoy es primer actor en el film sonoro hablado en español Susana tiene un secreto es obligada una atención a Betanzos, que sabrá corresponder a trato tan merecido. Linares Rivas al proyectará la famosa obra...» e segue o anuncio dicindo que era aquela unha homenaxe que a empresa do indicado teatro tributaba «a tan arrogante y varonil actor», establecendo un servicio de autos entre A Coruña e Betanzos, á saída da última función «a cargo de las empresas O'NOSO GERARDO VIDAL Y RADA.» Aquel teatro Linares Rivas estaba no lugar que hoxe ocupa o Cine Avenida, e cando se pechou por derribo do edificio, as butacas viñeron para o cine Capitol de Betanzos.

Tamén recordo ver a Ricardo Núñez, «Ricardito», como se lle chamaba aquí, en *Se ha fugado un preso e Rumbo al Cairo*. Esta última viña do cine SAVOY, da Coruña. Unhas filas más adiante estaba o pai do artista, don Pepe Núñez, na compaña de don Augusto Bonilla, xefe de Telégrafos de Betanzos, que fora profesor de matemáticas de Ricardito. Cando estaba a xente más en silencio, nunha secuencia na que destacaba a interpretación do «noso artista», don Augusto non pudo aguanta-la emoción e ca voz tronante que tiña dixo: «!Coño, Pepe, tu hijo no podía ser otra cosa!» A xente reclamou silencio e don Tuto calou de mala gana.

Cando, andando o tempo, chegou eu a ser alumno de don Tuto, que era como lle chamabamos, inda se contaban na clase as falcatruadas que lle facía Ricardito. Por exemplo: Un día en que o profesor lle rifou, cousa que facía a cotío, e ademais levantou a man para lle zouparr, o rapaz, que xa estaba preparado, abreu o puño e ensiñoulle un comprimido dicíndolle que era un determinado veneno e que se lle pegaba o tragaría. Don Tuto non fixo caso e cando estaba baixando a mán o Ricardito inxeriu a tableta. Ó ver tal o profesor empezou a berrar dicíndolles ós demais alumnos: «¡Sacádemlo para fora, que non quero que morra na casa!»

Fixemos alusión anteriormente ó pai de Ricardito, don Pepe, como lle chamaba todo o mundo, sendo o seu nome completo don José Núñez Pirot, a quien se lle cita no capítulo II deste libro, como integrante dunha sección de declamación co fin de dar funcións teatrais nesta cidade, precisamente no Teatro Alfonsetti. De aquí podemos inferir onde están os antecedentes vocacionais artísticos do fillo cineasta. Pero non era unicamente esta a afeción de don Pepe, xa que tamén se lle daba por elaborar e descobrir menciñas, apócemas e beberaxes. De neno recordo ver na miña casa varios frascos con calicidas, elaborados por el e utilizados por meu pai, que tiña os pés pragados de calos e servíalle de cobaia. Pero en certa ocasión inventou unha locción que facía medra-lo pelo e impedía a caída do mesmo. Chegou a comercializala e na etiqueta dos frascos figuraba a denominación de LOCION J.N.P.. Estas letras ou siglas eran as iniciais do nome completo do inventor. Cando as viu o fillo Ricardo felicitou ó pai polas etiquetas que atopaba moi bonitas e dunha grande honestidade, xa que polo nome todos se podían decatar de que, con aquela locción «Jamás Nace el Pelo».

Outra anécdota curiosa, contada polo seu primo Jesús Núñez: Parece ser que cando se estrenou en Betanzos *Fútbol, amor y toros*, na que Ricardito facía de torero, sofreu unha cornada nunha corrida e cando chega o seu pai ó hospital exclama: «¡Hijo mio!», a xente que estaba no cine empezou a berrar: «¡Fóra, fóra! ¡Ese non é don Pepe!».

Pero neste libro o capítulo XIV está adicado a Ricardo Núñez e aí teñen máis información sobre él. Por certo que nese capítulo dise que descubriu a Imperio Argentina para debutar na película que el mesmo producía e interpretaba, *La hermana San Sulpicio*; Fernando Méndez-Leite no primeiro tomo do seu libro *Historia del Cine Español*, atribúelle o descubrimento a Florián Rey, director da película; Terence Moix no libro da súa autoría *Suspiros de España*, cita esas dúas versións e logo dí: «Una tercera versión, afirma que fue el autor de la novela, Armando Palacio Valdés, quien la impuso...»

1936

Co levantamento militar do 18 de xullo de 1936, coñecido en Betanzos como «revuelto», iníciase e desenvólvese na zona autodeterminada *nacional*, un hipernacionalismo que tamén afecta ó cine en toda a súa extensión, desde a denominación dos locais nos que se proxecta ata os títulos, argumentos e dobraxes das películas, establecéndose unha censura paternalista e relixiosa.

Na Coruña o cine Savoy, palabra inglesa, tivo que cambia-la denominación e poñer Yavoy e así por toda España adiante. Deuse un curioso caso na Coruña, que unha zapatería titulada *Les Petits-Suiss*, fixéronlle cambia-la denominación por Los Pequeños Suizos, que aínda segue así, sen saber que a traducción de «petits-suiss» ó castellano é «quesos blancos» que teñen bastante máis que ver cos zapatos que cos nenos da Suiza.

Os diálogos modificábanse e terxiversábanse de mala maneira, así como a relación, incluso familiar, entre os persoaxes, chegando a extremos como aquel famoso da película *Mogambo* que, para ocultarnos un adulterio fixéronnos ver un incesto. Aqueles cineastas que se sabía eran simpatizantes dos republicanos cando a guerra civil, estaba prohibido anunciarlos e había que tacha-lo seu nome da propaganda ou non permitían exhibi-lo film. Nas portas das igrexas poñían un taboleiro coa calificación moral das películas. Rapazas de Acción Católica teñen destrozado as fotografías que como carteis de propaganda poñían na Praza do Campo, cando consideraban que eran indecorosas, pero a xente seguía indo ó cine en masa. Formábanse colas enormes nas «taquillas» dos cines, encargaban as entradas con antelación e por teléfono. Había xente que estaba abonada a unhas butacas determinadas e para funcións específicas.

Daquela época dixo Román Gubern, catedrático de Comunicación Audiovisual da Universidade de Barcelona: «O cine converteuse nunha fiesta aberta para as evasións imaxinarias esporeadas pola sinistreza do medio ambiente do paleofranquismo e do mesofranquismo.»

En efecto, naquela época o cine e os bailes do Liceo Recreativo convertéronse nos acontecementos sociais más importantes, o primeiro de masas e o segundo un pouco máis de elite. Os que tiñan reservadas un par de butacas, en ámbolos dous cines tiñan case tanta fachenda coma os barceloneses que as tiñan no seu Liceo.

Os nomes dos artistas

Aquela célebre frase de que a natureza imita á arte, fixose realidade moi pronto no cine que, nun principio, imitaba a vida, pero chegou un momento en que, a influencia del sobre o espectador foi tan grande que a vida imitou ó cine.

Tal fenómeno notouse primeiro nas mulleres, non sei se por seren más influenciables ou por seren más valentes e más desinhibidas que os homes. A cousa é tan patente que, a moitas delas chamábanles polo nome da artista á que pretendían imitar e así tivemos unha Bette Davis, unha Greta Garbo, etc. etc.

Os homes tardaron algo máis pero tamén houbo, ou hai: Angelillo, Tarzán, Tyrone e moitos outros.

Naturalmente, en Betanzos, ó igual que no resto do mundo, o cine que máis impacto causou foi o norteamericano, aquel que se facía en Hollywood, a Meca do cine, como lle chamaban. Os artistas tiñan nomes extranxeiros e nós pronunciabámoslos utilizando a prosodia castelá. Andando o tempo apareceron algúns con certas nocións do idioma inglés e amosaban moita fachenda pronunciando aqueles nomes ó xeito saxón e moitas veces non había forma de recoñocelos. Un día o tristemente desaparecido Francisco Carlos Seixo, actor afeccionado que actuaba baixo os nomes artísticos de Carlines ou Farruco, fixo un cómico comentario do problema que se presentaba coa utilización dunha prosodia ou da outra e puxo varios exemplos, dos que eu non recordo máis que tres e non literalmente co que perden moita gracia: Oin dicir que o nome de Bette Davis había que pronuncialo Bet Deivis, tamén podería ser *Vete Davís!*; outro é o dese actor tan forte, que en tódalas películas reparte porrazos e puñadas a cachón, que sempre lle chamamos Wallace Beery, que agora hai que chamarlle Uelas Bir, un home tan contundente, ¿como vai estar a *Velas Vir*?; o que ainda non me dixerón é como se pronuncia James Cagney, pero supono que será *Xamescoñei*.

Xa o dixo o señor Jaime

Tódolos días do ano había reunión de rapaces nas immediácionés do Alfonsetti. Se o tempo estaba malo no portalón do cine e se estaba bo nas escaleiras que dan acceso á igrexa de San Domingos. Alí falábbase de todo pero máis que nada de fútbol e de cine. Moitas veces os rapaces gozabamos da presencia do señor Jaime, estoume a referir a D. Xaime Pita Otero, que era quen máis sabía en ámbolos dous temas, xa que el fora futbolista nos seus tempos e, en canto ó cine poderíase dicir que nacera nel. Ademais, como el asistía as proxeccións das películas en versión orixinal, explicábanos as escenas que a censura suprimira. Era tal a admiración do seu auditorio que, cando alguén facía algún comentario e os demais o poñían en dúbida, dicía aquel: «Xa o dixo e señor Jaime». Entón acabábbase a discusión.

Nas conversas sabía sair airoso dalgúns compromisos e contradiccionés, como por exemplo: O día 28 de decembro de 1941 proxectouse no Alfonsetti a película *Cena a las ocho*, segundo se pode comprobar no apéndice correspondente deste libro. A película estaba interpretada, entre outros, polos irmáns Barrimore: John, Ethel e Lionel, Jean Harlow, Clark Gable, Myrna Loy e un longo etcétera. O señor Jaime fixera unha propaganda ó nivel das más grandes superproduccións e a película resultou pesada, aburrida e incomprendible.. Ó día seguinte sacámo-la conversa e botámosselle na cara que nos enganara daquela maneira, louvando tanto, como dixo un: Unha cea longa, sosa, mala e cara, coma se fora nun bo restaurante. El contestou: Fixádevos ben no día que era onte. Non foi máis que unha inocentada.

A guerra dos prospectos

Conforme aparece no capítulo XXI deste libro o día 17 de outubro de 1942 inaugurouse o Gran Cine Capitol. Con esta inauguración estableceuse unha competencia entre os dous cines. Cada empresa trata de contratar as mellores películas. Pasado certo tempo parece que o Alfonsetti se decanta pola Twenty Century Fox e o Capitol pola Metro-Goldwin-Mayer, que naquel momento eran as que estaban producindo o mellor material, repartíndose as demais productoras. Pero onde se declarou unha verdadeira guerra foi nos prospectos que ámbolos dous cines repartían para cada película. A maioría destes prospectos ou «programas» como dicían os rapaces que os repartían, traían polo anverso unha reproducción do «affiche» ou cartel grande anunciador, a toda cor, e polo anverso o nome do local, data e horario das funcións e, a continuación, o texto propagandístico da película no que utilizaban a mellor literatura de que dispónía o redactor naquel momento. Vexan un par de exemplos do Teatro Alfonsetti:

«Fué anarquista y ateo pero construyó La Catedral de los pobres (La Sagrada Familia), cambiando su vida y su alma GAUDI nombre de un genio y de una película digna de su nombre».

«TIBURONES DE ACERO en lucha con el enemigo. Una misión cuyo cumplimiento equivalía a la muerte. Un relato que le estremecerá por su realismo. Aventuras de muerte y heroismo. Una bella página de amor y de guerra».

A continuación outro par de exemplos do Gran Cine Capitol: «LA LOLA SE VA A LOS PUERTOS (...) obra y gracia de la bellísima actriz y maravillosa cantante JUANITA REINA, que canta siete preciosas canciones, la mayoría de las cuales constituyan el repertorio de la jira que hizo este verano por España actuando en el Rosalía de Castro de La Coruña, donde las cantó con éxito jamás igualado. A cuatro duritos se pagó en el variété lo que usted escuchará en el cine por cuatro pesetas.»

«SABELA DE CAMBADOS. Escenas en Guisamo... en La Coruña... en Sada... en Los Caneiros... tipos enxebres animados por Xan das Bolas... galleguiñas garimosas... novios y maridos calaveras...»

Pero non pensen que aí acababan os prospectos, eran longos, case interminables.

Claro que a frase máis xenial das aparecidas nestes prospectos, foi unha que xurdíu nesta circunstancia: Levaba varios anos o Alfonsetti que o día dos Alborotados proxectaba sempre a mesma película, que era a titulada AMOR SOBRE RUEDAS, interpretada por Pepe Blanco e Carmen Morell, cantantes de moito éxito naquela época. E unha vez apareceu no programa o seguinte: «La empresa no la recomienda, pero el público la reclama.»

Betanzos e betanceiros filmados

No capítulo XVIII deste libro dase conta dunha filmación realizada na bisbarra betanceira no ano 1933. A xa citada *Sabela de cambados*, inclue moitas escenas rodadas na nosa cidade e nos seus arredores, podéndose ver como extras a moitos betanceiros e betanceiras. *La Campana del Infierno*, de Guerín, quen morreu rodándoa en Noia, ten tamén escenas filmadas en Betanzos, concretamente na igrexa de San francisco o que deu lugar a varias anécdotas como a ocorrida ó entraren algunas señoras a cumplir coas súas devocións relixiosas, sen saber nada do que alí se estaba levando a cabo e atoparse con xente coñecida,

pero non precisamente polo cumprimento dos preceptos da Santa Madre Igrexa, adoptando naqueles momentos unhas actitudes extremadamente piadosas e devotas. Eran os extras contratados para a película.

Ana Mariscal foi unha famosa actriz cinematográfica e agora está triunfando no teatro. En certa ocasión tivo unha experiencia no eido da realización e dirixiu unha película titulada *Segundo López*, con actores non profesionais. Esta película foi presentada en Betanzos pola mesma realizadora no Cine Capitol dun xeito moi ameno e salpicado de anécdotas, das que non foi a menos curiosa a de que se atopaba na sala, naquel momento un betanceiro, Darío Manuel Pérez Barreiro, que actuaba na película, advertíndonos que era un que abría a porta dun café e entraba nel. Puidemos comprobar que o fixo sen fallos, tropezóns nin titubeos.

Esperanza.- Cando se temía que o día en que desaparecería Ricardo Núñez perdería Betanzos toda vinculación coa séptima arte, xurde aquí un realizador cinematográfico: Xosé Carlos Soler, excelente guionista, con toda a forza e o pulo da súa xuventude. Fillo duns bos amigos e xa agora tamén amigo el, quen leva estreado dúas cortometraxes, con guión del mesmo, tituladas *O párroco embaucado* e *Tornabón*, que acadaron un éxito espectacular. Gracias Carliños por chegar a tempo de pilla-lo relevo e conservar este cordón umbilical que une a Betanzos co CINE.

Caixón de xastre

Televisión.- De momento non conseguiu matar ó cine pero feríuno de gravidade.

Domingos.- A relixión Católica adicou a Deus o día do domingo, pero moita xente adicouno ó cine, na época do seu apoxeo. Se antes se citaba os domingos á saída da misa das doce ou da hora que fora, despois era antes ou despois da función das oito. Anque aquí, mais que pola hora, coñeciamos as funcións como, primeira, segunda e última. A primeira tamén era coñecida pola dos cativos, xa que asistía unha maioría de nenos. Ós cines tampouco se lles coñecía polo nome propio, senón como Cine Vello e Cine Novo. Algunhas veces facían función infantil ás tres e media da tarde. Nelas sesións cheas de cativos vin marabillas como *El maquinista de la general*, de Buster Keaton, *El domador de pulgas*, de Max Linder, *Quesos y besos*, de Stan Laurel y Oliver Hardy e outras moitas de Harold Lloyd, Fatti, etc, etc.

Música de fondo .- Así se lle chama a esa música das películas que non teñen a calificación de musicais. Nesa especialidade destacaron moitos músicos excepcionais como Irving Berlin, Cole Porter, Aaron Copland e moitos máis. Entre eles figura un arxentino, Isidro Maiztegui, que estivo unha tempada en España e fixo a música de *La muerte de un ciclista*, de Bardem, e *Viento del Norte*, de Momplet. Esta última está baseada na novela homónima de Elena Quiroga e a acción desenrolase en Galicia, concretamente en Ortigueira. Maiztegui estivo certo tempo recorrendo o noso país co fin de inspirarse para a música da película. Un día paseando polas rúas de Betanzos atopouse con Manuel Roel Longueira, betanceiro de pró que botou moitos anos axiliado na Arxentina, onde foran amigos. Isidor Maiztegui dirixiu a coral Terra a Nosa, do centro de Sada en Bos Aires e foi fundador, en unión do tamén compositor betanceiro Carlos López «Chapa», do coro Os rumorosos, do Centro Betanzos.

Tumulto.- Durante a guerra civil houbo en Betanzos un Hospital de Sangue, que así se chamaba ós centros sanitarios que atendían unicamente feridos de guerra. Entre eles había moitos mouros. O día que se proxectou a película *De la sartén al fuego*, que debía ser francesa e tiña un argumento bélico onde os bos eran os soldados da Lexión Francesa e os malos os mouros, armouse un alboroto no Alfonsetti, provocado por estes que, por sorte, non tivo consecuencias graves.

Chistes.- O cine tamén deu pé para chistes bos, malos e regulares, por exemplo o de aquel que, ó comenza-la película ve o «león» da Metro Goldwin Mayer, levántase da butaca e di: esta xa a vin. O outro que discutía que non era «león», que era «leona» porque estaba en cinta. E aquel outro que entrou na sala cando xa estaba empezando a película e ó achegarselle o acomodador coa lanterna acesa fuxiu correndo por medo a que o pillara a bicicleta.

Espectador de excepción

Certo día que, inda que non era festivo, había cine no Alfonsetti, a iso das dez e media da noite, uns rapaces viron pasar pola Ponte Vella un raposo que parecía fuxir de algo ou de alguén. Atravesou a ponte e meteu-se pola Fonte de Unta. Algunxs dos rapaces foron seguíndoo ata a Praza do Campo e alí, como había máis xente asustouse o animal, botou a correr, subiu as escaleiras de San Domingos e meteu-se dentro do cine sen que ningún dos que estaban dentro se percataran, nin os porteiros que estarían vendo a película. Os que viñan tras do raposo avisaron do feito e, entre os empregados do cine e un garda civil que estaba de espectador, puxérонse a buscar a alimaña co máis grande sixilo para que a xente non se desbandase. Logo de moito buscar atopárono detrás da pantalla. O garda civil disparoulle doux tiros, pois do primeiro non lle acertou. Acenderon as luces, pretenderon explicarlle ó público o que pasara e que non había perigo ningún, pero a xente erguéuse e marchou, acabándose a función.

Por uns días non se comentaba outra cousa en Betanzos e ningún entendía como puido un raposo meterse no cine. A cousa non é tan rara e ten fácil explicación. O raposo é un animal moi listo e aquel moito más, xa que sabía que en todo cine hai un *galiñeiro*, que así se lle chamou sempre en Betanzos á localidade de «general».

E ata aquí chegaron os recordos e as lembranzas que suscitou en min este libro que vén a continuación, e dolle-las más expresivas gracias ós seus autores pola honra e o don que me fixeron dándomolo para ler e pedíndome que o prologara, feito que, para min, non constituiu ningún traballo, ningún esforzo senón todo o contrario, unha regalía, un enorme pracer ó rememorar tantas e tantas cousas, as más delas dormidas nese baul dos recordos de que todos falamos e decimos que temos no faiado da casa, pero que está na cabeza de cada quen, anque moitas veces hai que poñela en marcha por medio dunha conversa, dunhas fotografías ou dun libro coma este que é o compendio das duas cousas. Repito as gracias por provocarme estas lembranzas e que ningún esqueza que *recordar é volver a vivir*.

Xulio Cuns Lousa

I

Introducción



Fig. 1.- Betanzos na primeira metade da década de 1890. Fotografía de F. J. Martínez Santiso.

O mundo que coñecían os betanceiros da segunda metade do s. XIX e principios do s. XX ampliouuse considerablemente a través da fotografía, que derivaría ó remate na aparición do cinematógrafo.

As «cartes-de-visite»¹, as postais, tal como hoxe as coñecemos, e as vistas estereoscópicas, tiveron boa parte da culpa. Naturalmente, a isto hai que engadir as viaxes, que se incrementaron, tanto pola necesidade de emigrar como polas maiores facilidades que ofrecían determinados avances técnicos: barcos de vapor², ferrocarril³, primeiros automóbiles⁴, etc. Pero é que ademais non podemos

¹Atopamos en casas da élite burguesa local cartes-de visite desde a década de 1860.

²Anuncio no periódico de Betanzos *El Pueblo* o 6-XII-1900: «Viajes a América en cualquiera de los vapores que hagan la carrera á la Habana, Méjico, Brasil y Buenos Aires ó algún otro punto de la América del Sur, diríjase en Betanzos á D. Edelmiro Moreno, Fuente de Unta Núm. 3».

³ERIAS MARTINEZ, Alfredo. «A chegada do ferrocarril a Betanzos». *Anuario Brigantino* 1983, nº 6, Concello de Betanzos, 1984, pp. 85-100.

⁴«Están para terminarse las obras de los almacenes que para los automóviles de esta ciudad al Ferrol, están construyendo en la Avenida de Linares Rivas. Nos aseguran que dichos vehículos empezarán a funcionar en la primera quincena del mes entrante». *El Pueblo*, 4-VIII-1900.

«El martes próximo pasado á la una de la tarde llegó á esta ciudad, procedente del Ferrol, uno de los automóviles de la empresa El Oriente conduciendo al Ingeniero encargado de la inspección de los mismos. Regresó á Ferrol á las tres de la tarde». *El Progreso*, 4-XI-1900.

«Desde el 1 de Noviembre empezaron á circular entre esta ciudad y la de Ferrol los Automóviles. De la espendeduría de los billetes, está encargado el que antes era de los coches de la misma empresa, D. Laureano Andrade, dueño de la fonda La Universal. Estos vehículos saldrán todos los días para Ferrol á las siete de la noche, y costarán sus billetes en interior 6 pesetas y en berlina 7,50 pesetas; el servicio de equipajes y viajeros de esta empresa desde la Administración á la estación del ferrocarril estará á cargo de los coches El Veloz, propiedad de Ginés Almodóvar». *El Progreso*, 4-XI-1900.

esquencer a existencia de auténticos turistas, xente en boa posición económica que, como no caso dos irmáns **García Naveira** ou de **don Bernardo Carro**, logo de ser emigrantes e voltaren ricos, rematan viaxando polo mundo por puro placer. O telégrafo xa chegara, segundo o periódico local *El Valdoncel*, o 1 de maio de 1858.

Por outra banda, vemos a proliferación de revistas gráficas que, como *La Moda Elegante*, *La Ilustración Española y Americana* e outras, traían a moda de París e unha visión máis real e inmediata do mundo a través das súas magníficas ilustracións, a base de debuxos e gravados primeiro, e de fotografías máis tarde.

Ademais, en Betanzos funcionaba desde 1861 o «Liceo Recreativo», que contaba cun chamado *Gabinete de Lectura*. Soamente na etapa 1861-1874 se documentan alí os seguintes periódicos:

«*La Discusión* (demócrata, dirigido por Pi i Margall), *Diario Español* (unionista moderado), *La Iberia* (progresista), *Época* (unionista moderado), *La Esperanza* (absolutista-carlista). En 1863 se sustituye *La Esperanza* por *El Pensamiento Español* del mismo matiz. En este mesmo año se incorpora *El Diario de Sesiones del Congreso de Diputados* junto con *Reino y Democracia* (fundado por Castelar y opuesto a *Discusión*). A partir de 1864 se añaden: *España*, *Eco del País*, *Soberanía Nacional* (republicano) y *España Pública*. Durante el Sexenio Revolucionario existe una pluralidad ideológica, periódicos de información general y prensa de carácter político; en menor medida está representada la prensa cultural... A los títulos anteriormente citados se añade *El Avisador*, *La Revista de Galicia* (1866) y *La Igualdad* (1870)»⁵.

Para a cidade, a influencia de París e de Francia en xeral é moi grande ó longo do s. XIX. Isto non é, naturalmente, unha excepción, pero quizais aquí ten aspectos particularmente salientables. O propio «Globo» (hoxe considerado como o máis grande do mundo feito de papel), que se lanza ás 12 da noite do 16 de agosto polas festas de San Roque, evidentemente é de orixe francesa, posto que dalí veu o invento⁶; ademais documéntase xa en Betanzos no 1814, con motivo da festa que se fixo pola onomástica do Rei **Fernando VII**, e ó longo de todo o s. XIX e XX.

Aproximadamente entre 1865 e 1920 tivo lugar na cidade o fenómeno dos *ensanches* (nome que aparece nos documentos), orixinado ou potenciado polo

⁵RODRIGUEZ OTERO, M^a Angeles. «El Liceo Recreativo de Betanzos: 1861-1874». *Anuario Brigantino* 1989, n^º 12, Concello de Betanzos, 1990, p. 151.


⁶O primeiro globo dos irmáns **Montgolfier** ascendeu no 1783 e en España botouse un tripulado por primeira vez en 1792, sendo Rei Carlos IV. O pasaxeiro foi un italiano chamado **Lunardi** que se enriqueceu repetindo a experiencia por diversos lugares. A partir destes primeiros espectáculos, o globo extendeuse pola xeografía española, sendo a estrela de festas tanto políticas como relixiosas. En todas partes, nembargantes foi desaparecendo co paso dos anos, menos en Betanzos que ainda permanece hoxe, sendo lanzado de xeito primitivo, tal como o fixeran os **Montgolfier**. ERIAS, Alfredo e outros. *El Globo de Betanzos*. Madrid, Goya Estela, 1996.

FONTAINE DE DIANE A LA BICHE



Échelle de 0^m 05 pour mètre

Plan au quart



hauteur totale 4^m 70

Fig. 2.- Modelo 224 do catálogo da casa "J.J. Ducel et Fils" de Paris que serviu de referencia para a construccion da Fonte de Diana, inaugurada en Betanzos o 19 de novembro de 1867.



Fig. 3.- Diversos modelos de "La Moda Elegante" (22-XII-1875), que se recibía e se copiaba en Betanzos. Esta revista, editada en Madrid, trasladaba para "señoras" e "señoritas" a moda de París. No Museo das Mariñas poden verse exemplos reais disto.

mimetismo dos que se facían no París de **Napoleón III** (Campos Elíseos...); aquello víase como un síntoma do progreso e derrubouse a Porta da Vila (1872), o mosteiro de San Francisco (1872 e anos seguintes), case tódolos soportais da Rúa da Praza ou do Castro, etc.⁷.

Desde 1866-67 atópase na Praza do Campo unha fonte de ferro fundido, coroada por unha reproducción da Diana Cazadora de Versalles e traída toda ela de París a petición do Concello.

Tamén no ensino local está presente París: o 30-V-1872 (actas capitulares do Concello) documéntase a adquisición de «Varios efectos para el Instituto de Segunda Enseñanza Libre...», mercados na capital francesa a través da «Casa de los Señores Palla y Compañía de la Coruña».

O estilo arquitectónico historicista chamado *Segundo Imperio*, típicamente parisino (aínda que exportado a todo o mundo), ten en Betanzos un exemplo claro na casa dos irmáns **García Naveira**, feita arredor do 1897 polo arquitecto coruñés **Ciórraga**.

⁷ERIAS MARTINEZ, Alfredo. «O fenómeno dos ensanches en Betanzos, do ano 1870 ó 1920. *Ideal Gallego*, 11 e 12-XI-1982.



Fig. 4.- Cabeceira de "Le Journal des Demoiselles", publicación parisina de modas que se lia en Betanzos.

Non hai moito atopamos na cidade revistas de moda francesa, unha en castelán do ano 1875, *La Moda Elegante* (da que existen bastantes exemplares no Arquivo Municipal de Betanzos) e outra, en francés, do 1911 (*Le Journal des Demoiselles*, editada en París). Os mesmos modelos están reflexados nas fotografías de betanceiros dese tempo.

O *Art Nouveau* vese, así mesmo, en distintos ornamentos arquitectónicos da localidade e tamén temos algunha representación da arquitectura dos enxeñeiros (coa que fixo maravillas **Eiffel**) no Lavadeiro das Cascas (mandado facer polos irmáns **García Naveira** no 1901) e na Ponte do Ferrocarril (fundida en Barcelona no 1905 e en funcionamento desde 1907).

E se falamos de viaxes e viaxeiros de Betanzos, necesariamente temos que referirnos ós irmáns **Juan e Jesús García Naveira**. Estes betanceiros emigraron a Arxentina⁸ e voltaron logo ricos (sobre todo D. Juan), enchendo a cidade de múltiples obras benéficas de tipo popular. Foron famosas as súas viaxes de 1899 por Europa (Burgos, Vitoria, San Sebastián, París, Suiza, Milán, Turín, Venecia, Florencia, Roma, Nápoles, Pisa, Génova...) e a de 1910 a Exipto. Desas experiencias deixou **D. Juan** cumprida mostra no «Pasatiempo», magníficamente definido como «parque enciclopédico» por Luis Seoane⁹. Nese monumento salientanse de xeito evidente os elementos que daquela definían o progreso: aviões, dirixibles, automóveis, buzos...

En Betanzos, o achádego dun lote de fotografías estereoscópicas de principios do s. XX, permítenos amplia-la nosa perspectiva do mundo das imaxes a nivel

⁸**D. Juan** foise no 1869 e voltou no 1893, residindo na cidade ata a súa morte, o 9 de marzo de 1933 (tiña 84 anos), e **D. Jesús**, que marchou no 1871, viaxou en diversas ocasións á casa de seu irmán en Betanzos, pero morreu en San Nicolás de los Arroyos (Arxentina) o 24 de marzo de 1912, ós 59 anos de idade.

⁹CABANO, Ignacio; PATO, Luz; SOUSA, José. «El Pasatiempo (I)». *Anuario Brigantino* 1986, nº 9, Betanzos, 1987, p. 97 e ss.




Fig. 5.- A estación de ferrocarril "Betanzos Pueblo" na liña Betanzos-Ferrol, inaugurada o 5 de maio de 1913, áinda que xa funcionaba desde 1907. A liña Palencia-A Coruña (con estación en Betanzos Infesta) xa se inaugurara no 1883. Fotografía de Francisco J. Martínez Santiso arredor de 1913.

local. Pola súa banda tamén poidemos ver na casa do artista betanceiro, **D. Jesús Núñez** e noutras artiluxios que servían para observar con efecto tridimensional estas fotografías.

Máis tarde, arredor de 1934-35 atopamos outras fotografías estereoscópicas, pero éstas de tema local, na casa de **dona Rosina Martínez** e as mesmas tamén na de **D. José García**. É probable que a visión de fotografías estereoscópicas só fora algo reducido ás familias da élite burguesa e intelectual, pero en calquera caso estes datos demostran que ese invento non era nin moito menos descoñecido no Betanzos de comenzos e primeiras décadas do s.XX e permitía ter unha visión máis próxima do mundo: paisaxes, monumentos, cidades, grandes acontecementos, ilustres personaxes...

Todo o dito non pretende, naturalmente, presentar Betanzos como unha cidade no cumio do progreso. De feito, e desde o punto de vista económico, non está moi lonxe da cidade medieval que sempre foi, se ben se engade de maneira excepcional algúns indicio de industria, como no caso dos «curtidos» que, por outra banda, rematarían nas primeiras décadas do s. XX. Pero, áinda como cidade medieval, non hai que esquerer que se compón dun núcleo amurallado e máis dun campo de



Fig. 6.- O Campo da Feira arredor de 1900. Á esquerda destaca a casa dos irmáns García Naveira (indianos benefactores), recén rematada, que segue o estilo arquitectónico francés chamado Segundo Imperio.

feira, o que implica un trafego continuado de xente e mercancías dos puntos más diversos.

E se a isto engadimos que ten moi boas comunicacions e unha situación privilexiada na costa, perto de grandes cidades e vilas, comprenderase máis doadamente que por Betanzos, pasasen sen dificultade tódolos aires que marcaron as modas. Cousa diferente é descubrir en que grao estes cambios foron assimilados pola vella sociedade brigantina. Pero insistimos en que os brigantinos, aínda que agricultores e mariñeiros, son tamén artesáns e, sobre todo, comerciantes, ligados ó devir permanente das feiras e dos mercados. E os comerciantes e en xeral toda esta pequena burguesía, son xente aberta ás novidades. Non nos pode extrañar, polo tanto, que o cinematógrafo fose aquí ben acollido, de forma case inmediata á súa chegada á Coruña.

MEMORIAS
de
UN VIAJE IMPROVISADO

por
ROGELIO BORONDO



BETANZOS
LIBR. DULCE DE CASTRO
1900.

Fig. 7.- Este libro recolle as incidencias da viaxe dos irmáns García Naveira e Rogelio Borondo por Europa no 1909.

GLO

BOS

FAROLES Y FLORES.

Se hacen globos en colores y blancos, desde cinco reales en adelante, formas variadas y caprichosas.

Se construyen farolillos para iluminaciones á la veneciana.

Flores artificiales para adornar iglesias.

PLAZA DEL CAMPO.—Casa de Claudino Pita.

Fig. 8.- Primeira imaxe que temos deste invento francés que fixemos noso: o Globo de Betanzos, que se lanzaría por primeira vez no 1814. "La Libertad", 4-IX-1886.




Fig. 9.- A Porta da Vila pouco antes da súa destrucción no 1872 como consecuencia da moda francesa dos ensanches. Debuxo de F. J. Martínez Santiso sobre outro de Manuel García Faílde.

A inauguración do Teatro A Ifonsetti

O Teatro Alfonsetti non só será o escenario da primeira proxección cinematográfica en Betanzos no 1897, senón que ademais alí terán lugar a maior parte destas proxeccións ata 1942, ano da inauguración do «Gran Cine Capitol». Pero o Alfonsetti permaneceu e mesmo sobreviviu ó Capitol, manténdose hoxe como o único cine da cidade.

Son razóns, polo tanto, máis que suficientes como para que nos paremos nas orixes deste teatro que xa cumpliu o seu centenario e agora o cumpre tamén como cine.

Todo empezou cando os militares **don Mariano Alfonsetti**, «Capitán del Batallón Depósito de esta Ciudad» e **don Francisco Pardo y Pardo**, «Teniente de Carabineros en la misma», solicitaron do Concello que lles concedera no «Exconvento de Santo Domingo, propiedad del Ayuntamiento, el local que en la planta baja del citado edificio y hacia el aire Oeste del mismo se halla entre el claustro del indicado aire y parte esterior del edificio por debajo de las habitaciones que ocupa el Colegio privado de segunda enseñanza».

O Concello, segundo as cláusulas da instancia (que non coñecemos), acordou en sesión do 21 de agosto de 1882¹⁰ acceder á petición. Pero para levala a bo porto, o primeiro que houbo que facer foi retira-la pedra de «cantería» e «pizarra»



Fig. 10.- Don César Sánchez San Martín, Alcalde de Betanzos nos anos 1882-84, 1886-91 e 1899-1905. Con el inaugurouse o Teatro Alfonsetti o 12 de novembro de 1882.

¹⁰AMB, *Libros de actas capitulares*, 1882, f. 53v. e 54r.



Fig. 11.- A Praza do Campo a finais do s. XIX coa procesión do Santo Enterro. Ó fondo o convento de Santo Domingo coa entrada ó seu adro, por onde se accede ó Teatro Alfonsetti (porta en arco de frente). Fotografía quizais de F. J. Martínez Santiso.

que estaba almacenada no lugar elegido, destinada á «recomposición de las calles públicas» ou para «invertir en otros usos propios del común». Ó mesmo tempo acordouse «se signifique á los Sres. **Alfonsetti** y **Pardo** lo muy satisfecho que se halla el Ayuntamiento del pensamiento... de proporcionar á esta Ciudad, inocente y grato solaz con las funciones públicas teatrales que se proponen dar en el referido local, y por la idea que tienen de habilitar este...»

Pero ademais de retirar esta pedra houbo que derrubar «las paredes interiores de dicho local, extrayendo del mismo la piedra de ellas y escombros á los puntos previamente designados». O 9-XI-1882 o Concello aproba os gastos que estas obras supuxeron¹¹.

Así pois, cun local bastante deficiente (o chan era de terra...), o **12 de novembro de 1882** tivo lugar o gran acontecemento: a inauguración do «Teatro Alfonsetti», que así se chamou.

¹¹AMB, *Libros de actas capitulares*, 1882, f. 77v. e 78r.

GLORIA AL POETA Y Á LOS ACTORES.

Poesia leida el dia de la inauguracion del
TEATRO ALFONSSETTI.

1.^o

Si grande fué Calderon,
Y otros que el arte hoy admira,
Al sonar en su aurea lira
Notas de su inspiración.
Si aquella imaginación
Como el espacio infinita,
Lauro eterno necesita
Que eternice su memoria;
¡Digno tambien es de gloria!
Quién sus obras resueta!

2.^o

El Poeta, en su escondida
Mansión, la comedia escribe:
¡Allí está muerta!... no vive!
Y aquí el actor le da vida;
Allí con frase medida,
Pinta el vicio y la honradez,
El lujo, la desnudez,
Amores, odios, y guerra;
Y todo cuanto en la tierra
Pasa del tiempo al través.

3.^o

Y tanta escena traida
Al papel con hábil pluma,
Toman aquí, una, por una,
Color, movimiento, y vida;
Aqui se vé el fraticidea
Punal, que á D. Pedro mata,
Aqui la venganza grata
De aquella Cava ultrajada;
Y todo en esta morada
Fielmente el actor retrata.

4.^o

Y és tal la verdad de quanto
Se representa en la escena,
Que ora el público se apena
Ora aplaude, ó vierte llanto.
El entusiasmo entre tanto
Interesa á los actores;
Y aplausos, coronas, flores,
Elles recogen por fruto,
Que éste es el mejor tributo
De sus mil admiradores.

5.^o

¡Gloria pues cante mi lira
Al actor como al poeta!
¡Gloria á Irene y á Enriqueta!
A quienes el arte admira!
Dos almas son donde anida
El fuego de la poesía,
Dos torrentes de armonía
De Iuz, de aroma y colores;
Son dos purpurinas flores
En el vergel de Talia.

Noviembre 12 de 1882.

CONSTANTINO ARES.

Imp. de LA VOZ DE GALICIA.

Fig. 12.- Impreso para a inauguración do Teatro Alfonsetti.

Sobre o que alí pasou ese día contamos cun impreso poético¹², pero tamén coa propia valoración do Concello:

«Por el Señor Alcalde Presidente [D. César Sánchez San Martín] se espuso; que los Señores Dn. Mariano Alfonsetti Capitán del Batallón Depósito de esta Ciudad, Dn. Francisco Pardo y Pardo Teniente de Carabineros en la misma, y los simpáticos jóvenes de ella D. Roque Ponte Peña, D. José Castro Ares y D. José Nuñez Pirotto, con la Señora Da. Yrene Adam esposa de dicho Sr. Alfonsetti, y la Señorita Da. Enriqueta Alfonsetti han conseguido organizar una sección de declamación con el fin de dar funciones teatrales en esta Ciudad. Además y á pesar de las muchas dificultades con que tropezaron, y únicamente con el producto de varias funciones teatrales que han dado en la Sociedad Liceo Recreativo, y de algunos anticipos que hicieron diferentes personas de esta Ciudad así bien han conseguido construir un teatro en el local que esta Corporacion les concedió...; cuyo teatro si bien, hoy por hoy, debido á la falta de recursos, carece de algunas cosas como decoraciones y mobiliario necesarias para que la representación de los dramas y comedias que en él se pongan en escena salgan con la perfección que los autores de las mismas recomiendan y exigen, cuenta no obstante con los mas indispensables para poder representar en él, habiéndose... puesto ya en el mismo en escena por dichos Señores algunos dramas y comedias, desempeñando aquellos sus respectivos papeles con la mas esquisita perfección, acierto y delicado gusto agradando en extremo á las muchas personas que asistieron á las mismas.

Que la conducta de los referidos Señores que componen la mencionada sección de declamación, y muy especialmente la del Sr. Alfonsetti, su señora esposa y señora hermana, que sin ser de esta Ciudad ni contar en ella con individuo alguno de su familia, aunque sí con numerosos amigos que en el mismo se ha captado por su bello carácter y distinguido comportamiento, no puede ser mas digno de loa, tanto mas cuanto que en la construcción de dicho teatro y formación de la mencionada sección de declamación no se llevaron ni llevan otras miras ni intereses mas que el de proporcionar á los habitantes de esta localidad un centro donde todos puedan confundirse sin distinción de clases, siquiera no sea mas que por un corto espacio de tiempo y gozar por igual del grato solaz que las funciones teatrales ofrecen con las cuales se difunde entre



Una Escuela de Declamación en Betanzos

Firmada por "Bellsario", apareció en la revista "Liceo Brigantino", órgano de las secciones de literatura, ciencias, música y declamación de la sociedad coruñesa del mismo nombre, que tenía su domicilio en la calle de la Franja, en su número 10 de octubre de 1882, una crónica de Betanzos en la que se da cuenta de la fundación de una Escuela de Declamación en aquella histórica ciudad. De ella extractamos lo más interesante:

"Debido a la iniciativa y entusiasmo de un aficionado al arte escénico, —el señor Alfonsetti— se ha creado en Betanzos una sección de declamación, que con aplauso de todos los vecinos de aquél pueblo hace tiempo ya funciona. Para sus primeras funciones se habilitó un local en los bajos del Archivo, siendo obra de los individuos de la sección el arreglo y pintura del escenario; y más tarde, vista la aceptación que alcanzó este espectáculo, se trasladó al teatro que en el piso principal tiene una de las so- ciétades.

A pesar de lo pequeño que es el escenario, hemos tenido el gusto de ver en escena el magnífico drama de don Mariano de Larra "Estado al natural", que alcanzó una interpretación muy cumplida.

Las señora y señorita de Alfonsetti en los papeles de Isabel y de Matilde, han rayado a grande altura, diciendo y matizando sus papeles con admirable verdad y precisión, poniendo las labores con naturalidad y risultando con suma elegancia. El papel de coronel, estaba confiado al señor Alfonsetti, que nos que un aficionado nos demostró ser un consagrado actor, como asimismo dieron realce a sus papeles de Eduardo y Carlos los señores Ponte y Castro.

Para fin de fiesta se puso en escena la jocosa pieza en un acto de don Narro. Escena "Los dos sordos", que alcanzó muchos aplausos.

Con la creación de esta sección de declamación, Betanzos, que siempre tuvo una parte muy importante en el movimiento cultural de la región, seguía una trayectoria que venía ya desde tiempos medievales. No hay que olvidar que la famosa María Pérez "La Balteira". Aquella distinguida betanzera que tanto favor tuvo del Rey Sabio, fué maestra en el difícil arte escénico, por lo que pasó á la posteridad.

¹²ARES, Constantino. «Gloria al Poeta y á los Actores. Poesía leída el día de la inauguración del Teatro ALFONSETTI». AMB, c. 968.

Fig. 13.- Recorte de prensa.

aquellos, y sobre todo entre las personas que por falta de recursos no pudieron recibir una perfecta instrucción y esmerada educación, los gérmenes de la moderna civilización y se despiertan en sus corazones honrados y levantados sentimientos, apartándose así de los vicios que casi por necesidad tienen que adquirirse en poblaciones que, como esta, carecen de suficientes centros de instrucción y recreo, pues la tendencia de dichos Señores de la sección de declamación no es otra mas que la de poner en escena dramas y comedias de morales costumbres que patentíen y hagan comprender que ciertos vicios y defectos no conducen á otra cosa mas que al crimen y á la deshonra de los individuos y hasta de las familias que tienen la desgracia de ser arrastradas y verse rodeadas de ellos. Que siendo como es cierto todo lo espuesto creía muy conveniente y hasta un deber de la Corporación dar á dichos Sres. un voto de gracias... á los referidos Señores **Dn. Mariano Alfonsetti, D. Francisco Pardo y Pardo, Dn. Roque Ponte Peña, Dn. José Castro Ares, D. José Nuñez Pirot, Da. Yrene Adam de Alfonsetti** y la Sta. Da. **Enriqueta Alfonsetti...**»¹³



Fig. 14.- Entrada lateral ó adro de Santo Domingo por onde se accedia tamén ó Teatro Alfonsetti. Fotografía de finais do s. XIX ou principios do XX.

Xa na sesión do 4-XII-1882¹⁴ o concelleiro **D. Juan Pedro Lissarrague Etchard** propón unha serie de obras no local, entre elas: «hacerle un piso aunque sea de madera de pino, y recebar sus paredes interiores»...

En fin, o Teatro Alfonsetti xa naceu e fixoo no inicio dunha etapa de grande efervescencia social e cultural na cidade: no ano seguinte (1883) apareceu o semanario *EL CENSOR* (dirixido precisamente por **D. Roque Ponte Peña**, un dos que estivo no nacemento do teatro), o primeiro dunha longa lista de periódicos que deixaron constancia da vida dos betanceiros de finais do XIX e principios do XX; outro elemento definidor dos novos tempos foi a chegada do ferrocarril (liña Palencia-A Coruña), inaugurado tamén ese 1883¹⁵ ...

Se seguimos atentamente as páxinas dos novos periódicos, decatámonos que o teatro xa non deixa de abrir ó público por moito tempo¹⁶. A partir de agora haberá

¹³AMB, *Libros de actas capitulares*, sesión ordinaria de 27-XI-1882, f. 80v e ss.

¹⁴AMB, *Libros de actas capitulares*, 1882, f. 83 v. e 84 r.

¹⁵ERIAS MARTINEZ, Alfredo. «A chegada do ferrocarril a Betanzos». *Op. cit*

¹⁶*El Censor*, 22/28-XII-1883, 5/12/19/26-I-1884, 2/16/23-II-1884...)




Fig. 15.- O Cine Alfonsetti no 1991. Foto: Erias.

teatro, zarzuela, «varietés», prestidixitación, bailes..., pero, polo medio, veremos tamén referencias a actuacóns que ben poderíamos considerar como de carácter precinematógrafo. Son éstas as que merecen agora a nosa atención. **Don Mariano Alfonsetti**¹⁷ e a súa familia iranse pronto, pero aparecerá rapidamente en escena un home singular: **don Claudino Pita Pandelo**.

¹⁷O periódico local *Las Mariñas* dá conta no seu n. 128 (domingo 23-X-1892) da seguinte noticia: «Hemos visto con satisfacción en el Diario oficial del Ministerio de la Guerra del día 16, el ascenso á Teniente coronel del que por algún tiempo fué nuestro apreciable vecino D. **Mariano Alfonsetti**, que como saben nuestros lectores dió nombre al teatro de la plaza del Campo. En la actualidad encontrábese de Comandante en la Isla [de] Cuba.»

III

Espectáculos precinematógrafos en Betanzos



«El arte fotográfico nos sorprende cada año con una nueva maravilla.

Ya entra en los presidios facilitando la identificación de los criminales, ya se introduce en las casas honradas y perturba el seno de una familia sacando al primogénito de los libros para meterlo entre el ferroprusiato y las placas de nueve por doce; ya, como el año pasado, se cuela en el terreno médico merced á los rayos X (que algunos aficionados iban á buscar en el bazar del mismo nombre); ya, en fin, como este año acontece, hace la competencia en los teatros á Talía, Melpómene, Euterpe y demás señoritas del coro, introduciendo en los escenarios los kinétógrafos, cinematógrafos y otros prodigios de la fotografía animada.

El espectáculo no puede ser más nuevo, y es además de utilidad suma para los soldados próximos á embarcarse, pues si no se marean viendo estos prodigios, es seguro que ya no sufren

vértigos ni fenómenos del neumogástrico aunque se vayan á la gran Antilla [Cuba] en un cascarón de nuez.

El género chico con vistas está llamado á tener gran aceptación.

A no ser que exigiendo estos adelantos, como las *serpentinias* de marras, que la sala quede á obscuras, opte el público por la de apaga y vámonos.

Allá veremos. De todas suertes, es imposible adivinar qué nuevo prodigo fotográfico nos tiene reservado el infiernito para el año que viene.»

Luis Royo Villanova
«Dibujos de Cilla»

Fig. 16.- Blanco y Negro: Revista Ilustrada, año VI, Madrid, 7-XI-1896, nº 288.

O Diccionario da Real Academia, de 1914, di do cinematógrafo: «Aparato óptico en el cual, haciendo pasar rápidamente muchas imágenes fotográficas que representan otros tantos momentos de una acción determinada, se produce la ilusión de un cuadro cuyas figuras se mueven». Pero crear a sensación de movemento é algo que xa se facía moito antes de 1895, ano que se cita sempre como o do nacemento do cinematógrafo, cos irmáns Lumière.

Había tempo que se coñecía o fenómeno da estroboscopia¹⁸, ou persistencia das imaxes na retina. Tomando isto como referencia, xa desde as primeiras décadas do s. XIX empezaron a aparecer distintos aparatos con pretenciosos nomes gregos. Así, o «taumátropo» (1825) era un disco de cartón con sendos debuxos complementarios nas súas dúas caras, debuxos que se superpoñían no ollo formando unha imaxe única cando se xiraba con rapidez o disco sobre o seu diámetro.

O «phenakistiscope» (1832) obtivo grande éxito co nome de «fantascopo». Consistía nunha serie de debuxos colocados nun disco que ó rotar producía a síntese. Deste artiluxio derivaría o «zootropo» (1834) do británico **Horner**, que acadou fama mundial. Baseábase nun tambor metálico, cunha serie de fendeduras, que xiraba en sentido horizontal arredor dun eixo; no seu interior colocábanse unhas bandas de papel que reproducían momentos sucesivos dunha mesma esceña, que se repetía indefinidamente mentres o espectador miraba á altura das fendeduras.

Precisamente en Betanzos tivémo-la sorte de atopar un «zootropo» (cunha boa colección de bandas de papel debuxadas e coloreadas) na casa da **Familia Ramos**, boa representante da elite intelectual e política da cidade no s. XIX.

Todos estes artiluxios funcionaban, polo tanto, utilizando un número limitado de debuxos que representaban as fases sucesivas dun movemento cílico. Pero eran inadecuados para a proxección polo extremadamente pouco tempo que cada fendedura descubría o debuxo correspondente; as proxeccións nunha pantalla resultaban pouco luminosas.

Pero o cinematógrafo como tal non pode existir sen a fotografía e ésta nace no 1827 co francés **Nicéphore Niépce** que se basa na «cámara oscura», xa coñecida

¹⁸O fenómeno da estroboscopia xa era coñecido polos antigos (por exemplo apreciaban con interés os círculos que forma un tizón encendido cando se fai xirar con rapidez). Neste principio está basado o disco de **Newton**, que a finais do s. XVII reconstituía a cor blanca partindo das cores do prisma. No s. XVIII o abade **Nollet** iniciou a sistematización do fenómeno nas súas *Lecciones de física experimental*, creando na práctica a buxaina deslumbradora (inspirada no disco de **Newton**) e que supón o primeiro dos xoguetes científicos ou aparatos de física recreativa baseados na estroboscopia. Pero será o inglés **Peter Mark Roget** quen definitivamente estudie e sistematice científicamente a estroboscopia a partir da súa tese de 1824 sobre a persistencia retiniana, exposta na Royal Society de Londres: desde agora xa terán base científica os intentos de reconstrucción do movemento a partir de imaxes fixas. Véxase GUTIÉRREZ ESPADA, Luis. *Historia de los medios audiovisuales*, 1 (1838-1926), Madrid, Pirámide, 1979. pp. 167 e ss.

CON SUPERIOR PERMISO.

Hoy DE Á LAS DE LA EN

Máquina de Fantasmagoría y Juegos de manos (que ha merecido la mayor aceptación en quantas partes ha tenido el honor de presentarse al Público, y principalmente como lo dexó acreditado en la Villa y Corte de Madrid, en donde se manifestó por espacio de quatro años) dará al Público el espectáculo extraordinario y divertido de juegos de Física Mecánica y Aritmética, haciendo varias y escogidas suertes de destreza, combinación y sorpresa entre las cuales hará *la & un Almanaque q. divierte las preguntas q. el Teatro se haga*

Seguirán después las ilusiones de FANTASMAGORÍA, en las que aparecerán varios Espectros, Esqueletos, Fantásmas, Retratos de hombres célebres, y *una figura q. estirando q. chocaría el techo*

Dando fin con *la Evidencia q. muestra q. todo q. es imposible es titulado*

Los precios: á

Los billetes se despachan en

Fig. 17.- Anuncio dun espectáculo con elementos precinematográficos en Betanzos no 1814.

por Leonardo de Vinci e descrita por Giovanni della Porta na súa obra *Magiae naturalis* (s. XVI).

Cara a 1851-2 o francés Jules Duboscq da a coñecer o «estereofantascopio» que sustitúe os debuxos do fenakistiscoPIO por fotografías obtidas mediante exposicións sucesivas: por este camiño chegarase ó cinematógrafo despois dunha serie de tentativas que xa non referiremos...

Moito antes de que nacera o Teatro Alfonsetti, a Betanzos tamén chegaban compañías ambulantes cos máis variados espectáculos. Desde que o Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia se construiu (segunda metade do s. XVIII) foi nel (tamén coñecido nalgunhas épocas como «teatro»), nos seus «salones» onde tiveron lugar estas actuacións, posto que como tal arquivo nunca funcionaría (se acaso nos anos corenta do s. XX como almacén de papeis vellos, pero iso é outra historia).

TEATRO.

AVISO AL PUBLICO.

Habiendo llegado á esta la Compañía de FÍSICA EXPERIMENTAL, MECÁNICA RECREATIVA, y EQUÍLIBRISTA, ha dispuesto por primera vez dar unas nuevas funciones del mayor gusto moderno de varias habilidades de nueva invención, con las que cré complacez á este benigno público, ansioso demostrar nuestro agradecido corazón á la generosidad de este muy respetable Público, á lo que ha dispuesto el Director una escogida función para el dia de 1835, en la que se señalará la Sra. María Concepción la Cordobesa, conocida por la SANSONA, la que ha llamado la atención y ha merecido los mayores aplausos en las capitales ciudades y villas que ha demostrado su agilidad y destreza, la que desearía poseer una facultad sin límites para ejercer todas las propiedades de su arte con solo el objeto de agradar en este dia á sus dignos espectadores, de quien espera una generosa recompensa por sus desvelos para obsequiarlos en justa retribución á sus benignas bondades. Si consigue una general indulgencia, nada quedará que desechar.

TEATRO.

Hoy de 1835.

La Compañía de FÍSICA EXPERIMENTAL Y MECÁNICA EQUILIBRISTA, y demás al cargo de su Profesor D. JOSE MARIA RIEL, el que ha tenido el honor de presentarse en las Capitales de España, Inglaterra, Portugal, y en la Villa y Corte de Madrid, ofrece al público de este en el dia de hoy por primera vez una brillante función, con varias habilidades de nueva invención; la que será distribuida en los términos siguientes:

Después de un divertido acompañamiento de música se abrirá la Escena principiando dicho Profesor con variados recuos, pruebas, experimentos y máquinas recreativas, del mayor gusto, en los que manifestará su agilidad y destreza.

2.^a Escena. La Sra. María Concepción la Cordobesa, conocida por la SANSONA, ejecutara los más difíciles y nuevos equilibrios con vasos en la siente y en la boca, sillas y aro, y demás de la mayor admiración.

3.^a Escena. El Director conocido por el Gaditano, hará la gran fuerza de pecho de grupo en equilibrio, formandolo con la referida Cordobesa, la que ejecutara el Pirámide de Egipto.

4.^a Escena. Finalizando la función con

PRECIOS.

Entrada	Palcos primera
Lanuras	Idem segunda
Dará principio á las	

Fgs. 18 e 19.- Anuncios de espectáculos con elementos precinematógraficos en Betanzos no 1835. Foron publicados por D. José R. Núñez no seu traballo "El teatro de la ciudad" (Anuario Brigantino 1982).

O 14-V-1814 D. Juan González Mantilla, «Profesor de Física Experimental» asina unha solicitude para que o Concello lle dea o correspondente permiso, cousa que consegue, se ben «arreglando la entrada lo más cómodo posible»¹⁹.

Adxunta este individuo un impreso no que parece utilizar unha lanterna máxica. Entre outras cousas consta nel o seguinte:

«Máquina de Fantasmagoría y Juegos de manos (que ha merecido la mayor aceptacion en quantas partes ha tenido el honor de presentarse al Público, y principalmente como lo dexó acreditado en la Villa y Corte de Madrid, en donde se manifestó por espacio de quatro años) dará al Público el espectáculo extraordinario y divertido de juegos de Física Mecánica y Aritmética, haciendo varias y escogidas suertes de destreza, combinacion y sorpresa entre las cuales hará [a partir daquí manuscrito] la de un Automata que adivinara las preguntas que el Profesor le haga.

[volve o impreso] Seguirán despues las ilusiones de FANTASMAGORIA, en las que aparecerán varios Espectros, Esqueletos, Fantásmas, Retratos de hombres célebres, y [manuscrito] una figura que estirará y encogerá el Pescuezo.

¹⁹AMB, Libros de actas capitulares, 1814.

[impreso] Dando fin con [manuscrito] la Pantomima muda en Sombras inpalpables titulada el Mozo desquartizado...»

Datos e anuncios impresos semellantes que aluden a espectáculos derivados case sempre do uso da lanterna máxica²⁰ públicos do **don José Luis Cabo** en relación con Santiago de Compostela (e tamén para outras cidades e vilas galegas) cubrindo a maior parte do s. XIX. Documenta a solicitude ó Concello compostelán no 1805 dun tal **Martín**, francés ambulante, que pretendía ofrecer «varias experiencias de Física e Óptica» [sic.], conseguindo o permiso para dez funcións no Coliseo: é a primeira vez que se documenta en Galicia este tipo de representacións²¹.

Volvendo a Betanzos, de novo contamos, esta vez no 1835, con dous impresos anunciantes de funcións de «FÍSICA EXPERIMENTAL, MECANICA RECREATIVA, Y EQUILIBRISTA... al cargo de su Profesor **D. JOSE MARIA RIEL**, el que ha tenido el honor de presentarse en las Capitales de España, Inglaterra, Portugal, y en la Villa y Corte de Madrid»²².




Fig. 20.- Zootropo de mediados do s. XIX da Familia Ramos de Betanzos. Xentileza de D^a María Álvarez Crespo. Foto: Erias.

²⁰A primeira descripción da lanterna máxica débese a **Athanasius Kircher** no seu libro *Ars magna lucis et umbras*, Roma, 1646. O proxector de diapositivas dos nosos tempos é ainda un lonxano herdeiro da lanterna, tal como nos di D. José Luis Cabo. Unha magnífica descripción da mesma dánola este autor: «O mecanismo básico da lanterna, tal como se usou durante o século dezanove, ainda pervive no proxector de diapositivas actual. Consistía, fundamentalmente, nun aparato, polo xeral de latón, cunha intensa fonte luminosa, potenciada por medio dun condensador, que atravesaba figuras pintadas en vidro ou outro material transparente. Os debuxos eran amplificados por medio de lentes e proyectados sobre un lenzo ou unha parede. A combinación de dúas ou máis lanternas permitía disolver e encadea-las imaxes. A ilusión de movemento lográbase con desprazamentos dos vidros pintados no proxector ou facendo xirar cristais circulares».

CABO, José Luis. *Cinematógrafos de Compostela: 1900/1986*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1992, p. 23.

²¹Ibidem., pp. 23 e ss.

²²NÚÑEZ LENDOIRO, Xosé Raimundo. «El teatro de la ciudad». En: *Anuario Brigantino* 1982, Concello de Betanzos, 1983, p. 112.




Figs. 21-25.- Bandas de papel do zootropo da Familia Ramos (estas e as das páxinas seguintes) que reproducen momentos sucesivos dunha mesma escena.

Moi probablemente estas actuacións non foron tan esporádicas como a maltratada documentación nos pode agora facer pensar e, desta maneira, veríamos de xeito máis natural que un betanceiro, **don Claudio Pita**²³, seguisse por algún tempo esta tradición que chamamos precinematógrafa, mediante a manipulación e proxección das antiquísimas «sombras chinescas» no Teatro Alfonsetti.

No nº 36 do periódico local *La Libertad* (1-IX-1886) atopamos o anuncio dun comercio e pequena industria de «GLOBOS, FAROLES Y FLORES» a nome de **don Claudio Pita Pandelo**. Este personaxe, nado na cidade no 1856, non só será o responsable do lanzamento do globo de Betanzos nas festas patronais de San Roque desde finais da década de 1870, senón que ademais terá un papel de primeiro orde no desenrollo do cinematógrafo na cidade, dentro e fóra do Teatro Alfonsetti do que será arrendatario en longas etapas ata a súa morte no 1933.

²³ 16 de Noviembre de 1856, **don Andrés Touriz** Pbro. bautizó... y puso los Sts Óleos a un niño que nació en el Puentenuebo a las nueve de la mañana del día antecedente al que puse nombre **Claudio**, hijo natural de **Pastor Pita y María Pandelo**, solteros, naturales de esta parroquia. Siendo sus abuelos paternos **don Antonio Pita y Ángela Noguerol** de la misma; y maternos **José Pandelo y Luisa San Martín**, naturales ésta de San Pantaleón das Viñas y aquél de Santiago de Requián. Fueron sus padrinos **don Francisco Rodríguez y Andrea Pandelo**, naturales ésta de la referida de las Viñas y aquél de la ciudad de Santiago, a los que advertí el parentesco espiritual y obligaciones contraídas...» Libro de Bautizados da igrexa de Santiago de Betanzos.




Don Claudino Pita enche por si só varios capítulos da historia socio-cultural de Betanzos, pero de cara ó tema que nos ocupa, atopámolo xa no 1890 proxectando as aludidas «sombras chinescas», un tipo de teatro feito a base de siluetas negras (de coiro ou de zinc), que formaban as más dispares figuras, fortemente iluminadas por detrás e que adoitaban aparecer nunha pantalla transparente (unha gasa). Os espectadores estaban sentados nunha sala escura mirando a pantalla transparente, detrás da que se movían as figuras «convertidas en siluetas mediante o uso dun foco luminoso»²⁴:

«Con el Orfeón Eslava, alternará en las audiciones que este dé la orquesta que dirige nuestro amigo **don Joaquín Martí**.

Además en la primera audición, que se verificará, como hemos anunciado el dia de Corpus, presentará el infatigable Pita el espectáculo conocido por Las sombras chinescas ó las siluetas habitadas en la luna.

En la segunda y tercera audición varios aficionados, entre ellos los señores **don Hilario Núñez, don Lisardo M. Gómez, don Claudino Pita y don Ramón Sanjurjo Ossorio**, interpretarán vários juguetes cómicos [breves pezas teatrais].

²⁴CABO, José Luis. *Op. cit.*, p. 21-23. Este autor recórdanos que as representacións mediante sombras remóntanse, «como mínimo» ó s. XI en China (dáf o seu nome). Chegaron a Europa occidental no s. XVII, «onde acadaron unha grande aceptación entre o público aristocrático e burgués, construíndose teatros especializados nas capitais más importantes». Véxase tamén, GUBERN, Román. *Historia del Cine*. Barcelona, Baber, 1988, t. I, p. 22-23.



Uno de los juguetes es el titulado Acertar por carambola.» *EL Mendo*, n. 14, 29-V-1890.

El Mendo no n. 18 do 3-VI-1890 fálanos dos ensaios deste programa e di o seguinte:

«... Las sombras chinescas ó Siluetas habitadas en la luna están bastante bien preparadas y en ellas se exhibirán *Los cuatro sostenidos*, *El copofono* y otros instrumentos notables, en los cuales tocarán los celestes habitantes las siguientes piezas:

Alabanza de las mujeres, mazurka, de **Straufs** [sic.]; *Duo de la Mascota*, por **Andran**; *Bocaccio, vals*, por **Suppé**; *Martha* por **Flotón** [sic.]; *Carmen*, cuadrilla por **Bizet**; *El Duquesito*, por **Lecoq**; *polka de las Campanas de Carrión* y *Galope de los Caballeros*.»

Queda logo o relato do resultado da actuación (*EL Mendo*, n. 21, 7-VI-1890):

«... Tocó la orquesta una polka, titulada *Rosario*, cantó el orfeón la danza *A otras tierras* y enseguida que la orquesta terminó la ejecución del vals-polka *Adela*, se apagaron algunas luces y presentó **Claudino**, con sus dependientes **el Cojo** y **el Cacharelo** y otros aficionados por el estilo, *Las siluetas habitadas en la luna ó Sombras chinescas*.


El espectáculo gustó.

La exhibición de instrumentos raros hizo reir bastante.

Y los ejercicios gimnásticos y quirúrgicos merecieron plácemes.

Fué una velada completa, de la cual todos salimos complacidos.

Y con deseos de que se repita.»



O mesmo periódico no seu n. 52 do 15-VII-1890 fala pormenorizadamente dunha función no Alfonsetti, rematando deste xeito:

«... para dejar después el campo al incansable Claudino, que nos presentó en sombras (por supuesto) una corrida de toros, y unos ratas, y unas cosas, para final de fiesta que nos hicieron exclamar.


-¡Tiene mucha sombra este **Claudino!**»

Claudino Pita era un home que viaxaba de vez en cando lonxe do terruño e iso dáballe, sen dúbida, coñecemento directo de moitos acontecementos (sobre todo os susceptibles de ser levados á escena) que logo el traería a Betanzos. Así, por exemplo, vémolo na «Exposición regional de León» de 1890 onde foi premiado cunha medalla de prata «por su instalación de globos»²⁵.

Tamén o vemos en viaxes más curtas: «El día 28 [de agosto de 1900] saldrá de esta ciudad para la del Ferrol, nuestro amigo **D. Claudino Pita** con el fin de engalanar é iluminar los paseos y muelles de aquella ciudad los días que SS. MM. permanezcan en aquel departamento»²⁶.

²⁵Las Mariñas, n. 131, 13-XI-1892.

²⁶El Pueblo, n. 4, 26-VIII-1900.



Nos «carnavales» de 1901 está nada menos que en Madrid para «hacer una lucida iluminación en el parque del Retiro»²⁷.

Non era, pois, extraño que como empresario do Teatro Alfonsetti el mesmo proxectara «sombras chinescas» e acollera coa maior naturalidade o cinematógrafo. Extraña incluso que non se documentase con máis frecuencia entre 1897 e 1901, se ben nisto poideron ter que ver as frecuentes e ás veces prolongadas obras do propio teatro²⁸.




Fig. 26.- Proxección de "cuadros disolventes" na "Plaza de la Armería" de Madrid, segundo a "Ilustración Ibérica" do 14-VI-1890.

²⁷El Chaparrón, n. 3, 14-II-1901.

²⁸«Hoy domingo empezarán los bailes, con el nuevo piso en el teatro, estando á cargo del infatigable industrial (conste que no queremos la entrada) D. Claudio Pita...» El Progreso, n. 13, 27-I-1901.

A chegada da electricidade e do cinematógrafo a Betanzos



*Fig. 27.- A Porta da Vila a finais do s. XIX cando ainda non chegara a electricidade.
Véxase un dos vellos faroles de gas.*

En Betanzos, como noutras cidades galegas, a chegada do cinematógrafo coincide aproximadamente coa da electricidade. Para a xente trátase de dous espectáculos, xa sexan vistos por separado ou unidos. Cando aparecen xuntos non nos extrañará que atopemos repetida a mesma disculpa (por máis que tivese contido real), no caso de que o cinematógrafo non funcionase a gusto do público: a electricidade tiña sempre a culpa²⁹. Pero é que ademais, as idas e vindas da luz


²⁹Este feito xa se documenta tamén na cidade de Vigo a través do periódico *Faro de Vigo* do 2-V-1897: «Con eso y con que la fábrica de alumbrado eléctrico se esmerez algo más en la transmisión del fluido, cosa también muy necesaria para que los cuadros del cinematógrafo no se desluzcan, como ocurrió ayer con algunos, creemos que habrá bastante para que el público dispense al invento de mister Lumiére, la preferencia que merece y que universalmente le es reconocida». Tomado de GARCIA FERNANDEZ... *Op. cit.*, p. 127.

Proyecto

de un piso nuevo para el taller de Gómez y de sus numerosas juntas establecidas
de madera.


Señalado el piso existente para su eliminación.

(1/100)




Entallamiento del piso que se proyecta

(1/100)




Sección del piso de la sala en su posición actual
y el piso que se proyecta.

(1/100)



Sección del piso de la sala en su posición futura

(1/100)



piso actual
piso que se proyecta

Fig. 28.- Proyecto de D. Pedro Mariño de un piso móvil para o Alfonsetti (1890). AMB.




Fig. 29.- Alzado do proxecto da fábrica de electricidade que se construiría na zona da Ponte Nova no 1895-96.

eléctrica, o seu aumento ou diminución de intensidade nun espectáculo público eran notícias reseñables para os periódicos da época.

Na cidade de Betanzos, o enxeñeiro **D. José López Cortón y Viqueira**, en compañía de **D. Roque Ponte Peña**, promoveu no 1895 (data do proxecto) a creación dunha fábrica de electricidade, que se instalaría na zona da Ponte Nova. A finais dese ano debe funcionar xa, porque no periódico coruñés *El Diario De Galicia* do 7 de xaneiro de 1896 dá **El Bachiller Hungarello** a seguinte noticia, referente a Betanzos:

«Desierta, como con antelación presumía, la subasta del alumbrado eléctrico por el tipo de 6.500 pesetas, pues la empresa aquí establecida quiere 8.500, volverá á sacarse á subasta por segunda vez para cumplir con la Ley y volverá otra vez á quedar desierta; y si nuestros ediles no se muestran más rumbosos ó menos cicateros, nos quedaremos sin el alumbrado público por medio de la electricidad».

A finais de 1896 xa hai electricidade, posto que no diario *La Mañana* do 10 de novembro, cando se conta a actuación da compañía do **Sr. Soriano** no Alfonsetti



Fig. 30.- O enxeñeiro Don José López Cortón y Viqueira na Quinta de San Victorio, principal promotor da primeira fábrica de electricidade de Betanzos no 1885. Xentileza do seu neto D. Carlos López-Cortón.

(a función do día 6 con *María del Carmen* e *La Praviana*), engádese: "El teatro apareció ese día con luz eléctrica muy bien instalada". No 1897 segue funcionando, pero con titubeos:

«El propietario de la fábrica de luz eléctrica de Betanzos, Sr. Cortón ha introducido una rebaja en la tarifa de precios para el suministro de energía». *El Eco de Galicia*, 30-VIII-1897.

«Definitivamente se ha suspendido el alumbrado por la luz eléctrica». *El Eco de Galicia*, 20-X-1897.

Os irmáns **Lumière** patentan o seu invento o 13-II-1895 e fan a primeira exhibición pública o 28-XII dese ano no *Grand Café* do nº 14 do *Boulevard des Capucines* en París. O 14-V-1896 o operador da casa francesa, **A. Promio**, realiza a primeira proxección de vistas móviles en Madrid no nº 34 da *Carrera de San Jerónimo*³⁰.

Os **Jimeno**, pai e fillo, figuran como os primeiros empresarios españoles, difundindo o cine nestes tempos heroicos por diversas capitais. Estes e outros levaron o invento, ó principio como unha especie de atracción de feira, por toda España, chegando rapidamente ás cidades más importantes. Barcelona convertirase na avanzadilla coas figuras de **Frutuoso Gelabert** e **Segundo Chomón**, que impulsaron o cine tanto a nivel técnico como no aspecto comercial. O 3 de setembro xa se realizan as primeiras exhibicións na Coruña e pouco despois, o 5-X-1896, *La Voz de Galicia* segue a dar conta do éxito social que supón:

«Mucha gente acudió al Circo coruñés para ver funcionar el cinematógrafo. Sigue agraciando a todos extraordinariamente este ingenioso y celebrado aparato»³¹.





Fig. 31.- O avogado D. Roque Ponte Peña (Bergondo 1860 - Madrid 1923), fundador e director do primeiro periódico local, "El Censor" (1883) e promotor xunto con D. José López Cortón da fábrica de electricidade de Betanzos. Foto: Enrique F. Bello (Coruña). Xentileza de D. Luís Veiga.

³⁰CÁNOVAS BELCHÍ, Joaquín T. «Las primeras sesiones del cinematógrafo Lumière en Madrid». En: *V Congreso de la Asociación Española de Historiadores de Cine*. La Coruña, 1993.

³¹GARCIA FERNANDEZ, Emilio Carlos. *Historia del cine en Galicia: 1896-1984*. La Coruña, *La Voz de Galicia*, colección Biblioteca Gallega (serie nova), 1985, p. 53.

S Y V E R J A



da Comisión 7 Mayo 1910

Julio Galán

Fig. 32.- Proyecto de D. Julio Galán para a verxa e farolas eléctricas do Cantón Grande (7-V-1910).
AMB.

³²GARCIA FERNANDEZ, Emilio Carlos... *Op. cit.*, p. 54.

³³MARTÍN SÁNCHEZ, Rita, e VÁZQUEZ ANEIRO, Aurora. *Del New England a los Goya: casi un siglo de cine en Ferrol*. Ferrol, Club de Prensa, 1994, p. 7.

xeográfica, á existencia do Teatro Alfonsetti e, así mesmo, á instalación recente da fábrica da electricidade. A primeira noticia documental dánola o periódico coruñés *Diario de Galicia* no seu nº 1.845, ano VII, do mércores 16 de xuño de 1897:

«Esta semana se exhibió en el Teatro el Cinematógrafo Lumière con escasa concurrencia debido á lo caras que resultaban las secciones de ocho cuadros»

É de supoñer que tal exhibición tivera lugar o sábado 11 e o domingo 12 dese mes de xuño. Pero unha noticia de tan pouco releve parece querer indicar que quizais esta non era a primeira vez que se proxectaba o cinematógrafo en Betanzos.

En xullo dese ano volvemos ter noticias, agora a través do periódico de Buenos Aires *El Eco de Galicia*, no seu nº 208, ano VI, do 30 de xullo de 1897:

«Nuestro querido amigo **Xan Bellotas** [¿Juan Gómez Navaza?] nos da con fecha 15 de Junio las siguientes noticias de Betanzos:

Hace días que se exhibe en el teatro de esta ciudad el Cinematógrafo Lumière...»

Probablemente o cinematógrafo seguiría vindo por aquí ata o remate do século, pero por agora non atopamos máis noticias. De tódolos xeitos, o progresivo éxito social do mesmo debeu ser evidente neses primeiros anos, porque algúm betanceiro pensou na utilización do invento con fins comerciais, e así vemos como no número 1 do periódico local *El Progreso* (4-XI-1900) aparece a seguinte noticia:

«Nuestro convecino **D. Bartolomé Babío**, tiene el propósito de pedir el correspondiente permiso al señor Gobernador para celebrar bailes públicos y establecer un salón de Cinematógrafo en los bajos de la casa que acaba de obrar en la calle de la Rivera».

O propósito de celebrar bailes levouno a cabo, pero o de facer proxeccións de cine probablemente non. De feito, cando en 1902 solicita permiso para facer bailes polo Antroido, xa non hai ningunha alusión ó cinematógrafo³⁴. Comprobamos isto pola noticia que nos da o periódico local *El Pueblo* de 26-I-1902:

«Nos han asegurado que el industrial panadero **D. Bartolomé Babío**, tiene solicitado del Gobernador Civil de la provincia el correspondiente permiso para poder dar bailes públicos en la temporada de carnaval, en el salón del bajo de la casa de su propiedad, sita en la calle de la Rivera, y se dice que dicha superior autoridad, ha remitido á informe de esta alcaldía la mencionada solicitud».

Pola súa parte a electricidade avanzaba aínda pasenxadamente no 1900 cando os periódicos locais se facían eco do ¡grande acontecemento! que supoñía o feito de se instalar dous «focos de arco voltaico» no Cantón Grande:

³⁴Da a impresión de que se volvou atrás, pero en calquera caso, queda como unha das primeiras intencións de traer o cine a Betanzos para convertilo en negocio. Haberá máis intentos.



Fig. 33.- Unha fermosa vista da Porta da Vila que pode datarse entre 1915 e 1925 na que sobresaen as farolas que deseñara D. Julio Galán. Foto: Ferrer.

«Ya están colocados los dos focos de arco voltaico [que] iluminarán en el Cantón Grande durante la temporada de verano». *El Pueblo*, 5-VIII-1900. Polo mesmo periódico sabemos que alumarian por primeira vez o 4 de agosto dese año.

O periódico *El Progreso* do 4-XI-1900, ó tempo que falaba da posible (e xa aludida) instalación dun «salón de Cinematógrafo» na Ribeira, contaba con detalle as incidencias producidas no Teatro Alfonsetti ó longo dunha representación de zarzuela:

«... lo que no estaba anunciado en el programa, fué el número *sensacional del fluido eléctrico* que apenas comenzada la función se aumentó por unos minutos dejando la sala en completa oscuridad, teniendo que recurrir, mientras duró ésta, á encender velas que acusaban deficiencia de alumbrado».

Nese mesmo número de *El Progreso* insistiese no tema, esta vez con ironía cara ó Concello:

«Al estarse celebrando el primer acto de la función de teatro del miércoles último se apagó la luz eléctrica teniendo que seguir trabajando la compañía con la luz que los espectadores le

proporcionaban con sus cerillas. Esta interrupción es ya la segunda de la semana. No sabemos si la comisión de alumbrado sufrirá también alguna interrupción en lo que a multas se refiere».

Pola súa parte, o Alfonssetti entraba nunha fase de obras. O 22-XII-1890 o arquitecto da Coruña **D. Pedro Mariño** asina un proxecto destinado a «construir en el Teatro de esta Ciudad un piso nuevo, y su maniobra para dotarlo de mobilidad»:

Para hoy domingo, han anunciado los simpáticos empresarios que representarán bonitas y hermosas cintas cinematográficas en las dos sesiones, las cuales son las más renombradas *Kri Kri de camarero* y *La cuita de los Diamantes*.» *Betanzos Liberal*, 24-V-1914.

O "Teatro Gran Cine Brigantino" (1914)



Fig. 49.- O Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia nunha fotografía de Ferrer de principios do s. XX. Os seus locais foron utilizados para cometidos moi diversos, entre eles para teatro e bailes, tanto no s. XIX como no XX. Tamén foi sede do "Liceo Recreativo" (desde o 10-XI-1861 ata os anos 70 do s. XX) e doutras sociedades ("Tertulia", "Circo"...). É probable que tamén estivese aquí o "Teatro Gran Cine Brigantino" no 1914 e anos seguintes.

O interés popular polo cinematógrafo debía ser tanto na cidade neste ano de 1914 que, ademais do Alfonsetti aparece o chamado «Teatro Gran Cine Brigantino».

«Gran Cine Brigantino

Para hoy domingo interesantes cintas cinematográficas. Todos los días festivos. Espectáculo culto, moral y artístico.» *Betanzos Liberal*, 15-III-1914.

Este anuncio, co nome de «Teatro Gran Cine Brigantino» repítese no mesmo periódico o 26-IV-1914 e en números posteriores.

«Para hoy anuncia la empresa del «Cine Brigantino» dos únicas sesiones en las que se exhibirá la interesante cinta de 2.000 metros de larga titulada «El enemigo invasor» y como regalo «Kri Kri en barca de agua». *Betanzos Liberal*, 17-V-1914.

Só temos noticias do seu funcionamento como cine entre marzo e maio dese ano e sempre a través da prensa local, ainda que un anuncio do 26 de febreiro de 1930 sobre o estreno dunha "chispeante y graciosa revista local" no "Cine Brigantino" (¿é o mesmo?) pódemos falar de que ainda neste ano estaba en funcionamento. A revista en cuestión titulábase: "En Betanzos para Criticar Todos se pueden Tutear". En calquier caso non atopamos con seguridade nin a súa ubicación nin tampouco a persoa que o rexentaba.

A mellor pista que temos é a de considerar que se ubica na planta baixa dalgunha das naves do Edificio Arquivo e que o seu promotor fose **don José Barreiro Rey**. Pensamos isto porque este personaxe tiña desde o 16-XII-1912 arrendadas as plantas baixas das tres naves centrais do dito edificio e coñecemos o seu interés pola organización de bailes e espectáculos. Concretamente no 1905 xa fora un dos que se presentara á subasta do arrendamento do Alfonsetti para bailes, e do 1924 ó 1929 será o arrendatario único do Alfonsetti.



Fig. 50.- Don José Barreiro Rey con tres dos seus fillos (de esquerda a dereita, Manuel, José e Carmen Barreiro Raposo), arredor de 1900. Foto: Avrillon. Xentileza de D^a Josefina Castro.

As dificultades de 1915-1923 e as rivalidades entre empresarios

Ata agora boa parte dos datos cinematográficos atopabámos na rica colección de periódicos do Arquivo Municipal de Betanzos, pero éstes só chegan con regularidade ata 1914 con *Betanzos Liberal* («órgano del Partido Democrático») e *Betanzos* («órgano del Partido Liberal»). Desde aquí haberá que esperar a *Rexurdimento* (ano 1922) para atopar datos semellantes. Cremos, pois, que a paréntese que observamos, nalgunha medida, ten que ver con esta carencia documental. Houbo en todo este tempo bailes, desde logo, e tamén funcións cinematográficas (seguro no 1922 no Alfonsetti), pero, en calquera caso é posible que estes foran anos de crise para o noso Teatro e iso marcou o ambiente xeral de certa decadencia en canto a espectáculos artísticos na cidade. Nembargantes, con decadencia ou sen ela, Betanzos foi obxecto de interés cinematográfico no 1919 cando o vígués **José Gil**, como operador e productor, filma *La Fiesta de los Caneiros*, que se estreará en abril do ano seguinte⁵³.

O 31 de marzo de 1920 adxudícase o Teatro Alfonsetti en arrendamento a **don Luis Ares Castro** e **don José Ferreira Acevedo**, que non tomarán posesión do mesmo ata que o deixen os anteriores arrendatarios, **don Luis Fernández Varela** e **don Claudio Pita Pandelo**, o 6 de abril de 1920⁵⁴.



Fig. 51.- Don Luis Ares Castro no 1918. Será un dos arrendatarios do Teatro Alfonsetti no 1920. Era fillo do médico D. Angel Ares Teijeiro e de Dª Pilar Castro Serrano. Casou con Dª Benigna Otero e emigrou pronto á Arxentina onde sería por moitos anos bibliotecario do Centro Galego de Buenos Aires. Finou no 1968. Xentileza das súas fillas Dª Mª Olga e Dª Mª del Pilar.

⁵³GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela, Coordenadas, 1980, p. 139.

⁵⁴Año 1920. Expediente instruído a instancia de **don Ángel Fernández López** en súplica de que se le adjudique la explotación del Teatro Alfonsetti por el término de tres años y en renta de 1500 pesetas cada año previa la constitución de fianza que se le exija ó en otro caso sacar dicho arriendo a concurso ó subasta». AMB, c. 2988.

O cambio de arrendatarios debeu ser traumático para o teatro e cheo de dor para algunas persoas, particularmente para **D. Claudino Pita** (por aquel tempo de 63 anos de idade). Podemos adiviñar que as relacións persoais entre os vellos e os novos arrendatarios eran malas e, sen dúbida, tiñan conexión coa cambiante realidade política⁵⁵. Chegouse a esta situación despois de que a *Comisión de Hacienda* non aceptara prorrogarlle a explotación do teatro a **D. Angel Fernández**⁵⁶ (e consecuentemente tampouco a **D. Claudino Pita**) por tres anos. A dita comisión fai un informe no que propón se leve a efecto un concurso do que entresacamos as seguintes condicións:

«Será necesario para poder ser adjudicatario... poseer un piano de teclado⁵⁷ para acompañar á las Compañías de zarzuela que vienen a esta localidad á celebrar espectáculos y, así bien, acompañar á las varietés. Hacer cabina de ladrillo con todas las condiciones reglamentarias, para que no ofrezcan peligro las proyecciones cinematográficas que hayan de darse al público. Tener cuando menos dos decoraciones de sala rica, distintas, una de casa blanca, una de selva, una de masnia (?), una de plaza, una de calle, una de salón y una de fantasía caprichosa para números de varietés con los bastidores y demás artefactos necesarios para el montaje de las mismas, en condiciones de seguridad y estética, y finalmente mobiliario necesario de escena para poder dar todo género de funciones. Que el término del arrendamiento será el de un año...»

É claro que o Concello non apoia ós vellos arrendatarios e **don Luis Fernández** e **don Claudino Pita** non teñen máis remedio que retirar as súas pertenzas:

«... dos instintores de incendios⁵⁸..., el resto del decorado... á excepción de veinte filas de butacas con once asientos rotos, un telón de boca con su bambalina..., dos soportes o brazos para lámparas eléctricas que se hallaban en la embocadura de la escena, diez brazos de luz en los costados y en el respaldo de dicho escenario una decoración vieja de casa rica; tres usos ó gatos de acero...»

⁵⁵A decisión do cambio de arrendatarios o 31-III-1920 tivo lugar nos últimos tempos da alcaldía de **don Agustín Leis Ponte** (8-XII-1917 // 1-IV-1920). O seguinte Alcalde será **don Domingo Etcheverría Naveira** (1-IV-1920 // 1-IV-1922). É curioso que a presencia como concelleiro e mesmo como Alcalde Accidental nas dúas alcaldías dun irmán de **don Claudino**, **don Valentín Pita Pandelo**, non fose un apoio suficiente para as pretensións de **D. Claudino**.

⁵⁶Entre outras actividades, **don Ángel Fernández López** era suministrador de «pan, cebada y paja» do Exército e da Garda Civil en decembro de 1913. AMB, *Libros de actas capitulares*, 17-I-1914, c. 43. **don Luis Fernández Varela** era pai de **don José Luis Fernández**, coñecido popularmente como «o do butano», por vender (aínda hoxe os seus herdeiros) este gas.

⁵⁷As condicións parecen apuntar directamente ás carencias do teatro nese momento e, con iso, atacábase ós arrendatarios. En canto ó piano, parece desprenderse que agora non o hai, pero **don Claudino** xa o terá no 1924, como veremos.

⁵⁸A sensibilidade contra os incendios en cinematógrafos era grande; non hay que esquecer que o 30 de xaneiro deste ano (1920) un terrible incendio destruíu o «Gran Teatro» de Madrid, local de estrenos e punto de cita para aficionados ó cine. MÉNDEZ LEITE, Fernando. *Histoira del Cine Español*, I, p. 176. FOLGAR DE LA CALLE, José Mº. *Op. cit.*






Fig. 52.- Esbozos dun proxecto de reforma do Alfonsetti, realizados por D. Rafael González Villar no 1921 (AMB, c. 542). Serían en total 858 prazas: 370 butacas na pranta baixa, 150 no primeiro piso, 44 asentos na "delantera de paraíso" e 294 na "entrada general". Non se levaría a cabo.



Sección en altura (Anfiteatro)



O teatro quedaba mal parado e así o confirmamos no inventario seguinte que se fai á recepción dos novos arrendatarios:

«Tres butacas viejas de seis asientos cada una, de regilla una de las cuales inservible. Un aparato para subir y bajar el piso. Cuatro usillos ó gatos de acero, para id. Un telón de boca, restaurado, con una pequeña rotura, que representa un paisaje de Betanzos. Veinte filas de butacas de madera de doce asientos cada una, de las cuales dieciseis asientos deteriorados. Un decorado incompleto de Sala Rica, en muy mal estado. Dos butacas de madera en la sala de espera, deterioradas. Un arco, construído en 1909 para recibir a S. M. el Rey. Once aparatos de metal con sus tulipas de tres vasos cada uno. Dos aparatos de latón en la embocadura del escenario con cuatro globos de cristal cada uno. Se observa la falta de todas las lámparas. Falta de la cerradura que da a los patios del cuartel. Falta de los atrezos del escenario. El piso del escenario con muchos agujeros y lo mismo el techo de idem. Falta de varios bastidores del escenario. Las pinturas y empapelados del Teatro en mal estado. La pared de la entrada del Cuartel, en el lugar que ocupaba la cabina, y clavadas en su sitio unas tablas viejas. La puerta del local destinada á entrada general, sin bisagras. Cuarenta y nueve cristales rotos de las vidrieras de la sala de espera y de otras luces. El retrete obstruido y sin cerradura su puerta. El ambigú sin puerta ni tableros. Una de las puertas de entrada al teatro con muchos agujeros.»

Con todo este retraso na posesión dos novos arrendatarios, éstes protestarán ó Concello (6-IV-1920) e demandarán del unha indemnización (que non conseguiran), partindo das súas previsións en canto a beneficios:

«... para evitar nuevos perjuicios, decimos que el citado retraso nos ocasionó otro igual en el recibo del aparato de proyecciones que pensábamos comprar, con lo cual perdemos de dar seis sesiones de cine, tres el jueves y tres el domingo..., lo cual nos ocasiona una nueva perdida que estimamos en trescientas pesetas...»⁵⁹

Sen local uns (**Fernández e Pita**) e con el en malas condicións outros (**Ares e Ferreira**), a guerra empresarial trasladarase de escenario: ó Picardel. Este novo capítulo coménzao **don Claudino Pita** ó solicitar ó Concello (13-IV-1920) a cesión por 30 anos do terreo chamado Picardel (na Rúa Valdoncel enriba da Feira Nova), incluido un local destinado a garda-las *bombas contraincendios*. Alí construiría «un pabellón de ladrillo y cemento, para dedicarlo a teatro». Por el pagaría anualmente (sempre segundo a súa proposta) 50 pts. de renda e pasados os 30 anos quedaría o edificio como propiedade municipal⁶⁰. Cando isto se trata no Concello (sae da sala seu irmán, **don Valentín Pita**), propón **Leis Ponte** darlle

⁵⁹6-VI-1920. «Expediente instruido en virtud de instancia de los nuevos arrendatarios del Teatro Alfonsetti de esta Ciudad, en suplica de que se les indemnice 1.150 pesetas á que se creen que ascienden los daños y perjuicios originados por la demora de la entrega del local, á los mismos por los anteriores arrendatarios.» AMB, c. 2988.

⁶⁰«Expediente instruido a instancia de **Dn. Claudino Pita Pandelo** en suplica de que se le ceda por término de 30 años el terreno llamado del Picardel...» Na Secretaría do Concello.

curso pasando o tema á Comisión de Facenda, pero atopa a oposición furibunda de **don Adolfo Sánchez Díaz**, quen se opón radicalmente a que o tema siquera se considere, debido a unha serie de razóns xurídicas (cita unha ringleira de disposicións) non ben explicadas e, sobre todo, porque de concederse o solicitado desaparecería, segundo el, o Alfonsetti e iso perxudicaría economicamente ó Concello⁶¹. A Sánchez Díaz únense: **don Eugenio Corral Golpe**, **don Fabián Costas Amenedo** e **don Agustín Concheiro Golpe**. De momento, nembargantes, non gañaron e pasou o asunto á Comisión de Facenda.

Inmediatamente que os novos empresarios do Alfonsetti tiveron noticia disto, fixeron outra proposta ó Concello, mellorando punto por punto a de **D. Claudino**. Se éste pedía unha cesión, eles, máis legalistas, piden iso ou que se sacase a concurso. Se **D. Claudino** falaba de 30 anos, eles (máis a favor do Concello), de 25. E en canto á renda, tamén a melloran: das 50 pts. de **D. Claudino**, pasan nada menos que a 200⁶².

Hai que dicir que **don Adolfo Sánchez Díaz**, que parece en principio manter os mesmos argumentos que para o primeiro caso, logo amósase favorable á cesión, abondando na opinión de **don José Mauri** que, polas mellores condicións económicas, se decanta pola cesión ós segundos solicitantes.




Fig. 53.- *Don Luis Fernández Varela no 1916. Xentileza da súa familia.*

⁶¹Di Sánchez Díaz: «... no puede concederse dicho terreno por impedirlo la Real orden de 18 de Abril de 1877, y hallarse derogada la Real orden de 19 de Junio de 1901, por el artículo 85 de la ley municipal y el Real decreto de 15 de Noviembre de 1909; que además el hecho de conceder dicho terreno para construir un teatro, supone la desaparición del Alfonsetti, y, en consecuencia, que el Ayuntamiento pierda en el transcurso de los treinta años á que la cesión alude quince mil duros, por el arrendamiento del actual que dejaría de percibirse, lo que no puede compensar el canon de cincuenta pts. anuales que ofrecen por el nuevo teatro.» AMB, *Libros de Actas Capitulares*, 19-IV-1920, c. 46.


⁶²Expediente instruído a instancia de **Dn. José Ferreira Acevedo y Dn. Luis Ares Castro** en súplica de que se le conceda el terreno conocido por el Picardel... para construir un teatro...» Na Secretaría do Concello. Hai que suliñar que cando se trata este asunto no Concello (acta capitular do 3 de maio de 1920) citase este lugar como *Picardel Viejo*, porque nese momento tamén se chama Picardel ó solar do antigo mosteiro de San Francisco.


F. 54.-
Proxecto
de
González
Villar para
o Alfonsetti
no 1921 no
que
deberian
caber 858
prazas.
Non se
realizaría.



Escala 1/100
La Coruña Marzo de 1921

Foto D. González Villar





F. 55.- Este proxecto, máis modesto, de González Villar para o Alfonsetti si se levaría a cabo.
Data de xullo de 1923.

O Concello remite tamén a cuestión á Comisión de Facenda e daí non sairá nada: unha vez máis **D. José Ferreira Acebedo** e **don Luis Ares Castro** gañaron a **don Claudino Pita** ó neutralizar o seu proxecto.

A **don Claudino** aínda lle quedaba outra posibilidade, a de asentarse na *Casa del Pueblo*, probablemente non rematada de construir. Pero alí só o veremos no 1924.

Volvemos, pois, agora ó Alfonsetti, onde, a proposta dos novos arrendatarios, o Concello encarga a reforma do teatro ó arquitecto **D. Rafael González Villar**, quen expón na súa memoria que «las obras estudiadas en este proyecto de reforma tienden a aumentar la cabida del teatro con localidades de distintas categorías, hermosear el edificio haciéndolo más confortable y de lujoso aspecto, y obtener

una independencia absoluta con los distintos servicios a que pueda destinarse el resto de la construcción que forma el antiguo convento de Santo Domingo»⁶³.

O seu proxecto, que contempla nada menos que 858 localidades, é ambicioso e del consérvanse os planos no Arquivo Municipal, pero non se levará a cabo por demasiado custoso e, en consecuencia, encargaránlle outro no 1924 que só contempla a ampliación do anfiteatro, a decoración do patio de entrada e pouco máis. Neste mesmo ano xa atopamos ósobreiros traballando alí.

Con todo, parece que o cinematógrafo tivo algúns presenza nesta etapa conflictiva, pois atopamos referencias a el no 1922 e tamén vemos a presenza de quen será ilustre fotógrafo de fama mundial, o betanceiro **don José Veiga Roel**, por este tempo representante en Galicia da casa **L. Gaumont**:

«Anuncio: L. Gaumont. Aparellos e accesorios cinematográficos. Casa central en París. Representante en Galicia **Xosé Veiga Roel**. Méndez Núñez, 17, Betanzos.» *Rexurdimento*, 1-IX-1922.

«O domingo derradeiro comenzou a nova temporda de cine no teatro Alfonsetti e máis no García Naveira ["Casa del Pueblo"]. Comunicánnos que, no mesmo n'us que n'outros salós, proieutan iste ano ofrecer ao público producóns cinematográficas de outo mérito.» *Rexurdimento*, 16-IX-1922.

Cando chegamos a 1923 o Concello vese na obriga de abrir un expediente debido á débeda que o arrendatario **D. José Ferreira** ten por non pagar o arrendamento do Teatro Alfonsetti⁶⁴. No decorrer dos documentos fálase do *rumor público* de que se ausentou para «burlar a sus múltiples acreedores». O Concello tivo que realizar o correspondente embargo.

Así as cousas, sacouse de novo a concurso de arrendamento o Alfonsetti para o período 1-IV-1923 // 31-III-1928, por 500 pts. anuais. Agunhas das condicións son interesantes:

«El adjudicatario sólo podrá destinar el local para espectáculos teatrales, de cine, varietés y bailes, reservándose el Ayuntamiento el uso del mismo para la celebración de toda otra clase de actos públicos, incluso funciones de carácter benéfico, si bien entendiéndose que con ninguno de estos actos ha de lucrarse el Ayuntamiento, ni causar perjuicio alguno al contratista, siendo no obstante obligación de éste dar cuando menos, seis funciones anuales por compañías cómico, lírica o dramática y doce de varietés. También estará obligado el adjudicatario a permitir que el Ayuntamiento pueda efectuar en el local las obras que conceptúe convenientes para su seguridad y hermseamiento...»⁶⁵.

⁶³CABANO VAZQUEZ, Ignacio. «La arquitectura de Rafael González del Villar en Betanzos: Una aproximación a la arquitectura de Betanzos en las primeras décadas del siglo XX». En: *Anuario Brigantino* 1985, nº 8, Betanzos, Concello, 1986, pp.131 e ss.

⁶⁴5-I-1923. «Expediente instruido en virtud de deuda a los fondos municipales por el arrendamiento del Teatro Alfonsetti **D. José Ferreira** por no aparecer en los libros de contabilidad de Secretaría asiento alguno que haga referencia a este particular».

⁶⁵AMB, c. 2988.



Fig. 56.- Nesta fotografía de Blanco vemos un grupo de amigos no "Liceo Recreativo de Artesanos" de Betanzos, sito no Edificio Arquivo. Pode datarse na década de 1940. De pé, á esquerda, aparece D. José Veiga Roel, o gran debuxante e ilustre fotógrafo que tivera tamén algúna relación co mundo do cinematógrafo nos anos vinte como representante en Galicia da casa parisina "L. Gaumont".

Así pois, o domingo 11 de marzo de 1923, en presencia do Alcalde **D. Domingo Etcheverría Naveira**, tivo lugar o concurso. Os participantes eran: **D. José Iglesias Lamas**, da Coruña; **D. Francisco Riba**, («empresario de los Salones PARIS, DORÉ y VICTORIA, de La Coruña», baixo o selo de «Cinematográfica del Norte S. A. -La Coruña-, alquiler de películas, agencia San Roque, 19»), e **D. José Barreiro Rey**, industrial de Betanzos, de 53 anos de idade, a quen se adxudicaría o arrendamento.

O primeiro que fai o novo arrendatario é solicitar do Concello que non se lle esixa nada mentres non se lle entregue o teatro en boas condicións (alude ós proxectos do arquitecto **González Villar**), posto que nas condicións en que se atopaba, resultaba inútil para calquier tipo de espectáculo. O Concello esíxelle que pague a fianza e as dúas anualidades por adiantado (o caso de **D. José Ferreira** estaba moi presente), pero a cambio activou as obras a realizar. Nembargantes, as protestas de **D. José Barreiro** continúan e así entramos no 1924 sen que o Alfonsetti funcione, ata que se formaliza o contrato o 1-III-1924, a pesar da denuncia de incompatibilidade que fixo o Alcalde **D. Vicente Garma Páez** (31-I-1924) diante do Delegado Gobernativo do Partido, porque **Barreiro** non podía ser arrendatario por ser «concejal». Pero o 1-III-1924, cando todo se arranxa en favor de **Barreiro**, xa non era o **Sr. Garma** Alcalde, senón **D. Emilio Romay...**



Fig. 57.- Nesta fotografía de Ferrer da década de 1920, a moza que leva airosa a sella de auga na cabeza por unha das "aceras das viúdas" ten diante dela as escaleiras que levan ó adro de Santo Domingo e, naturalmente, ó Alfonsetti.

O "Teatro Casa del Pueblo" e o Alfonsetti (1924...): o control dunha "sociedade"

As obras no Teatro Alfonsetti, o perigo de que o seu contrato pasase a persoas de fóra da cidade, a triste experiencia da loita de 1920 entre **don Claudino Pita** (o perdedor), por unha banda, e **don José Ferreira** e **don Luís Ares** (os arrendatarios do Alfonsetti que agora se van), pola outra, e a demanda social de máis cine, foron aproveitados para constituir unha sociedade con obxecto de defender colectivamente mellor os intereses particulares dos seus membros. Por pronto, algúns deles xa eran arrendatarios do local da flamente «Casa del Pueblo» (proxecto de 1918 do arquitecto **D. Rafael González Villar**), situada no nº 13 da Rúa Travesa sobre os solares de dúas casas antigas, e que ten a súa orixe no legado de **D. Jesús García Naveira** en favor das sociedades obreras de Betanzos, integradas en «La Unión Obrera», que comprendía as de carpinteros, canteiros, agricultores e oficios varios⁶⁶.



Fig. 58.- O arquitecto coruñés D. Rafael González Villar.
Xentileza de Dª Josefina Castro.

⁶⁶CABANO VAZQUEZ, Ignacio. *Op. cit.* pp. 131 e ss.

Un precioso documento que nos proporcionou **D. Jaime Alberto Pita Varela**, datado o 29 de febreiro de 1924 (nótese que se produce un pouco antes de que se sacase a concurso o arrendamento do Alfonsetti, o 11 de marzo) non soamente nos di quen eran os que componían esa sociedade, senón tamén cales eran os principios que a rexían e mesmo que había no interior do «Teatro Casa del Pueblo»...

Por de pronto, componían a sociedade: **dona Josefa Muíño Naveira**, viúva de **D. Angel Fernández López** e «proprietaria»; **D. Luis Fernández Varela**, de 37 anos, casado e industrial; **D. José Barreiro Rey**, de 54 anos, viúvo e industrial, e **D. Claudino Pita Pandelo**, casado e industrial, de 67 anos. Todos eran veciños da cidade.

O documento é privado, feito por eles mesmos diante duns testigos e por el queda constituída a sociedade co fin expreso de dedicarse á «explotación de espectáculos públicos en esta población». Pero curiosamente, a titularidade dos locais que rexentaban non era da sociedade, senón dalgún deles a título persoal. Dá a impresión de que o feito de xuntarse desta maneira foi unha resposta defensiva diante da posibilidade de que o titular perdesese o arrendamento nas periódicas subastas. Así, algúns deles sempre serían os titulares e logo, como tal sociedade, manterían inmutable as súas expectativas económicas. Neste senso, vale a pena transcribir íntegro o punto segundo:

«... Que a tal objeto vienen contando entre los cuatro comparecientes con los locales de los teatros de la casa del Pueblo y Alfonsetti.- El primero, que viene funcionando por cuenta de todos los aquí comparecientes hace algún tiempo, aunque aparece arrendado por **don Luis Fernández y don Claudino Pita**; y el segundo, que fué subastado y rematado a nombre de **don José Barreiro**, si bien lo ha sido por todos los aquí contratantes, motivo por el que los arriendo y subasto referidos se estimarán como de la Sociedad que aquí se constituye a los efectos de su explotación y utilidades, aunque el arriendo aludido de la casa del Pueblo y el que se formalice del Alfonsetti figuren a nombre de los citados».

Como se viu máis arriba, o Alfonsetti sería efectivamente arrendado a **don José Barreiro**, pero non sen dificultades. Iso si, constituida a sociedade e marcas internamente as estratexias a seguir, quedaba excluída a competencia entre eles.

Contan con 1.549 pts. derivadas do funcionamento do «Teatro Casa del Pueblo» e ademais aportan capital diverso, ben sexa en cartos ou en especie. **Dona Josefa Muíño**, 6.030 pts. «para pago de dos anualidades anticipadas que hay que satisfacer al Excmo. Ayuntamiento... por virtud del contrato de arrendamiento que obtubo en pública subasta el **don José Barreiro Rey**...»

Pola súa parte, **don Luís Fernández** comprométese a adquirir un «aparato cinematográfico» para o Teatro Alfonsetti.

7. — Casa del Pueblo.



Fig. 59.- "Casa del Pueblo", sé de diversas "entidades agropecuarias", integradas na Federación Agraria do partido xudicial de Betanzos, da que era presidente no 1926 D. Bernardo Miño Abelenda e secretario D. Ramón Beade Méndez. Era tamén sé do "Teatro Casa del Pueblo". Desta fermosa obra de González Villar, proxectada no 1918, só nos queda hoxe a fachada.



Figs. 60 e 61.- Don Angel Fernández López e a súa muller Dña Josefa Muíño Naveira. D. Angel finou o 22-I-1924, sendo daquela calificado como "padre de los pobres", posto que fora presidente da "Sociedad de Socorros Mutuos de Artesanos" ata que renunciou por enfermidade (ainda despois foi "Presidente Honorario"). A fotografía de Dña Josefa está datada o 23-VII-1916. Foron pais de Elena, Pilar, Manuel e Angela, ésta casada co popular médico, xa finado, D. José Vázquez Crespo... Xentileza de Dña Elena Fernández Muíño e Dña Esther Camino.

Don Claudino Pita e don Luís Fernández aportan o material que teñen no «Teatro Casa del Pueblo» e, deste xeito, podemos entrever algo das características dese local e mesmo dos aparatos cinematográficos que alí había:

«Ciento cuarenta y cuatro butacas de madera, un transformador de corriente, una embobinadora de películas, un aparato para cine compuesto de una linterna, un arco, resistencia-crono y motor, una decoración de Varietés con dos farolillos, aparatos de luz laterales del aludido teatro de la Casa del Pueblo, que todo valorizan en 2.759,21 pts... **don Claudino Pita** también aporta un piano que tiene en su propiedad, el que conserva sin interés alguno durante la sociedad subsista.»

Para coñecer a actividade do «Teatro Casa del Pueblo» tivemos a sorte de contar cun libro de contas da **Familia Pita**, levado persoalmente por **D. Claudino**, e que se encabeza como «Teatro Casa del Pueblo» (sen dúbida o mesmo que outras veces, no 1922, atopamos como «Teatro García Naveira»). Nel sinálanse os ingresos e os días en que organizou alí espectáculos entre xaneiro e maio,



Fig. 62.- Actuación dos Malvar Vidal no Teatro Alfonsetti de Betanzos. Detrás vemos un telón pintado por Camilo Díaz Valiño. Fotografía de "Vida Gallega", nº 291, 30-XII-1925. Xentileza de D. Jesús Angel Sánchez García.

inclusives, de 1924. Estes deberon ser maioritariamente cinematográficos, a xulgar polas lembranzas de persoas que estiveron alí ou oíron falar diso.

Volvendo á sociedade, tódolos socios tiñan intervención e fiscalización directa en calquera aspecto que atinguisse a ela, incluído o nomeamento, funcións, retribucións ou separación do persoal, para o que deberían estar de acordo ou decidir por maioría.

O prazo que se daban de duración da sociedade era polo tempo que durase o contrato do Alfonsetti (que daquela presumían ía ter **D. José Barreiro**) e, en calquera caso, non menos de cinco anos.

Como xerente da sociedade acordan nomear a **don Claudino Pita Pandelo** e como depositaria a **dona Josefa Muíño**. O «ambigú» do Alfonsetti sería explotado por **don José Barreiro**, aínda que as utilidades corresponderan a todos.

EL REINO DE LILIPUT

HERMOSA PRODUCCION CINEMATOGRÁFICA INFANTIL

Espectáculo heróico-cómica en 7 partes, representada por la más renombrada troupe de enanos del mundo

PRIMERA PARTE

SEGUNDA PARTE

TERCERA PARTE

CUARTA PARTE

QUINTA PARTE

SEXTA PARTE

SÉPTIMA PARTE

ÚLTIMA PARTE

Atil, postrado ante Picolina, el enamorado, nuestro valor.¹⁴

Gigante le dice:

—Di, princesa, que tu no serás más que mía. Y te daré la libertad.

—A lo que la princesa respondió descargando al gigante una tremenda bofetada; pero nació el gigante le dijo: —De nuevo una corcel los un horroido el siguiente lando:

—“Ciudadanos! Repeliendo el insulto, nuestro buen Rey, Miceros XXX declara la guerra al Rey Giga y a sus vilas gentes.”

Noticia que el pueblo liliputense recibió entusiasmanticamente,

Miceros movilizó su ejército y al rastriarlos, les dice: «Vosotros haced venir a esos gigantes que pugnaron por la talla de sus grandes padres!

—“Y la infantería se pone en marcha.”

—“La caballería sigue presto a cargar.”

—“Luego la artillería ligera se dispone a hacer entender su gruesa voz.”

ante el gigante dice:

—“Mi rey Miceros XXX reclama... Interrupiendo este: “Mas alto general, nuestra voz no consigue illogar hasta mí.”

Para poder oírlo suben a una mesa al general y entonces esto exclamaron los gigantes:

—“Miray Miceros XXX le oreína la devuelta su hija queridita.”

—“A lo que le contesta negativamente, diciéndole entonces el general: “Temece su corona y venganza de los enanos de Liliput.”

Añemazca que el gran gigante rechaza con las polillas: “Nuestras valientes espadas no temen nada de vosotros pequeños bueyes honbres.”

Y el general le respondió: “Ustedes verán que no es por centineros por lo que se mide

Toda temblorosa la pequeña princesa es llevada al palacio de Gigas,

—“¡Camara!... ¡Camara!... ¡De rodillas gran gigante, Tu mala aci

ión reclama nuestra venganza.”

SEPTIMA Y ÚLTIMA PARTE.

La princesa es libertada.

Al frente de los gigantes, debidamente escoltados por los valientes enanos, el príncipe Colibrí perdió en el tenibroso calabozo abrazamiento a la amada Princessa, dice:

—“Estás libre, Princessa.”

—“Giga está en nuestro poder.”

Y triunfalmente la conducio ante el perverso gigante diciéndole al vorde:

—“Giga va a ser pasado por las armas.”

Desarrullándose el sanguinario dialogo 2, al que dio comienzo el cobardío Giga,

—“Piedra, pequeños héroes, sed grandes en vuestra clemencia.”

—“No, gran Zogote.”

—“Tu, debes morir.”

—“Perdonadme Princessa.”

Y Picolina, bondadosamente, responde:

—“Yo os perdono, marchaos y hacedo aborcar en otra parte.”

Y aun cuando la peligrosa nada más nos revela, suponemos que la feliz pareja festeará esplendidamente el triunfo de los lidiados liliputenses.

FTN.



Do renacemento á expansión (1925-1930)



Fig. 64.- Unha escena da película "La casa de la Troya" mentres se rodaba en Betanzos. Co río Mendo de testigo, vemos ó fondo a desaparecida Ponte Nova e os fermosos hórreos da Galera, sen esquencer os postes da electricidade (a fábrica estaba perto destes actores).

No 1924 os obreiros seguían a traballar no Alfonsetti, baseados no último proxecto de **González Villar**. Concretamente en marzo dese ano pasa unha conta o contratista **D. Jacobo Crestar** e en xullo outra un carpinteiro.

Non é, pois, extraño que só documentemos actividade cinematográfica a partir de setembro de 1925, pero unha vez reaberto o Alfonsetti e coa «sociedad» desexando traballar, a actividade non terá descanso ata decembro de 1930. Polo medio hai outros espectáculos como o teatro dos días 9, 10 e 11 de xaneiro de 1926 en que actuou a «Compañía de **Manolo París**» e, naturalmente, os tradicionais bailes do Carnaval, dos Alborotados e outros máis.

Esta etapa empezaba con bo pé, porque ó puco de abrir o Alfonsetti prodúcese un dos maiores acontecementos cinematográficos, quizais o maior, que se recordaba en Betanzos: o estreno de «La Casa de la Troya». Proxeccións o 19, 20 e 21 de decembro de 1925. Esta película (1924), baseada na novela do mesmo título (publicada no 1915) de **Alejandro Pérez Lugín**, que sería aquí tamén o guionista, foi a primeira de cinco versións do tema, realizadas en tres países⁶⁷.

Ademais de que a novela era xa moi popular, tiña para os betanceiros o atractivo engadido de contar con escenas filmadas na cidade. Non resulta, pois, extraño que nun artigo da *Revista Núñez*, de Betanzos, do ano 1926, **don Javier Teijeiro Bugallo**⁶⁸ faga unha entusiasta e agradecida loubanza do autor, da novela e da película:

«Al filmarse la Casa de la Troya se abrió sobre Galicia un elevado ventanal que había de ser aureolado por la gloria del triunfo. Desde él y reflejados en la pantalla vimos desfilar en sucesión ininterrumpida sus valles meigos y las brumosas cumbres de sus montañas, sus costas bravas y sus rías apacibles; los pazos solariegos y las catedrales seculares de racialidad artística patrimonial; las urbes populosas y las viejas ciudades de pinas y angostas rúas; los ríos embrujados, los regatos de sortilegio; los agros, los eidos...

Betanzos, la noble y real, desfiló también entre el concurso de bellezas que se ofrecía. A decir verdad, acierto grande fué el de señalar para desarrollo de la acción en lo que a la vieja capital mariñana concernía los lugares de que nos dió cuenta la maravillosa [sic.] film. Es difícil, aunque lo contrario parezca, elegir y seleccionar lo interesante y bello de entre lo que es ya bello e interesante. Y esta dificultad se acrecienta cuando los motivos se manifiestan en forma tan abundante y pródiga como es nuestra ciudad. La selección que de estos pintorescos y artísticos rincones hizo Pérez Lugín para impresionar algunas de las mejores y más culminantes escenas de su producción, permite, con su acierto, ver bien claro el triunfo del hombre artista hermanado con el del hombre literato...

Sí, Betanzos, la ciudad épica e hidalga por antonomasia; una de las más impregnadas de recuerdos de la vieja y amada Galicia, de la Galicia de los hidalgos y de los caballeros, paseó por los lienzos del mundo entero su perspectiva de teatralidad maravillosa, que fué pasmo de los ojos de cuantos la vieron y percibieron la impresión severa de señorío y nobleza que la caracteriza...»

⁶⁷Sen rematar a película, **Pérez Lugín** proxectionou para a prensa cun «triunfo rotundo» no Salón París da Coruña: oito rollos de tres horas de duración. Hai unha cita en *La Voz de Galicia* do 9 de outubro de 1924 na que se relacionan os lugares de rodaxe, entre os que está Betanzos. Presentouse despois en Madrid no Teatro de la Zarzuela (28 de xaneiro de 1925), en Barcelona, en Santiago o 10 de febreiro de 1925 no cine Royalty, no Teatro Linares Rivas da Coruña (20 de febreiro) e no Royalty de Vigo (27 de febreiro)... Esta película consagrou como gran actriz a **Carmen Viance** no seu papel protagonista de Carmiña de Castro Retén.

En Hollywood faise a primeira versión sonora no 1930, dirixida por **Robert Z. Leonard**. No 1936 **Juan Vilamala** dirixe a segunda versión española. En México, no 1947 **Carlos Orellana** dirixe un guión elaborado polo poeta **Manuel Altolaguirre** e con música de **Rodolfo Halfter**. E, por último, **Rafael Gil** realiza a última versión, terceira española e primeira en cor. Véxase, MÉNDEZ LEITE, Fernando. *Historia del cine español*, I...

⁶⁸Curiosamente, **D. Javier Teijeiro** formaría anos máis tarde sociedade con **don Antonio Blanco Viñas** e **don Adolfo Rey** para crear o «Gran Cine Capitol» de Betanzos, inaugurado no 1942.

Pedro Montaña

Teléfono 519

Valroquetas, 10

Rous 26 de Noviembre de 1926

Sres. Empresa del Teatro Jofre

Betanzos (Coruña)
=====

Muy Sres. míos:

Como constructor de PLATAFORMAS MOVIBLES, para plateas de teatros, y ya que con mi construcción en 10 minutos se puede transformar la platea de inclinada à horizontal, cosa altamente necesaria por si se quiere utilizar el teatro para salón de baile, banquetes o por otras cosas que tenga que ser horizontal.

Además mi sistema no tiene comparación de lo más barato que es sobre otras construcciones, por esto me muero ofrecerse por si le interesa.

De interesarle por de momento la idea, puede consultarmelo, que le serán facilitados cuantos datos como presupuestos sean necesarios, como referencias de los ya instalados.

Con este motivo, aprovecho la ocasión, de ofrecerme de V. su atto. s.s.

q.e.s.m.




Fig. 65.- Carta propagandística da casa "Pedro Montaña" sobre "plataformas móviles" para teatros. Xentileza da Familia Pita.

E ainda continúa **don Javier** ensalzando a cidade a propósito da película. Non sería, desde logo, a última que conta con Betanzos como escenario⁶⁹.

A finais de 1927, e como consecuencia da gran actividade do Alfonsetti, mércanse 240 butacas «a medio de gestión directa y sin subasta, ni concurso por la urgencia del caso»⁷⁰, segundo ordena o Alcalde **D. Emilio Romay Montoto** o

⁶⁹Unha das derradeiras será «La campana del infierno» (con exteriores de Padrón, Mera e Betanzos) de **Claudio Guerín** e rematada por **Bardem**.

⁷⁰Año 1927. Expediente instruido en virtud de concurso abierto para la adquisición de 240 butacas para el Teatro Alfonsetti...»AMB, c. 2988.

15-X-1927. É tamén neste ano cando imaxes de Betanzos aparecen no film «La ciudad de cristal», do que era productor e operador o fotógrafo coruñés **Augusto Portela**. Sería estreado no Teatro Linares Rivas da Coruña o 22 de marzo⁷¹. Por último, o 22-VI-1929 deixa de ser arrendatario do Alfonsetti **D. José Barreiro**, por ese tempo viúvo e «enfermo de importancia»⁷². Supoñemos que a sociedade seguiría en pé, aínda que do seu devir xa non atopamos ningún documento.

Noutra orde de cousas, hai que dicir que neste ano de 1929 filmase «Un viaje por Galicia»⁷³, película producida polas catro deputacións galegas, na que se realiza un detallado percorrido por algunhas das máis nomeadas poboacións de cada provincia, entre elas Betanzos. A dirección correu a cargo do palentino **Luis R. Alonso** que xa participara no 1923 con **Antonio Rey Soto** na película «Un viaje a través de Galicia y Asturias». É un documental recuperado hoxe en día.



Fig. 66.- Prospecto de "La casa de la Troya".

⁷¹GARCÍA FERNÁNDEZ, *Op. cit.*, pp. 83-84.

⁷²"Año de 1923. Expediente instruido a fin de llevar á cabo el arriendo del local Teatro Alfonsetti propiedad de este municipio".

⁷³GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio. *Op. cit.*, pp. 311-312.

XIII

Cine propagandístico comercial (1928)



Fig. 67.- A Banda Municipal de Betanzos (arredor de 1925-26 co director Faustino Temes ó frente) era a protagonista da vida social e festiva da cidade e, naturalmente, tampouco podía faltar na proxección propagandística que tivo lugar no Teatro Alfonsetti o 4 de febreiro de 1928 da "Industria aceitera y aceitunera Hijos de Ibarra" ..

Foi moi curioso para nós atopar unha proxección, nada menos que no 1928, adicada exclusivamente a facer propaganda das excelencias dun producto, neste caso dos derivados dunha industria aceiteira. É de supoñer que se isto pasou en Betanzos, tamén tería lugar noutras partes de Galicia e de España, pero consideramos que vale a pena deixar constancia do acontecemento, xa que ó aspecto de espectáculo engádese evidentemente o de fomenta-la compra dun producto, e, neste senso, estamoś diante dun xénero novo: o das películas propagandísticas comerciais, que derivarían nos anuncios previos ás funcións cinematográficas.

«Un obsequio al comercio. Reina gran espectación ante el anuncio de la velada que se celebrará en obsequio al comercio de ultramarinos de esta plaza, en el teatro Alfonsetti, el 4 de febrero próximo, siendo grande el número de personas que acuden en demanda de invitaciones.

El teatro ha sido galantemente cedido por la Empresa al iniciador de la función, don Benito Alvariño, **representante general de los Señores Hijos de Ibarra, de Sevilla.**

Se proyectará una hermosa película cómica y seguidamente la denominada «Industria aceitera y aceitunera: su producción, elaboración y exportación», propiedad de dicha casa comercial. En ella podrán admirarse hermosas vistas de la ciudad de Sevilla y la elaboración del aceite, primera industria española.

A la función serán invitadas las autoridades y comercio de ultramarinos y amenizará el acto la Banda municipal de música que dirige el señor Temes...» *La Voz de Galicia*, martes, 31-I-1928.

«...Proyectóse primeramente en la pantalla una graciosa cinta cómica que agradó sobremanera. Exhibióse después la película en dos partes, propiedad de la casa **Hijos de Ibarra**, de Sevilla... en la que se pusieron de relieve las bellezas de la ciudad andaluza, escenas del campo y la manipulación de los olivares hasta la exportación por el puerto de Sevilla. La película, que constituye un alarde de buen gusto y técnica sirve también para poner de manifiesto la grandeza de la industria aceitera española en la que la casa Hijos de Ibarra luce sus modernas instalaciones y la capacidad de su producción.

Durante la función organizada rumbosamente, fueron obsequiados los concurrentes que llenaban el teatro, con numerosos presentes, sorteándose entre ellos una lata de aceite...» *La Voz de Galicia*, martes, 7-II-1928.



Fig. 68.- *Charlot. Debuxo de Alfredo Eriás. As películas cómicas foron durante décadas a introducción obrigada de toda función cinematográfica e mesmo doutro tipo de espectáculos realizados no seo dos teatros e/ou cinemas.*

XIV

Ricardo Núñez: un actor, productor e director de Betanzos



Fig. 69.- Fotografía de principios dos anos 20 (antes de 1923) na que aparece o persoal do Kiosko Alfonso da Coruña, rexentado por varios socios (un deles Enrique Núñez Lissarrague, outro o propio arquitecto do edificio, D. Rafael González Villar) e no que a parte comercial estaba a cargo do betanceiro D. José Barreiro (probablemente o 1º sentado pola dereita), e do compostelano «Pepe Carballeira», o famoso «Rey de los cócteles» (primeiro pola dereita, con bigote, no terceiro plano). Pois ben, no medio de camareiros, limpabotas e demás, vemos aquí (o terceiro pola dereita, sentado) ó mozo Ricardo Núñez Lissarrague, cando aínda o seu futuro como gran figura do cine español estaba por escribir. Xentileza de dona Concepción González (seu pai, D. Manuel González Gestal, é o 3º sentado pola esquerda) e de dona María Luisa Couceiro.

Para sintetizar a personalidade e a obra dun dos personaxes máis representativos do cine español, temos a sorte de contar cun magnífico traballo de **don José Luis Mosquera Camba**, que seguiremos, mentres que pola nosa parte nos limitaremos a engadir algúns datos de cando chegaron a Betanzos as súas películas e mesmo a frecuencia da súa proxección, así como algunas fotografías descoñecidas da súa etapa americana⁷⁴.

⁷⁴MOSQUERA CAMBA, José Luis. «Ricardo Núñez: una vida para el Cine». En: *Anuario Brigantino* 1986, nº 9, Concello de Betanzos, A Coruña.



Fig. 70.- Ricardo Núñez e Imperio Argentina en "La Hermana San Sulpicio". Por ela cobrou Ricardo cinco mil duros, unha verdadeira fortuna para 1928.

Ricardo Núñez Lissarrague naceu en Betanzos o 16 de xullo de 1904 dentro dunha familia da burguesía local. Co seu irmán maior, **Enrique**, propietario do Kiosco Alfonso da Coruña, trasladouse a Madrid arredor de 1923 para montar unha cafetería chamada Atocha. Alí, no ambiente do café *Maria Cristina* foi «descuberto» polo mítico **Florián Rey**, con quen iniciaríá unha prolífica etapa de cine mudo co film «El pilluelo de Madrid», de 1926. O 1 e 2 de maio de 1927 proxectarase no Alfonsetti.

No 1927 dirixe **Florián Rey** «Aguilas de acero», tendo como actores principais a **Pedro Larrañaga**, **Lyta Pancker** e **Ricardo Núñez**. Nel exaltábase a aviación española, dentro dun entramado de espionaxe. Rodouse totalmente en interiores e exteriores naturais (Tanger, Tetuán, Rabat...) e famosos aviadores como **J. Ruiz de Alda** ou **Luis Suevos** fixeron acrobacias aéreas cos seus aparatos. Os betanceiros vírono no Alfonsetti o 28 de outubro e o 1 de novembro de 1928.

A fama definitiva para **Florián Rey** e tamén para **Ricardo Núñez** chegaría con «La Hermana San Sulpicio», de 1928, sobre a novela do mesmo título de **Armando Palacio Valdés**. De protagonista feminina contrataron unha descoñecida, descuberta por Ricardo: **Imperio Argentina**. Estreouse no «Palacio de la Música»



Fig. 72.- Rosita Díaz Gimeno e o «galán» Ricardo Núñez en «Susana tiene un secreto», película dirixida por Benito Perojo. Esta fotografía apareceu na revista do Centro Social Betanzos de Buenos Aires, do ano 1935, dedicada ás festas de San Roque.

ca» de Madrid o 13 de febreiro de 1928 cun éxito apoteósico e no Alfonsetti de Betanzos o 21 de maio dese ano. O éxito levaría a **Florían Rey** a facer un *remake* da mesma no 1934, pero xa sen Ricardo⁷⁵.

«Fútbol, amor y toros», de 1930, foi a última película de **Ricardo Núñez** con **Florían Rey**. Estaba producida polo propio Ricardo («Selecciones Núñez») e tiña como peculiaridade a de presentarse «sonorizada» por medio do sistema «Filmófono» do enxeñeiro **Ricardo N. de Urgoiti**, que conseguía efectos de fundidos sonoros, ruidos ambientais, etc. ó combinar discos de gramófono.

De toda esta etapa só se conservan tres minutos de duración de «La Hermana San Sulpicio».

A nova etapa de Ricardo, xa co cine sonoro, ten un problema de base: a súa voz era fermosa e timbrada, pero notábasele en exceso o acento galego. Así pois, Ricardo terá que salvar ese obstáculo, non sen esforzo. Empezará con «48 pesetas de taxi», de 1930, xunto a **Erna Becker** e baixo a dirección de **Fernando Delgado**.

Os estudios de Joinville, unha sucursal francesa da Paramount, chamárono no 1931 para protagonizar «Las noches de Port Said». Destes films tampouco quedan copias.

⁷⁵Hai que dicir que os dereitos da novela foran adquiridos por **Enrique Núñez**, irmán de Ricardo, e por **Francisco Oria**, que crearon a productora «Perseo-Films». MOSQUERA CAMBA... *Op. cit.*, p. 120.

Con **Benito Perojo** inicia unha longa traxectoria, empezando con «El hombre que se ríe del amor» (1932). Cunha das protagonistas, **Rosita Díaz Gimeno**, será o galán en «Susana tiene un secreto» (1933) e na titulada, «Se ha fugado un preso», presentada á *Segunda Exposición Internacional de Arte Cinematográfico de Venecia* (precedente da Mostra) do 1 ó 4 de agosto de 1934⁷⁶. Con elas, a parella será a máis popular do cine español e Ricardo será coñecido como «el galán de la simpatía».

Outras películas con **Perojo** foron: «Corre, mulilla» (1933); «El negro que tenía el alma blanca» (no Alfonsetti o 24 de maio de 1942, logo de pasar pola «Junta de Censura de Madrid» o 21-XI-1939) e «Crisis mundial» (as dúas de 1934 e con **Antoñita Colomé**)... «Rumbo al Cairo» é a única película que se conserva, aínda que incompleta, desta etapa: en Betanzos foi proxectada o 6 de novembro de 1937, o 2 de febreiro do 1939, etc., despois de pasar a censura («Junta de Censura de Burgos») o 19 de decembro de 1936. Nela repite Ricardo xunto a **Miguel Ligero** e lánzase á fama á actriz **Mary del Carmen Merino**, coa que volvería a traballar na última película que fai (como actor e produtor asociado) con **Perojo**: «Es mi hombre», realizada antes de estalar a guerra de 1936 e que en Betanzos se proxectaría no Alfonsetti o 6 de novembro de 1937, logo de pasar pola «Junta de Censura de La Coruña» o 16 de abril dese ano.

Tamén participará en traballos paralelos (sen Perojo) como: «Alalá», «Los nietos de los celtas», «Sol y nieve».... Nada deles se conserva.

Cando estalou a guerra estaba en Aranjuez, coproducindo con **Perojo** «Nuestra Natacha», o proxecto máis caro ata daquela do cine español, con actores como, **Rafael Rivelles**, **Ana María Custodio**, **Pastora Peña**, **Irene Caba Alba**, etc. Nunca chegaría a estrenarse.

Mentres intentaba montar a película en Valencia é «reclutado» pola UGT e pola CNT. Para a primeira actuará como actor na película de **Ardavín**, «En busca de una canción», e para a segunda, na de **Fernando Mignoni**, «Nuestro culpable», que se conserva completa.

Participa na guerra dentro do bando republicano, cando xa estaba casado e tiña unha filla. E teremos que esperar a 1940 para velo producindo «Martingala», a película na que aparece por primeira vez o seu segundo gran descubrimento: **Lola Flores**. Foi vista no Alfonsetti o 11 de xaneiro de 1942, logo de pasar pola «Junta de Censura de Madrid» o 16-VIII-1941.

⁷⁶«Fue la primera película donde no aparecían los créditos de presentación. Un locutor los iba diciendo como si se tratara de una alerta para los oyentes: ¡Atención, atención: se ha fugado un preso!, etc. hasta recitar todo el equipo técnico y artístico: al llegar al nombre del compositor, **Daniel Montorio**, fundía la voz con la orquesta». CAPARROS LERA, J. M. *El cine argumental de la República...* Citado por MOSQUERA CAMBA, *Op. cit.*, pp. 122-123.



SE HA FUGADO UN PRESO



Figs. 73-76.- Diversas imaxes de Ricardo Núñez. Na última está nos toros acompañado por "Mr. Blunt y Mr Kleim, director de la Universal y su subdirector en Europa". Dille Ricardo ó pai detrás da foto: "la amistad como verás era grande pero la suspensión de envío de artistas me echó abajo todos mis planes". Xentileza de D. José Luis Caldelas Núñez.



Fig. 77.- Ricardo Núñez na Arxentina "con Perojo y nuestras dos pequeñas actrices Perlita Nelson y Stelita Ríos". Xentileza de D. José Luis Caldelas Núñez.

Viaxa á Arxentina e alí, ademais de produtor, tamén dirixe, entre outros films, dous largometraxes, ben acollidos pola crítica e o público: «Madre Alegría» e «Fuego Sagrado».

De volta a España, dirixe no 1955 «La chica del barrio», con **Perojo** como produtor e con actores como, **Pepe Blanco, Lolita Sevilla e José Isbert**. Esta película é a última que fai con **Perojo**.

Outras que dirixe son: «Malagueña» (1956), con **Lolita Sevilla e Antonio Molina**; «Tremolina», con **Lolita Sevilla e Angelillo** (Ricardo é tamén o guionista xunto a **Mauricio Torres**); «Lo que cuesta vivir» (1958), na que volve a actuar discretamente (como taxista), e «Detective con faldas», a súa última película como director, na que aparece a primeiriza **Mary Santpere**.



Fig. 78.- Ricardo Núñez e a súa esposa, Paquita Garrido "en un pueblecito del Brasil de regreso de Rio de Janeiro donde estuve localizando exteriores" (dille ó pai). Xentileza de J. L. Caldelas Núñez.



Figs. 79-80.- Ricardo Núñez dirixindo nas praias uruguaias a película "La Casta". Abaixo "con Mirta Segrand y otros actores". Xentileza de D. José Luis Caldelas Núñez.



Fig. 81.- Ricardo Núñez ensaiando cos actores na Arxentina.

Continúa despois en labores de producción e de guionista, apartado, como fixera sempre, de agasallos.

Betanzos non o esquenceu e non só se viron aquí a maior parte das súas películas, senón que ademais tamén se escribiu sobre el. Así, a revista do Centro Social Betanzos de Buenos Aires, no ano 1935, facía unha lembranza encomiástica e reproducía dúas fotografías súas. Posiblemente haxa máis artigos que non atopamos, pero, en calquera caso, está o xa referido de **Mosquera Camba** e un traballo inédito de **don José Luis Lissarrague** que se conserva no Arquivo Municipal. E no Museo das Mariñas de Betanzos hai tamén unha lembranza del, xunto cunha síntese da historia do cinematógrafo na cidade.



Fig. 82.- Ricardo Núñez na apertura dunha exposición en Madrid do seu sobriño Jesús Núñez (este con gafas) no 1989.

Don Claudino Pita volve ó Alfonsetti (de 1929 á Segunda República)

Como xerente da sociedade de que falamos, **D. Claudino** dalgún xeito xa estaba no Alfonsetti. Por outra parte, non nos consta que seguisse coa actividade do «Teatro Casa del Pueblo»: segundo o libro de contas referido non aparece por alí despois do 1 de maio de 1924.

De calquera maneira a **don Claudino**, que deixara de ser arrendatario do Alfonsetti ó seu pesar no 1920, non debía satisfacerlle ser soamente xerente da sociedade e planea volver ó teatro de toda a súa vida como arrendatario, cousa que acadará o 26 de outubro de 1929 cando a Comisión Permanente do Concello acceda (sen acudir ó tradicional concurso) á súa petición de que se lle arrendase por un ano o Alfonsetti «á partir de primeiro de Nobiembre proximo para dar funciones de Cine y Bailes...». Hai que dicir que por este tempo, **don Claudino** estaba a punto de cumplir 73 anos e o respeito e a admiración por el debían ser moi grandes na cidade: non esquenzamos que desde finais da década de 1870 é o que fai, entre outras moitas cousas o mítico Globo de Betanzos, recollendo unha tradición que se orixinara no 1814⁷⁷. Non parece que agora o

⁷⁷Unha casa a de **don Claudino Pita**, «la... más surtida y antigua de Galicia» segundo un anuncio posterior á súa morte (1933), adicada ás festas e ós espectáculos, que ofrecía «artículos para festejos, contrata sesiones de cine público, adornos para plazas y calles, globos y faroles de todas clases, adornos para iluminaciones eléctricas, tulipas en papel cristal para bombillas a precios reducidísimos, faroles y transparentes para retretas y serenatas marítimas...»



Fig. 83.- Don Claudino Pita Pandelo nos últimos anos da súa vida, quizais no 1933.

ESTAMPA BETANCIERA

O GLOBO GRANDE

Noite agostefia; o Campo ten a traza
d'un verzel de feitozo, lexendario.
Enche o recinto o ledo vecindario,
que mira absorto os fogos d'ar e praza.

Baixo dos soporías, certa impaza
fuxe d'un carreteiro tabernario,
e no balcón do vello campanario
veu como a curuxa anda de caza.

Unha bomba eise xa. Pende da torre
o xigante aerostato. A xente corre,
buscando posición más ventaxosas.

Dá Claudino a pitala derradeira,
e rubió espazo, ó sonad unha muñéscira
o montgolfier de llinas maxestosas.

Francisco Vales Villamarín.

IMP. VILLUENDAS

TEATRO ALFONSETTI

SABADO 21 DE ENERO

DE

1933

A LAS SIETE DE LA NOCHE



GRAN VELADA
HOMENAJE

DE LA
CIUDAD DE BETANZOS
AL POPULAR

CLAUDINO PITA

Fig. 84.- Díptico da homenaxe popular a D. Claudino Pita o 21-I-1933.

local estivese en malas condicións. Destaca a existencia de 26 filas de butacas de 6 asentos de madeira «en buen uso» e soamente 2 filas de 6 asentos en «muy mal uso». No inventario correspondiente atopamos tamén, e por primeira vez, unha alusión ó popular *galiñeiro*: «seis tulipas de vidrio que existen debajo del gallinero y que dan luz al salón de butacas». Sigue existindo o «telón de boca con una pequeña rotura que representa un paisaje de Betanzos».

Cando se extingue este contrato, **D. Claudino** solicita (31-X-1930) a súa prórroga por un ano máis, cousa que consegue, tamén sen concurso, a pesar das indicacións do secretario do Concello en favor dun concurso público e da petición do mesmo por parte de **D. Luis Fernández Varela**, que pretendía se-lo novo arrendatario por cinco anos. Como vemos, da vella sociedade de 1924 xa non queda nada e agora doux daqueles socios aparecen enfrentados.

Volve **D. Claudino** a solicita-la prórroga o 31 de outubro de 1931 e o Concello tamén lla concede desde o 14-X-1931 ó 31-X-1932⁷⁸.

⁷⁸ «Año de 1929. Arrendamiento del Teatro «Alfonsetti» al industrial de esta vecindad, **D. Claudino Pita Pandelo**. AMB, c. 2988.

PROGRAMA

1.^a PARTE

1.^o Sinfonia.

2.^o Presentación de la "**Rondalla Brigantina**" compuesta por jóvenes de la localidad que ejecutarán varias piezas musicales.

3.^o Las Floristas

coro desempeñado por las Stas. de Sanjurjo, Muñio, Crestar (Joaquina y Enriqueta), Fiaño, Varela, Santos, Cachaza y Gandariñas.

4.^o El sainete gallego en un acto y en prosa de Xavier Prado (Lameiro) titulado,

"Almas Sinxelas"

REPARTO

Sabela . . .	Sta. Pilar Cachaza
Marica . . .	" Paz Fiaño
Tio Sidro . . .	Sr. Fiaño
Xes. . . .	" Pita Las-Santas
Marino. . . .	" Allegue
Caxato	García

2.^a PARTE

1.^o Sinfonia

2.^o Lectura de unascuartillas literarias y alusiones al acto por el brillante escritor brigantino D. José García Acuña.

Entrega por D. José Seijo Rubio, Betanceiro honorario e iniciador de este homenaje a Claudino Pita, de un reloj que por subcripción se adquirió para tal fin.

3.^o Las Aventuras de Pichi

Coro integrado por las mismas Stas. que el de Floristas.

Los entreactos serán amenizados por la brillante "**Orquesta Lima**", compuesta por elementos de la localidad, que tanto éxito conquistaron en veladas anteriores.

Precios: **Butaca 2 Ptas.**
Delantera 1'50 "
General 0'75 Cts.

Fig. 85.- Programa da homenaxe popular a D. Claudino Pita o 21-I-1933.

No 1929 parece baixar o número de proxeccións cinematográficas, pero sube xa ó ano seguinte. Todo parece normal na liña de máximo funcionamento do Alfonsetti, co vello **don Claudino** ó frente. Mesmo no 1932 farase un documental sobre a cidade, áinda que non sabemos nada do autor nin das súas características⁷⁹.

De súpeto, quedamos con menos datos documentais a efectos de proxeccións para a maior parte da Segunda República, con algunas excepcións como en xullo e agosto de 1933 e de setembro a outubro de 1934. Pero para daquela **D. Claudino Pita Pandelo** xa morrera o 4 de abril de 1933, pouco despois dun fastuoso homenaxe popular no seu Teatro Alfonsetti (21-I-1933). Ó ano seguinte, o Alcalde **D. Víctor Cancela Noguerol** propuxo a municipalización dos servicios de teatro e cine da cidade, cousa que se aprobou por unanimidade na sesión municipal do 10 de decembro. Coñecemos (AMB, c. 2988) a súa carta en tal sentido ó Ministro de Facenda (26-XII-1934), pero nada do resultado...

⁷⁹GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio. *Op. cit.*, p. 37.



Fig. 86.- O Teatro Alfonsetti abarrotado de xente na homenaxe do 21-I-1933 a D. Claudino Pita Pandelo.

O 1 de abril de 1935 (ás doce da mañá) celebrouse no Alfonsetti unha reunión da «Sociedad General de Empresarios de Espectáculos Públicos de Galicia», solicitada por **don Amador Rodríguez Guerra**, veciño de Betanzos, a título de membro da comisión organizadora. O obxectivo era deixar constituída oficialmente a dita sociedade, pero só temos esta noticia e nada sabemos tampouco dos seus logros⁸⁰.

De tódalas maneiras, a **Familia Pita** permaneceu no Alfonsetti e, de feito, vemos a **Dona Juana Otero** (viúva de **don Claudino**), a título de «empresaria del Teatro Alfonsetti», solicitar permiso (que se lle concede) para celebrar bailes «con motivo de las fiestas de carnaval» os días 23, 24, 25 e 26 de febreiro de 1936⁸¹.

⁸⁰AMB, c. 1076.

⁸¹AMB, c. 1076.

XVI O Cine Sonoro

O eco do éxito da casa Warner co estreno de «The Jazz singer» no 1927 non tardaría en espallarse por todo o mundo. Ó cine Tamberlick de Vigo, da empresa Fraga, en maio de 1930, chega por primeira vez o cine sonoro a Galicia con «El loco cantor»... Na Coruña documentamos a súa chegada en xuño de 1930 no Teatro Rosalía de Castro. Tratábase da película soviética «Troika», de costumes rusas:

«Progresos del Arte mudo. Pruebas de cine sonoro

Se comenta estos días entre los aficionados al cinematógrafo el propósito que se atribuye a una empresa local, de continuar explotando el negocio por el procedimiento novísimo de «cine» sonoro.

Dícese que al efecto pronto recibirá la empresa de referencia el aparato que introduce la nueva modalidad, que ya viene funcionando en algunos teatros de España. Y se añade que las pruebas darán comienzo el día primero del mes próximo, con una película interesante.

Según los bien enterados, el coste del aparato en cuestión se eleva a cincuenta mil pesetas, afirmándose que su funcionamiento es perfecto.» *La Voz de Galicia*, martes, 25-IV-1930.

«Con el moderno y admirable aparato «Cronófono Gaumont» se venían realizando con gran éxito pruebas que dan excelente resultado, en la instalación que para el cine sonoro se viene efectuando en el Teatro Rosalía de Castro.

Este prodigioso adelanto de la Cinematografía trata de inaugurarse oficialmente el sábado próximo.

Al acto que reviste los caracteres de un acontecimiento artístico, serán invitadas las autoridades locales y la prensa.

El activo empresario del Rosalía adquirió uno de los mejores aparatos de la casa Gaumont. Reproduce el Cronófono los sonidos con claridad y sin que se noten los ruidos que produce la corriente eléctrica que actúa sobre la máquina.

El aparato sonoro se inaugurará con la hermosa película «Tritka» [sic].

Es un equipo admirable el de la instalación del Teatro Rosalía, pues el Cronófono Gaumont logró igualarse a las más afamadas marcas americanas y aún superar a algunas». *El Ideal Gallego*, xoves, 19-VI-1930.

As previsións non se cumplirían e habería que esperar uns días para o gran acontecemento:

«Esta tarde, a las cuatro, se celebrarán en el Teatro Rosalía de Castro las pruebas oficiales del cine sonoro». *El Ideal Gallego*, 25-VI-1930.

«Con dos llenos completos se celebraron ayer en el Teatro Rosalía de Castro las dos exhibiciones del cine sonoro «Troika», comprobándose en ambas sesiones que el Cronófono Gaumont empleado, es el aparato más moderno y perfeccionado de los conocidos hasta hoy.



Figs. 87-88.- Dous fotogramas da considerada como a primeira película sonora (estreada o 6-X-1927). "The Jazz singer", con Al Jolson como protagonista.

El ajuste de la acción al sonido, la suave y clara tonalidad, sin estridencias, ni gangosidades con que se reproducen todos los ruidos desde el que causa el contacto de un objeto con otro, hasta el canto y la música son pruebas evidentes de las superiores condiciones del aparato...

El público que asistió a las dos exhibiciones salió complacidísimo y dedicando grandes elogios al cine sonoro Gaumont.

Hoy se repite la película «Troika» que seguramente ha de gustar más cada día por los méritos que reune tanto el asunto de la misma como el perfecto acoplamiento del cronófono Gaumont.

A las muchas felicitaciones que recibió el representante de la citada casa, nuestro estimado vecino don **José Miguel Montero**, unimos la nuestra que hacemos extensiva al empresario... señor **Pereira**, por el éxito alcanzado que ha de compensarle de los grandes desembolsos que le ha costado el dar a conocer al público coruñés tan notable invento». *El Ideal Gallego*, venres, 27-VI-1930.





Figs. 89-90.- O éxito do cine sonoro non era impedimento para que continuasen as representacións teatrais no Alfonsetti. Na escena superior (un apropósito do Antroido) de 1934-35, Leandro Pita dispara ó garda municipal (¿Fernando Fiaño Miravalles?), mentres que éste simulaba o sangue cunha esponxa ou unha vexiga. Alguén berrou, ¡buscad un médico que morre!, e moita xente pensou que aquilo era certo, de tal maneira que áinda hoxe se recorda como un acontecemento. Os outros personaxes son, de esquerda a dereita: Pilar Cachaza, Salvador Sánchez García («Limiñón»), Encarnación Sanjurjo, Enrique Sánchez Candal e unha muller que descoñecemos. Abaixo, grupo de actores no Alfonsetti o 28-II-1935, dos que algúns son: ¿Fernando Fiaño? (3º por arriba, de esquerda a dereita). «Chicha» Rodríguez (4º), un Teijeiro (6º), Antonio Abarregui Bonome (7º), Gonzalo González González (8º), Manuel Miguez Garabato («Nanarú», 9º), ¿Paz Fiaño? (10º), Juan García Méndez (11º). No medio, rindo, está Leandro Pita Lasantas.

En Betanzos aínda hai quen recorda a proxección da derradeira película muda, «El Capitán Blood», no 1933. O periódico coruñés *La Voz de Galicia*, no seu número do venres 10-XI-1933, da conta do comenza do cine sonoro no Alfonssetti:

«Dieron principio en el teatro Alfonssetti sesiones de cine sonoro, viéndose completamente lleno el local.

Las hermosas películas que se exhiben son muy del agrado del público, que las aplaude».

O impacto social foi grande e durante moito tempo, segundo se recorda, veu ó Alfonssetti moita xente de toda a bisbarra para asombrarse co novo «invento». Un artigo de *La Voz de Galicia* do 4-V-1933, aínda que referido á Coruña, danos unha idea de como se viviu o acontecemento:

«Curiosidades del cine sonoro

Si el cine sonoro no nos hubiera dado ya muchas pruebas de que por el realismo que la sonoridad imprime a las escenas puede hacer llegar la emoción a límites nunca sospechados dentro del cine mudo, bastaría para confirmar semejante afirmación el caso de «el rana», el fantástico personaje que aparece en la producción «Paramount», «El milagro de la fe», que muy pronto veremos en esta ciudad [La Coruña]. Todas las narraciones de la famosa Corte de los Milagros de París como sus mendigos inverosímiles, sus tullidos cantados por **Víctor Hugo**, palidecen ante la impresión que producen los crujidos de las articulaciones de este supuesto impedido que encarna con maravillosa propiedad el gran actor **John Wray**. Los «craes» de los huesos de este hombre que va arrastrándose por las calles para implorar la caridad cada vez que vuelve a su domicilio y torna las articulaciones a su sitio, convirtiéndose en un ser completamente sano, producen escalofríos. La sincronización perfecta de estos ruidos secos y sordos a su vez, tan propiamente reproducidos, vale la pena de admirar.

Y digamos también que, después de todo, esto no es más que una de tantas escenas de inenarrable emoción encerrada por el «Milagro de la Fé» en cuya interpretación aparte del personaje citado intervienen nada menos que diez estrellas de categoría...»

XVII

O cinematógrafo durante a Guerra Civil

Non parece que houbera cine no 1936. Desde logo, despois do 18 de xullo as cousas estaban negras en Betanzos. O Alcalde **don Tomás López da Torre** fora fusilado, o antigo Alcalde, **don José Novo Rodríguez**, tamén; outras persoas da cidade e comarca foran «paseadas» e, en fin, non eran tempos para festas. Pero a partir de outubro de 1937 documentamos cine sen parar no Alfonsetti, a pesar de que a guerra continuase.

A primeira vista todo parecía normal, se non fora pola presencia das xuntas de censura que debían autorizar cada proxección. Un detido percorrido pola lista de películas que se viron en Betanzos naquel momento fálanos claramente de que os tempos cambiarian. Así, por exemplo, os betanceiros vían agora, polo medio doutras, películas claramente propagandísticas do bando nacional: «Hacia la nueva España» (7-XII-1937), «Entierro del General Mola» (6-I-1938), «Frente de Aragón» (1-III-1938)...

Este tipo de películas terán a súa continuación ideolóxica noutras posteriores: «Sin novedad en el Alcázar», que pasa a «Junta de Censura de Madrid» o 3-X-1940 e se proxecta no Alfonsetti o 31 de outubro e o 1 de novembro de 1942; «Raza» (no Capitol o 25 de outubro de 1942); «A mi la Legión» (no Alfonsetti o 1 e 2 de xaneiro de 1943); «Espíritu de una raza» (no Capitol o 9 de marzo de 1950)⁸² ...

O que si parece evidente é que a proliferación do cine en plena guerra en Betanzos é un síntoma do bando no que estaba a cidade: o nacional, o dos gañadores. Ademais, deixando a un lado os fusilamentos e «paseos» dos primeiros tempos, os frentes da guerra estaban lonxe.

⁸²Un precioso programa de man explícanos: «"Raza" la película que hace ocho años constiuyó el mayor éxito del cine nacional, vuelve a las pantallas de todo el mundo en copias reeditadas nuevamente pero DOBLADAS por los artistas especializados que actualmente doblan las mejores producciones americanas. Bajo el nuevo título de ESPIRITU DE UNA RAZA...»



Viuda de Claudio Pita e Híjos
BETANZOS

ARTÍCULOS PARA FESTEJOS
CONTRATA SESIONES DE CINE PÚBLICO

Adornos para plazas y calles
Globos y faroles de todas clases
Adornos para iluminaciones eléctricas

Tulipas en papel cristal para bombillas a precios reducidísimos
Faroles y transparentes para retratos y serenatas marítimas
Pida presupuestos a la

Viuda de Claudio Pita e Híjos-Betanzos
La casa más surtida y antigua de Galicia
Fundada en el año 1885

Premiada en varias exposiciones

Figs. 91-92.- Unha fotografía de D^a Juana Otero de moza e folla propagandística do negocio dela como "Viuda de Claudio Pita e Híjos".

XVIII

Unha filmación en Betanzos no 1933

Sería magnífico poder descubrir moitas filmacións realizadas en Betanzos: a súa fisonomía medieval e a paisaxe romántica na que se ubica ben xustificarían iso. Pero, en calquer caso, tampouco é sempre doado documentalas. Nembargantes entramos no coñecemento dunha delas a través do diario *La Voz de Galicia* do 13 de xullo de 1933, que daba esta pequena noticia:

«Por un filmador alemán se procede a la filmación de una cinta cinematográfica en el campo de los Caneiros. En estos trabajos operan veinte obreros de esta ciudad.

Esta mañana acompañó a los filmadores el alcalde [accidental] Señor López Mancera, quien tenía a su cargo las obras, como maestro carpintero».

¿Que película era esta? A noticia non daba para máis e pola xente, sobre todo polos relatos dos nosos admirados amigos **don Xulio Cuns Lousa** e **don Marcelino Álvarez López**, soubemos que nese ano trasladárase a Galicia unha compañía cinematográfica, encabezada por Richard Harlan⁸³, co fin de realizar unha película de ambiente rural, que se titularía «Odio», baseada na obra do mesmo título de **Wenceslao Fernández Flórez**. Os seus integrantes viñan alecciónados das belezas da cidade e da paisaxe da comarca por parte do actor betanceiro **Ricardo Núñez**, recibindo aquí axuda dos seus familiares.

O acontecemento rachou, sen dúbida, coa vida cotián da xente, posto que desde aquela aínda se recordan varias anécdotas da rodaxe, ó intervir no reparto persoas coñecidas da cidade e comarca (**Fernando Fiaño...**).



Fig. 93.- María Fernanda Ladrón de Guevara.

⁸³Este nome coñecémolo por MÉNDEZ LEITE, *Op. cit.*, v. I, p. 349. Por certo, el di que Harlan é hispanoamericano, afincado en Barcelona.




Fig. 94.- Unha imaxe festiva da romaría fluvial dos Caneiros nas décadas de 1910 ou 20 coas lanchas adornadas con serpentinas e cos populares "farolillos" que construía o polifacético D. Claudino Pita.

Así por exemplo, no concello de Oza dos Ríos, concretamente na parroquia de Santa Cruz de Mondoí, rodaron escenas dunha procesión, interpretando o papel de crego o titular da parroquia, **don Pedro Rodríguez Golpe**, popularmente coñecido como «o cura Vilela». Pois ben, ó simpático párroco por pouco lle custa este descoido a excomunión. Por certo, parece ser que cando o director dicía «¡acción!», o cura espantábase todo, berrando «¿que pasa?» e, naturalmente, volta a empezar. Así seique varias veces. Un cura que era todo un personaxe desde logo: deixou unha herencia enorme que supuxo un pleito de máis de cincuenta anos.

Outra escena que permanece na memoria colectiva é aquela na que a protagonista, nada menos que **María Fernanda Ladrón de Guevara**, tiña que caer a un río. Elixíuse para isto o tramo do Mandeo comprendido entre os Caneiros e Chelo. Para ambientar a cousa facían falta uns mariñeiro e o director ergueuse un día cedo para velos en Betanzos. E, nefeuто, atopounos, e entre eles ó popular «**Xanocas**», home de pel curtida, de barba de catro días e co pitillo sempre na boca. ¡Xa estaba! Aqueles eran os mariñeiro que necesitaba e contratounos para que ó día seguinte estiveran presentes na rodaxe. E estiveron, certamente, posto que eran xente de palabra: o malo é que apareceron todos co pelo perfectamente

cortado, benafeitados e co traxe das festas. Nin que dicir ten que o disgusto do director foi tan grande como a ledicia dos betanceiros cando lembran o caso aínda hoxe.

Pero a escena da caída da protagonista ó río aínda deu máis de si, porque para que a esgrevia actriz non se mollara, buscáronlle unha «doble» ou «especialista» na propia cidade: unha moza chamada **María Cortés García**, que vivía preto da Ponte Vella e que era moi boa nadadora e de corpo ben feito. Pero, con todo e con iso, **María Fernanda Ladrón de Guevara**, andando un día polo cume da presa de Chelo, torceu un pé e caeu ó río. E, curiosamente, o protagonista masculino da película, **Pedro Larrañaga**, tirouse por ela e salvouna na realidade como se da película se tratase.

Semellaba que se estaba vivindo outra película paralela, que ben se podería chamar *Amor*, en contraposición á que se rodaba («*Odio*», xa dixemos), posto que os protagonistas iniciaron un romance do que nacería poucos anos máis tarde **Carlos Larrañaga**, que co tempo se convertiría no popular actor que todos coñecemos. O feito de ter lugar este feliz acontecemento antes de rematar a Guerra Civil e en zona republicana (**Carlos Larrañaga** naceu en Barcelona no 1937), posibilitou que o rapaz levase o apelido do pai, posto que **María Fernanda Ladrón de Guevara** xa estaba casada desde 1923 con **Rafael Rivelles**.

A película proxectouse no Alfonsetti, aínda que non estamos seguros de ter documentada a proxección⁸⁴, a menos que fose a que aparece nos libros de contas como «Prisioneros del odio», da Hispano Fox Film, que pasou a censura o 21 de outubro de 1937. Esta proxectouse o 19 de febreiro de 1938 e o 16 de xaneiro de 1942 (polo menos tiña o mesmo título, se ben pasou censura a segunda o 14 de febreiro de 1941).

⁸⁴Ademais dos protagonistas citados, actuaban esgrevios actores como **Fernando Fernández de Córdoba**, **Pedro Terol** e **Manuel París**. MÉNDEZ LEITE (*Op. cit.*, v. I, p. 349-50) di que a película foi un fracaso, por aburrida e lenta. Presentouse no Alcázar, de Madrid, o 26 de febreiro de 1934. Hai que dicir que este autor non cita a **Pedro Larrañaga**, pero na memoria oral permanece vivo o seu nome, polo que non parece que debamos dubidar da súa presencia.

PRODUCCIÓN FOX EN ESPAÑOL



CATALINA BÁRCENA y MONA MARIS en
LA VIUDA ROMÁNTICA



ENERO
19
DOMINGO

Teatro Alfonsetti

TRES FUNCIONES:
a las 5, 7 y 9 y media

ESTRENO DE LA GRAN PRO-
DUCCIÓN FOX

LA VIUDA ROMANTICA

POR LA EXIMIA ACTRIZ
CATALINA BÁRCENA
y LUIS ALONSO

LA VIUDA ROMANTICA

ES DONDE CATALINA BÁRCENA
SE SUPERÁ ASÍ MISMA HACIEN-
DO UN DERROCHE DE ARTE Y
HUMOR

PRECIOS:

5	Butaca 1'00,	Delantera 0,75,	General 0'50
7	" 1'25,	" 0'75,	" 0'50
9 1/2	" 1'50,	" 0'75,	" 0'50

Cinematógrafos que quedaron en proxecto

Xa aludimos máis arriba ó intento fracasado de **D. Bartolomé Babío** de traer o cinematógrafo no 1900. Polo tanto, pasamos agora a ver os proxectos frustrados de anos posteriores.

O 13 de abril de 1920, como xa vimos, **don Claudino Pita**, naquel tempo fóra do Alfonsetti, solicita do Concello a cesión por 30 anos do terreo do Picardel para construir un «pabellón de ladrillo y cemento» co obxecto de adicalo a «teatro». En competencia, **don José Ferreira Acevedo** e **don Luis Ares Castro**, arrendatarios do Alfonsetti, como tamén vimos, fan a mesma petición, pero mellorando as condicións cara ó Concello. O resultado real foi a neutralización dos dous proxectos.

No 1926, en plena expansión no número de proxeccións cinematográficas do Alfonsetti, o secretario do Concello, **D. Benito Sánchez Valeiro**, abre un curioso «Expediente instruido con motivo de proposición verbal hecha al Secretario por **D. Gumersindo Pereira** de La Coruña para la construcción de un teatro nuevo en esta localidad...» No dito expte. consta únicamente o certificado da sesión do Concello do 14-XI-1926 pola que sabemos que o tal Pereira estaba disposto a levar a cabo o proxecto «siempre que se le ceda el terreno y se municipalice el servicio, a base de una concesión administrativa, cuyas condiciones habrían de fijarse previamente».

Unha comisión composta polos «Señores **Cancela, Villuendas y Veiga Roel**» encargaríase de estudiá-la cuestión, pero todo quedou en mero proxecto.

Un borrador de carta que presumiblemente lle enviou o Alcalde **D. Emilio Romay Montoto** ó arquitecto coruñés **D. Rafael González Villar** o 23-X-1928, permite coñecer que se encargara a este o proxecto dun teatro, pero nin coñecemos tal proxecto nin, de momento, sabemos nada máis que o que nos di o dito borrador:

«Mi querido amigo: Recibí varios recados para que remitiese un planito del solar donde pudiera edificarse el Teatro, cuyo proyecto está V. encargado de confeccionar, pero a causa del mal tiempo no he podido enviárselo...»⁸⁵

⁸⁵AMB, c. 2988.

No tempo en que exercía de Alcalde accidental de Betanzos **D. Raúl Fernández Meás** atopamos coa súa sinatura un artigo en *La Voz de Galicia* do mércores 1 de xaneiro de 1930, na sección «Betanzos trabaja y progres», que remata así:

«...También en el año entrante Betanzos debe contar con un nuevo teatro municipal que rime con el rango de la ciudad».

Que saibamos, non foi máis que unha idea, por más que vexamos de novo esa inquedanza no periódico local *La Semana Brigantina*, do 27-IV dese mesmo ano de 1930.

No 1934 unha moción verbal do Alcalde socialista, **don Ramón Beade Méndez** (5 de xaneiro), relativa á ubicación do recén conseguido «Colegio subvencionado de 2º Enseñanza», desencadea unha serie de discusíons, enfrentamentos e hipóteses variadas, que sacuden a vida social e política daquel tempo.

Para o Alcalde, apoiado polos concelleiros **don Víctor Cancela Noguerol**, **don José Novo Rodríguez**, **don José Iglesias Pérez** e por outros con máis ou menos reparos, o problema estaba claro: había que dotar rapidamente ó colelio dun edificio ou perderíase, e como queira que segundo o arquitecto **Sr. Bescansa** a reparación de San Francisco (onde estivera a «Caja de Recluta») era moi cara e facer un edificio novo máis áfida, só quedaba a solución de instalalo no Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia. Dese xeito o colelio, que nese mesmo ano se convertiría en Instituto, sería un dos mellores de España.

Só había un problema: no edificio estaba instalada a sociedade «Brigo Club», pero, sobre todo e xa desde 1873, o «Liceo Recreativo», creado no 1861, que tivera e aínda tiña moito peso na cidade.

Os argumentos encadéanse e mesmo se fala de que o Liceo ten a intención de facer un novo edificio con «teatro», e nese senso o Concello estaría disposto a cederlle un terreo no Picardel. Pero as palabras más ou menos coidadas non son capaces de agochar unha animadversión política mutua entre Concello e Liceo.

El teatro municipal

Loable idea había concebido un alcalde de la Dictadura, cuando, aún en términos extra-oficiales, se propusiera edificar un teatro, acomodado a las exigencias del pueblo, y, por lo mismo, de capacidad, contextura y perspectiva adecuadas a nuestra ciudad.

Indiscutiblemente, Betanzos se halla al margen de toda manifestación teatral, y aún cinematográfica.

Con población suficiente para cualquier empresa teatral, nuestro Ayuntamiento debe abordar, pero inmediatamente, el problema artístico de nuestra ciudad, como felizmente lo había concebido un preclaro cerebro regidor.

Y al compás del avance del tiempo, clama Betanzos, cada vez con más urgencia, la pronta construcción de un teatro municipal donde, a la par de reportar pingües beneficios al municipio, se cubra una necesidad tan perentoria, cuyo descuido constituye una vergüenza para Betanzos y su alcalde.

Fig. 95.- Recorte de prensa de "La Semana Brigantina", "periódico independiente, defensor del Pueblo" do domingo 27 de abril de 1930.



Fig. 96.- Proclamación da Segunda República en Betanzos ó mediodía do día 15 de abril de 1931. Preside o Alcalde provisional D. Víctor Cancela Noguerol. Fotografía de D. Francisco Javier Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.

Este resistirá e alongará o máis posible os mandatos municipais e, finalmente, gañará. O representante dos seus intereses no seo da Corporación Municipal será o seu membro da directiva, **don José Veiga Roel**. Vexamos algo do que este ilustre fotógrafo, debuxante e tamén comerciante di:

«El Sr. Veiga Roel... entiende que el criterio del Sr. Alcalde es antieconómico, puesto que, el Ayuntamiento pierde una bonita renta, aun descontando el tanto por ciento de bienes de propios que se paga al Estado, y la contribución correspondiente. Además, cree, que la pretensión de la municipalidad no obedece sino al propósito de pretender lanzar a las Sociedades de recreo de los locales que ocupan, y por último, entiende, que el asunto tiene una finalidad política.

No quiere con ello mostrar la más mínima oposición a la instalación del Colegio, puesto que sería absurdo suponer otra cosa, pero, entiende, que deben compaginarse todos los intereses y por tanto buscar acomodo adecuado para dicho Centro en otro local de la localidad, en donde, afirma, existen. Cree además que es un acto completamente impopular el ataque más o menos velado, contra una institución de la antigüedad que tiene el Liceo Recreativo y del número de socios que ostenta. Propone que se busque una solución armónica, pero prescindiendo de ponerse en contra de esas Sociedades de recreo, puesto que esto lo califica de una postura equivocada de la cual va a resultar una contienda entre el Ayuntamiento y las Sociedades referidas con los perjuicios inherentes a ello.»

Sale a colación que ó parecer se dixo no Liceo que o concelleiro que votase a solución de ubicar o Colexio no Liceo sería expulsado como socio do mesmo. Tamén se dixo que no Liceo se propuxo a destitución deste Concello «y echar a patadas a todos los concejales».

Don **Emilio Ferreira Muíño**, quen preferiría unha escola de Artes e Oficios, apoia nembargantes tamén que o colexio se instale no Liceo e polo mesmo denuncia que o 14 de xaneiro dese ano foi «brutalmente agredido». En resumo, cando se vota (15-I-1934) cancelar o contrato co Liceo Recreativo e co Brigo Club, sale da sala **don Ricardo Bonome Seoane** e votan a favor tódolos demais concelleiros menos **don José Veiga** que o fai en contra.

O 10 de agosto a Corporación acorda que se requira ós presidentes das sociedades «para que desalojen los locales con la mayor urgencia, toda vez que hallándose elevado por ministerio de la Ley a Instituto elemental de 2^a enseñanza el Colegio subvencionado de esta localidad... era de precisión que dicha instalación se llevase a cabo inmediatamente...»

Diante disto o Liceo (sempre dilatando) propúxolle tres soluciones ó Concello e unha delas consistía en acceder ó desaloxo, pero «siempre que el Ayuntamiento... se obligue -con las garantías que se pacten- á construir, ó á que construya... en la actual Alhóndiga y con arreglo á los planos presentados por el Arquitecto de la Coruña **Señor González Villar**, el Edificio y Teatro de que se trata, entendiéndose el primero cedido desde luego al Liceo para sus fines sociales, por el máximo tiempo posible y por una renta nunca mayor que la que paga actualmente y, más bien, reducida...».

O Concello (20-VIII-1934) acepta a segunda solución consistente na cesión «incondicional» ó Liceo dun solar para a construcción dun edificio social no Picardel e parte do Campo da Feira, na rúa do Valdoncel, «hoy García Hernández...»

En setembro o arquitecto **Bescansa** xa estudia a maneira de arranxar o Edificio Arquivo para Instituto, mentres o Concello proponía que o Liceo se instalase provisionalmente no Brigo Club. Pero todo son palabras e o Alcalde **Beade**, indignado de impotencia, chega a dicir o 10-IX-1934:


«... que él utiliza todos los medios de que dispone, puesto que no podrá resolver con Guardias de Asalto... entendía que era vergonzoso para una Sociedad que alegaba en su provecho contar con setenta años de existencia, que todavía no contase con un local social propio...»

E o 17 dese mesmo mes, engade: «... la Sociedad Liceo se puso en el pie de no decir sí ni no».

Nada serviu, nin acordos do Concello, nin requerimentos, nin entrevistas. O Liceo empregou a táctica da dilación e de non dicir «sí ni no» e así o Concello non tivo máis remedio que ver outra solución en novembro dese ano, no exconvento de

Plano de Betanzos, 1926.

* Lugaras para clausura de laudación del proyecto
■ Lugaras onde houbo ou hai cines



Santo Domingo, onde xa funcionará o Instituto no 1935 (agora co Alcalde **don Víctor Cancela Noguerol**). O confrontamento coas sociedades seguiu: o Brigo Club marchouse, pero o Liceo resistiu, Pola súa parte o Instituto chegará a 1937 cando foi suprimido polos novos gobernantes do Estado, en plena Guerra Civil.

Don Julio Sánchez Suárez, avogado e presidente do Liceo áinda preguntou en xullo de 1935 ó Concello cales serían as compensacións que este daría ó Liceo se deixaba o Edificio Arquivo e se se instalaba no terreo municipal da Alhóndiga. Pero o Concello xa tiña a solución de Santo Domingo e estaba canso de tratos co Liceo. Este gañara en definitiva e o Concello tivo que arranxa-las cousas como puido. Todo rematara, de momento, e tódolos demais proxectos, no que se incluía un teatro, quedaron no ar para sempre, por máis que o Picardel e a Alhóndiga serían no futuro obxecto doutros semellantes.

O 16-XI-1938, en plena Guerra Civil, **don Raimundo Montes Navaza** e **don Tomás Cancela da Torre**, «Solteros..., comerciante y bachiller respectivamente», solicitaron do Concello a cesión de parte dun solar denominado «Alhóndiga» para construir nel un edificio destinado a cine e teatro, de maneira que revertira ó Concello pasados 30 anos. Acompañan un anteproxecto do edificio⁸⁶.

A Comisión de Obras desestimou o proxecto cuns argumentos que nos parecen máis ben febles e áinda algúns deles extraño, como o de aludir ás noticias «ciertas» que teñen, relativas a que en poucos días se ía presentar ó paracer a solicitude e proxecto dun «gran teatro-cine» no Picardel. Vexamos estes argumentos polo miúdo:

«... Si fuese aprobado el local que ocupa la Alhóndiga, para dedicarlo a la construcción del edificio, hay que tener en cuenta, que habría de desplazar un mercado de cereales tan centenario, típico y de gran rendimiento para el Municipio, teniendo en cuenta también que el local que ocupa el Cuartel de la Guardia Civil quedaría sombreado, pues la parte de atrás del mismo no tiene luz directa, y por lo tanto quedarían a oscuras. A esta Comisión llegan noticias ciertas, de que en muy breves días, presentarán planos y solicitud, para la construcción de un gran teatro-cine, en el terreno denominado el Picardel, con mayor número de localidades y palcos, y con todas las instalaciones modernas y por lo tanto cree esta Comisión, que sería el punto más conveniente, por todos conceptos, pués de haber un edificio moderno daría muy buen aspecto a la entrada del pueblo, por esa parte, y cree también, que debe esperarse a la presentación de dicho proyecto, siempre que el plazo no sea largo.

El Sr. Alcalde, con muy buen sentido, reiteradas veces ha dicho su propósito de instalar la Cocina Económica en la Alhóndiga y hacer unos alpendres decentes, para guarecer a los concurrentes al mercado de cereales, de los rigores de la lluvia en el invierno, y del sol en el verano, que es de gran necesidad y humano y al mismo tiempo de muy fácil traslado, en caso de que la carretera que hay en proyecto llegue a realizarse...».

⁸⁶Expediente instruído en virtud de instancia presentada por **D. Raimundo Montes Navaza** y **D. Tomás Cancela da Torre**, solicitando se les conceda parte del solar denominado Alhóndiga para construir en el mismo un edificio destinado a cine y teatro., 1938. AMB, c. 545.



—ESCALA 1:100 —




Fig. 98.- Proxecto de cine no lugar da "Alhóndiga" (1938) nunca realizado. AMB, c. 545.

Ningún deses dous cines que competían nesta Comisión, un co proxecto e outro en idea (non atopamos o suposto e "inminente" proxecto no AMB), chegaron a facerse, nin tampouco se situou na Alhóndiga a Cociña Económica, que saibamos.

Nos anos 1950 e 1951 houbo outro intento fracasado de crear un novo cine en Betanzos. Non sabemos quen eran os promotores, nin tampouco cal sería o seu nome, pero si nos quedan algúns papeis co epígrafe manuscrito de «Antecedentes sobre un Cine que no llegó a instalarse en el edificio Archivo», existentes no Arquivo Municipal de Betanzos⁸⁷.

Lembremos primeiro que o Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia fora construído entre 1763 e 1770 para arquivo xeral da Real Audiencia, función que nunca cumpliu. Despois de moitos avatares (tamén foi teatro no s. XIX e quizais tivo o «Teatro Gran Cine Brigantino» no 1914) o sistema orixinal de bóvedas derrubouse (sobre todo na metade norte) o 6 de xaneiro de 1948. Pois ben, cando no 1951 coñecemos esta posibilidade de adicar unha parte deste edificio a cinematógrafo, estámos en plenas obras de reconstrucción e, sen dúbida, era o momento de replantear as novas funcións do inmoble.

No «Pliego de condiciones económico-administrativas que han de servir de base para el concurso-subasta de la explotación del salón para cinematógrafo sito en el Edificio «Archivo» de esta ciudad, de la pertenencia del Excmo. Ayuntamiento», vemos que se utilizarían «las dos naves de la izquierda entrando del edificio «Archivo», curiosamente no mesmo lugar que hoxe ocupa a Aula Municipal de Cultura más a segunda nave por onde se acostuma entrar.

As obras e instalacións, cos seus correspondentes proxectos (que non coñecemos), correrían a cargo do contratista do cinematógrafo, segundo o «Reglamento de Espectáculos», se ben serían examinadas polo «técnico municipal».

Tres papeis sen sinatura fálannos das previsións en ganancias:

«Aforo del local de 297 m²: 282 [rectificado, 297] -39 delanteras y 83 generales-. Estas localidades pueden aumentarse en caso de necesidad, colocando otras suplementarias, como hacen el «Capitol» y el «Alfonsetti».

Cos cálculos anuais, habería 3 funcións os domingos e festivos, cunha máis, «a las 3 ó 3 1/2 de la tarde» no inverno. Os 20 días de feira tamén se proxectarían tres funcións. Dúas só os 50 xoves, 50 martes e os 60 sábados ou luns.

As previsións así parecerían do máis optimista, só considerando que se ocuparía nos 2/3 do aforo. Pero aínda serían máis ventaxosas se fose o propio Concello o que explotase o cinematógrafo. Esa era a intención:

⁸⁷AMB, c. 2988.




Fig. 99.- O Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia, sede do "Liceo Recreativo de Artesanos" e do "Brigo Club" na Segunda República, nun proxecto do arquitecto Leoncio Bescansa (22-VI-1934) no que aparece como "Instituto de Betanzos". Pero o "Liceo" poido máis que o Concello, e o Instituto nunca se instalaría aquí, senón no ex-convento de Santo Domingo.

«En los gastos, con relación a los demás cines pertenecientes a empresas particulares, obtiene el Ayuntamiento las siguientes economías:

No está obligado al pago del Impuesto de Consumos de Lujo, que supone una cuota entre las 15.000 y las 20.000 ptas.

En la contribución industrial que se calcula (teniendo en cuenta lo que satisfacen los demás cines de la localidad) en unas 11.000 ptas., obtiene la rebaja del 25% correspondiente al impuesto municipal, que suponen 2.750 ptas.

En el arbitrio sobre vigilancia de espectáculos, economiza unas 1.100 ptas.

En el personal, debe obtener también bastantes economías, pues como tiene personal el Ayuntamiento, cuyo trabajo es compatible con el horario del cine, puede dedicarlo a los servicios de portería, acomodar, etc., mediante muy pequeñas gratificaciones, y aun, en algunos casos, sin ninguna gratificación, si ello se hace compatible con los demás servicios que tengan que cumplir. Economía en el precio del alumbrado.»

Previsiones para un Cine municipal no

Edificio Arquivo (1951):

"Domingos y festivos:	209.576,5
Ferias:	59.175
Jueves:	38.025
Martes:	26.000
Sábados o lunes: ..	40.800
[Total:]	373.576,5 pts".

Non sabemos quién foi o autor deste informe que presentaba as cousas tan ben para o Concello, pero é de supoñer que fora **don Benito Sánchez Valeiro**, autor como secretario, do «Pliego de condiciones...» a que xa nos referimos. Nestes «antecedentes» atopamos tamén alusións á posible maquinaria a utilizar. A empresa «Maquinaria Cinematográfica S.A. OSSA» de Barcelona e Palma de Mallorca cunha sucursal na Coruña (Orzán, 120 - tel. 4014) xa lle enviara ó Alcalde, **don Tomás Dapena Espinosa**, unha carta de presentación o 17-IV-1950, xunto con propaganda gráfica e textual das súas máquinas, particularmente o «Proyector completo OSSA VI» e o «Equipo de proyección y sonido OSSA VII».



Fig. 100.- Coro de "Las Floristas" no homenaxe a D. Claudino Pita celebrado no Alfonsetti o 21 de xaneiro de 1933. De pé, de esquerda a dereita, Enriqueta Crestar, Carmen Muiño, "Pichi", Ersilia Santos e Pilar Cachaza. Sentadas: Joaquina Crestar, Paz Fiaño, María F. Gandariñas e Antonia Varela.

ALFONSETTI
CHIQUILLO

Das vellas «actualidades» ós noticieiros da Guerra Civil e ó «No-Do»

Co cine os betanceiros non só se abriron a unha nova maneira de facer arte, senón que ampliaron, de feito, o seu coñecemento do mundo. Porque xeralmente como complemento do programa, proxectáronse desde moi cedo as chamadas «actualidades», que non eran outra causa que os primeiros noticieiros. Tratábase de films nos que se facía unha montaxe de diversos acontecementos de actualidade en todo o mundo. Non había interpretación: eran tomados directamente da realidade. Tiñan unha lonxitude media que oscilaba entre 150 e 300 m.

Este xénero foi creado polos operadores de Lumière, acabado de nacer o cine, aparecendo de xeito periódico no 1908 co *Pathé Journal* creado por **Charles Pathé**.

Pois ben, en Betanzos documentamos por primeira vez a proxección deste xénero en xaneiro de 1914:

«El jueves pasado se celebraron dos sesiones que estuvieron concurridísimas, exhibiéndose la hermosa cinta «Actualidades Gaumont».

Para hoy y el jueves próximo, tienen contratados dos variados programas, exhibiéndose hermosas cintas, en las que harán reír.

Concurrirá numeroso público». *Betanzos Liberal*, 11-I-1914.




Fig. 101.- N.º de proxeccións de "actualidades" e noticieiros documentadas en Betanzos ata 1942, inclusive.

Elaboración propia a partir dos
libros de contas do Alfonsetti
e do Capitol.

É de supoñer que os noticieiros abondarían posteriormente (os da «Fox Movietone» ou os UFA alemáns), pero, de feito, non podemos documentar a súa presencia ata que chegamos á Guerra Civil. Nela temos un no 1938, 14 no 1939, ningún no 1940 (sen dúbida resultado da falta de documentación), 17 no 1941 e 23 no 1942. Nin que dicir ten que todos pasan pola «Junta de Censura de Burgos», onde está o cuartel xeral de Franco. O aumento progresivo das súas proxeccións denota claramente a importancia propagandística que lles deu o novo réxime, tanto na Guerra como despois..

Neste ano de 1942 crearase o No-Do («Noticiarios y Documentales») que será, de feito, un órgano de propaganda do réxime, sendo obrigada a súa proxección en toda función cinematográfica ata 1977. O ano seguinte foi integrado en «Radiotelevisión Española».



Fig. 102.-
"Gran Cine
Capitol".
Foto:
Estudios
Blanco.
Xentileza de
D. Antonio
Blanco Viñas.

XXI

O "Gran Cine Capitol"



Fig. 103-105.- *Don Antonio Blanco Viñas, D. Javier Teijeiro Bugallo e D. Adolfo Rey. Os tres formaron a "Empresa Blanterrey" que xestionou por moitos anos o "Gran Cine Capitol" desde a súa inauguración no 1942.*

O día 17 de outubro de 1942 inagurábase o «Gran Cine Capitol» na Rúa dos Ánxeles coa película «María Estuardo». Era neste tempo o máis grande da cidade, pero o calificativo de «Gran Cine» non parece que sentase ben a **don Jaime Pita Otero** (fillo de **don Claudino** e arrendatario do Alfonsetti), quen, sentíndose aludido, sacou a relucir o seu inxenio e, pola vía da esaxeración, denominou ó seu cine: «El pequeño Alfonsetti» (así figuraba nos programas de man da época).

O 1 de xaneiro de 1934, **don Antonio Blanco Viñas**⁸⁸, áinda solteiro, abriu en Betanzos o estudio de fotografía «Estudios Blanco», nunha casa daquela arrendada, no mesmo lugar en que hoxe está⁸⁹. Máis tarde, xa casado, instalouse na casa onde hoxe está o «Restaurante Casanova», nos Soportais. Pero non tardaría en volver á casa primitiva.

⁸⁸Naceu en Monfero o 18 de novembro de 1911.

⁸⁹A primeira foto que fixo foi un retrato a «Rosarita», filla do «jefe» da Cárcere de Betanzos, e data exactamente do 1 de xaneiro de 1934. Aprendeu o oficio estando a facer o servizo militar de mariñeiro en Ferrol (no Arsenal, ano 1932). Nas tardes libres traballaba no estudio fotográfico de Reigosa, na Calle Real. Estivo uns 6 meses e só pagaba por aprender a retocar os negativos (o máis pequeno era de 6x9, xa en película). Un da familia **Portela** era o retocador que o ensinaba.



Figs. 106-107.- Dúas vistas do Gran Cine Capitol. Fotos: Estudios Blanco.



TEATRO ALFONSETTI

HOY Domingo 18 y LUNES 19 de Marzo de 1945 HOY

GRANDIOSO ESTRENO EN ESPAÑA

20th Century Fox, la primera marca mundial, nos presenta esta legítima maravilla

Una sombra en la ventana

Film de extraordinario vigor, en el que la naturaleza en su extraordinaria grandiosidad, desencadena, lo mismo en los elementos que en las almas violencias y pasiones que, a veces, no es posible detener. La historia de un morboso amor que tuvo por fin el ser purificado en la hoguera.

Violencia y dramatismo. Carácteres que bordean la locura.

Odios, venganzas y pasiones.

La historia de un extraño y violento amor, que ninguna otra mujer pudo hacerla olvidar.

Una sombra en la ventana

Un hombre inocente acusado de un crimen que no cometió, demuestra su inocencia en un emocionante juicio.

Una sombra en la ventana

No es una película española más, es un film extraordinario, presentado por la primera marca mundial 20th Century Fox, la casa de los máximos triunfos.

Apóyense la ocasión que les ofrecemos de ver una legítima maravilla.

Encarguen sus localidades con tiempo.

Funciones: Domingo 4, a las 5 - 7 y 3/4 y 10 noche.

Lunes, 19 (San José) a las 5, 7 y 3/4 y 10

Domingo 26. — México con sus bailes, su música, sus canciones, y sus emociones en el film de gran acción y dinamismo.

PENDENCERO INDESEABLE

El film de las emociones más fuertes.

PRONTO: El espectáculo más grandioso presentado en el cine

PRIMAVERA

Es una producción Metro Goldwyn Mayer.

Fig. 108.- Unha lembranza de don Xulio Cuns sobre un comentario de don Jaime Pita Otero e este mesmo prospecto, permítennos comprobar que «Una sombra en la ventana», de Ignacio F. Iquino, foi estreada mundialmente en Betanzos, posto que se proxectou no Teatro Alfonsetti o domingo 18 e o luns 19 de marzo de 1945. En Madrid presentariase o 31 dese mesmo mes no Cine Callao, data e lugar tardios que nos refire F. Méndez Leite (Op. cit. t. II, p. 767). Trátase dunha película que este autor considera como das más ambiciosas que desfilaron polas nosas pantallas, con magnífica fotografía de Sebastián Perera e perfecto acoplamento da música de Antonio Jiménez. Todo isto sen esquecer a preocupación pola fondura psicolóxica que resalta nas interpretacións de Ana Mariscal, Teresa Idel, Pilar Guerra, María Martín, Adriano Rimoldi, Manuel Luna, Tordesillas e Francisco Melgares.

Teresa Idel, Pilar Guerra, María Martín, Adriano Rimoldi, Manuel Luna,
Tordesillas e Francisco Melgares.

Onde está hoxe o Cine había unha fábrica de chocolate, rexentada por un señor de Viveiro. Detrás, os sogros de Don Antonio tiñan unha corte que a utilizaban para sacar algúns cartos gardando cabaleirías os días de feira.

A idea do cine meteulla na cabeza un parente del de Pontedeume, **don Emilio Blanco y Blanco**, antigo emigrante arxentino. Pronto se puxeron a traballar en sociedade. Entraron en contacto co arquitecto **don Rafael González Villar**, que deseñou os planos, e mercaron as butacas do antigo Teatro Linares Rivas da Coruña (a **don Vicente Valcarce**), ó construirse no mesmo lugar o actual Cine Avenida, un ano antes que o Capitol e polo mesmo arquitecto. As butacas gardáronas nunha casa vella da Fonte de Unta mentres as obras avanzaban.

Moi pronto se uniron outros socios: **don Adolfo Rey**, de Pontedeume, e o seu amigo, **don Javier Teijeiro Bugallo**, que tamén vivira en Pontedeume. Os catro pasaron pronto a tres á morte de don Emilio.

«Blanco, Teijeiro y Rey» («Empresa Blanterrey») fixérónse donos a partes iguais do solar, do edificio e, por suposto, da explotación do cine. Así chegarían ata perto de nós cando **don Antonio** mercou a parte de **Rey**.

A chegada do Capitol revolucionou o panorama cinematográfico da cidade. Alí había sesións tódalas feiras, martes, xoves, sábados, domingos e festivos, mentres que no Alfonssetti só as había os sábados e domingos. Ademais, o Alfonssetti non facía tradicionalmente cine no verán, posto que a súa sala era utilizada para a construcción do Globo de San Roque, que como sabemos é obra da

Familia Pita. Nin que dicir ten que ese baleiro tamén foi cuberto polo Capitol.

Analizando os ingresos brutos dos dous cines nos 24 meses de 1942 e 1943, vese perfectamente o impacto negativo da chegada do Capitol sobre o Alfonssetti. Así, mentres que en marzo de 1942 (máximo mensual do ano) o Alfonssetti, cando aínda está só, recauda 10.074 pts., en marzo de 1943, xa co Capitol de compaño, baixa a 3.646,5 pts.: só un 36% do que recibía no mesmo mes do ano pasado. E os demais meses tamén baixan. Pola contra, o Capitol, en xaneiro de 1943 acada xa un máximo, en relación a estes dous anos, de 19.972,23 pts... Aínda hoxe se recorda que a función das 8 da tarde do domingo había que reservala con antelación.




Fig. 109.- Ingresos brutos por mes no 1942-43 nos cines Alfonssetti e Capitol. Véxase o impacto económico negativo que sobre o Alfonssetti provoca a aparición do Capitol.

Elab. propia (libros de contas Alfonssetti e Capitol).



Gran Cine • CAPITOL • Betanzos

¡Ya está aquí el acontecimiento máximo de la temporada!.. ¡Toda la Mariña vibra de entusiasmo y de emoción ante la noticia... Ni un solo gallego, y menos un solo habitante de las Mariñas dejará de ver la película inolvidable:

SABELA DE CAMBADOS

Sada... Miño... Bergondo... Abeijondo... Paderne... Aranga... Irijoa... Oza de los Ríos... Cesuras... Coirós... Belanzos y comprendidos en ellos todas sus parroquias y lugares se volcarán en el Capitol de Betanzos para aplaudir la película más genuinamente mariñana

SABELA DE CAMBADOS

Escenas en Guisamo... en La Coruña... en Belanzos... en Sada... en los Caneiros... en el Pedrido... en San Pantaleón... tipos enxebres animados por Xan das Bolas... galleguinas gatimosas... novios y mariados calaveras... honradas esposas que sufren y callan... un americano que esconde su amor en lejanas tierras de América mientras alguien sufre y llora... fiestas gallegas... toda una sucesión ininterrumpida de escenas calidas, emotivas, reales, salpicadas de gracia sin igual entre cuentos y carcajadas provocadas por la intervención de Xan das Bolas...

Todo este prólogo sobre porque todo el mundo sabe ya lo que es Sabela de Cambados.

Para que toda la comarca quepa en el Capitol de Belanzos, se proyectará Sabela de Cambados, los siguientes días y funciones: Viernes 11 de Marzo, a las 8 y 10 y media. Sábado 12, a las 8 y 10 y media, y Domingo 13, a las siguientes horas: a las 12 de la mañana para quienes vengan al mercado y tengan que regresar temprano a sus casas; a las 3 de la tarde para quienes por diversas razones tengan que llegar a casa antes que sea noche o no tengan entrada para las 5; a las 5, 8 y 10 y media. — Se advierte que desde ayer martes ya no hay anfiteatros para la función de las 8 del Domingo. Todos los que puedan ver Sabela el viernes, sábado y primeras funciones del Domingo, no esperen para última hora.

Y luego, vaya semana de cine: Miércoles 16: ENAMORADA. Jueves 17: EL RECLUTA ENAMORADO. Viernes 18 y sábado 19: SIMBÁD EL MARINO en tecnicolor. Domingo 20 lunes 21: LA REBELDE. No es posible más y mejor de Domingo a Domingo.

Fig. 110.- "Sabela de Cambados", película de 1948 ambientada en Galicia.

Sobre o devir do Capitol contamos con poucos documentos; únicamente queda (incompleta) a serie de libros de contas que, en todo caso, nos proporcionan datos moi valiosos, posto que por eles sabemos as películas proxectadas, en que día, etc. Polo demais, este cine, na etapa que estudiamos, desenrolou a súa existencia nun Betanzos sen prensa local, salvo rarisímas excepcións. E logo o feito de que se tratase dunha empresa privada, sen a dependencia que do Concello tivo sempre o Alfonsetti, colabora na case inexistencia de papeis no Arquivo Municipal.

Pero un simple vistazo á lista de películas basta para ver que, desde que apareceu, foi o principal cine da cidade, por número de películas proxectadas e por capacidade de espectadores. Todo iso derivaba do seu asentamento nun edificio construído a propósito para cine, aspecto que difícilmente podería superar o Alfonsetti, posto que partía do feito irremediable de estar instalado *con calzador* entre unhas paredes do s.XVII pensadas para illar do mundo ós habitáculos monacais.

As películas que se recordan como de maior éxito foron, sen dúbida, as de **Jorge Negrete**... Pero tamén quedan recordos do ambiente de censura moral que nalgúns grupos da cidade fá máis aló que as propias xuntas de censura oficiais.

GRAN CINE **CAPITOL** BETANZOS

JUEVES 9 de marzo de 1950

A las ocho y diez y media.

GRAN ACONTECIMIENTO CINEMATOGRÁFICO

«RAZA» la película que hace ocho años constituyó el mayor éxito del cine nacional, vuelve a las pantallas de todo el mundo en copias reeditadas nuevamente pero DOBLADAS por los artistas especiales que actualmente doblan las mejores producciones americanas.

Bajo el nuevo título de

ESPIRITU DE UNA RAZA

podrá admirar el público aquella gran producción en la cual brillaron a su igual altura

BLANCA DE SILOS

ALFREDO MAYO

ANA MARISCAL

JOSE NIETO

JULIO REY DE LAS HERAS

bajo la dirección de J. SAEZ DE HEREDIA que se consagró como Director.

Quienes no han visto aquella producción deben de ver hoy

ESPIRITU DE UNA RAZA

Quienes la hayan visto, entonces deben de verla nuevamente.

Tolerada para menores. — Noticario semanal NO-DO

Sábado 11 y domingo 12. Acontecimiento. Éxito sin precedentes de LOS TRES MOSQUETEROS en la versión más completa de la famosa obra, en maravilloso tecnicolor y con un lujo y derroche de medios jamás conocidos en el cine.

Ya se acerca: BELINDA... JASSY LA ADIVINA...

GRAN CINE

CAPITOL

Martes 2 de Mayo de 1950

a las 8 de la tarde y 10 y media de la noche

Gran estreno nacional.

Una vida legendaria...

Unas aventuras románticas...

Un personaje entre héroe y malhechor...

LUIS CANDELAS, EL LADRÓN DE MADRID

La historia vertida en romance del famoso LUIS CANDELAS, llevado desde la aureola popular y la copia hasta el arcabuz.

Un copioso reparto:

ALFREDO MAYO

MARY DELGADO

ISABELITA DE POMES

JOSE M. LADO

PORFIRIA SANCHIZ

CARLOS MUÑOZ

y GABRIEL ALGARA

realiza el tema de esta película... la vida de audacia, amor y leyendas de un famoso bandido a cuyo nombre se cerraban puertas y ventanas y temblaban las majas. — Bellas canciones y música de los maestros TURINA y LEOZ.—Vea usted

LUIS CANDELAS, EL LADRÓN DE MADRID

Jueves 4 de Mayo, la famosa y apasionante novela mundialmente conocida, de Xavier Montepin

EL COCHE NUMERO 13

viene a la pantalla en dos grandes jornadas. El jueves 4 se proyectará la primera, titulada: EL DELITO. El jueves 11 la segunda, llamada EL CASTIGO.

Sábado 6 y Domingo 7: —Maravilloso estreno en tecnicolor: LA SINFONIA DEL AMOR.

— La Sinfonía del Amor, «Juego de Pasiones», «Julia se porta mal», «Pequeñeces», «Festival en México», son los cinco triunfales escaletones por donde se llega a la cumbre: BELINDA.

Figs. III e II2. "Raza", unha película prototípica do universo mental do primeiro franquismo aparece agora dobrada polos actores que doblaban as películas americanas. Sen dúbida tratábase de manter a súa vixencia diante dos films que nos viñan de fóra...

Lembra **don Antonio Blanco** un pequeno incidente acaecido nos primeiros anos da década dos 50. A película proxectada titulábase «La Madonna de las Siete Lunas» e as fotografías publicitarias dela estaban nun ángulo interior dos Soportais do Campo. Pois ben, á protagonista parece ser que se lle vía un pouco máis abaixo («pero moi pouco», dinos **don Antonio**) do «normal» o escote do vestido. En resumo, que o cura da igrexa parroquial de Santiago insistiu en que non a proxectase o domingo e a pasase para o xoves. Pero, unha vez conseguido, decatouse que o xoves era feira e, como polas feiras ía ó cine moita «xente miúda» volveu insistir para que se cambiase outra vez de data. Total, que esta película foi un dos grandes éxitos de taquilla do Capitol: a xente, para non ser controlada polo cura e as escandalizadísimas mozas de Acción Católica, chegaba ó cine por abaixo, desde a Rúa da Cañota. A película non era nada do outro mundo, pero eses



Fig. 113.- Grupo de actores betanceiros no Capitol, despois dunha representación, arredor do 1946-47. De esquerda a dereita, de pé tal como os lembra D. Marcelino Álvarez López, aparecen: Aquilino Louisa Rodríguez, Carmucha Fernández Rodríguez, José Manuel Sánchez Fernández, Mirula Martínez Cancela, Esther Camino Rodríguez, Antolín Sánchez Fernández, Cristina Lissarrague Montero Ríos, Maruja (?) González Núñez, Chelas Romay Beccaría e Julio Sánchez Losada. Sentados: Yoni Sánchez Fernández, Marujita Vázquez Dans, José Loureda Pereira, Marujita Loureda Pereira, Tana Sánchez Fernández, Jaime Costas Rey e Nenita Vázquez Dans. Xentileza de D. Antonio Blanco.

aplazamentos e a razón deles que a xente coñeceu, convertírona nun pequeno fenómeno social da cidade.

Con todo, as mozas de Acción Católica, sempre dispostas a defender a honra pública por enriba de todo, azuzadas polo crego en cuestión, chegaron más aló cando, con motivo doutra película (**don Antonio** non lembra o título) romperon con ostentación as fotos do escaparate dos Soportais, baixo o razonamento de que eran «una porquería». E non só lle confesaron a **don Antonio** que elas fixeran iso, senón que ameazaron con volvelo facer.

Diante disto, **don Antonio Blanco** levou o asunto ó avogado **don Manuel Álvarez**. Pero, cando a posibilidade de denuncia estaba cerca, os pais das mozas indemnizaron e os cartos entregáronos Don Antonio e os seus socios á Cociña Económica: para os socios do Capitol tratábase só dunha cuestión de principios. A modo de paréntese, hai que dicir que por estes anos, concretamente no 1943, Betanzos aparece na película «Rías Gallegas: Betanzos y Noya»⁹⁰, saída de *Producciones Españolas*, con **Ernesto González** á cabeza, quen tamén era o director do film. Do son encargáronse os betanceiros **Lafont** e **Selgas**, este un gran fotógrafo. A súa metraxe era de 300 m., branco e negro, e duraba 11 minutos.

⁹⁰GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio. *Op. cit.*, p. 265.

Aínda que o cine foi a ocupación esencial do Capitol, tamén se lembran éxitos apoteósicos de variedades: **Pepe Blanco e Carmen Morell, Luis Lucena, Roberto Fon, Rámpere, Antonio Machín, Antonio Molina...**

Por aquí pasaron tamén orquestas como *Los Satélites, Los Españoles...*

Mesmo se fixeron bailes de Antroido con moito éxito, organizados polo Liceo Recreativo de Betanzos, logo de derrubarse o 6 de xaneiro de 1948 a metade norte do Edificio Arquivo, onde tiña a súa sede.

Como escenario teatral, por aquí pasou a compañía de **Irene López Heredia**, cun éxito enorme o primeiro ano, aínda que menos o segundo. E, desde logo, aquí tamén fixo representacións teatrais a betanceira Asociación Cultural Candilejas...

Logo, tamén foi escenario de eventos políticos, xa na nosa era democrática, tales como un mitin de Tierno Galván ou un Congreso do PSOE de Galicia.

O Capitol pechou hai pouco, debido á decadencia xeral do cine, ó impacto da televisión e, más concretamente polo excesivo número de empregados, cousas que xa non estaba acorde cos novos tempos. Hai que pensar que frente ós modernos e automatizados cines de hoxe co mínimo persoal para varias salas, o Capitol contaba con tres persoas na cabina, dous acomodadores, unha taquilleira e unha muller da limpeza.

E chegados a este punto, permítasenos render unha homenaxe a **dona Pilar Vales Estrada**, taquilleira do «Gran Cine Capitol» desde o día mesmo da súa inauguración, o 17 de outubro de 1942, ata un ano despois da súa xubilación no 1970. Vinteito anos de traballo detrás da taquilla, ela que en realidade era mestra e xa exercera en Santiago de Ois e en Ermo (Ortigueira). Pero a súa é unha historia típica da postguerra. Viúva de **don Manuel Muñoz Otero**, oficial da Armada, fusilado en Ferrol logo do «Glorioso Alzamiento Nacional», despois de cinco meses de prisión (o 27 de xaneiro de 1937), esta muller miúda, traballadora e

GRAN CINE - **CAPITOL** BETANZOS

Jueves 21 de Septiembre de 1950

a las 8 de la tarde y 10 y media de la noche

¡ÚNICO DÍA!

España en el Brasil

El acontecimiento deportivo que mantuvo en tensión a todos los españoles, recogido magistralmente en una película que le hará revivir las jornadas de indescriptible emoción por la que todos pasamos pendientes de la Radio y de la Prensa.

ESPAÑA—ESTADOS UNIDOS

- * —CHILE
- * —INGLATERRA
- * —URUGUAY
- * —BRASIL
- * —SUECIA

y la gran final URUGUAY-BRASIL.

Comentario oral del gran

Matías Prats

Las más hermosas vistas panorámicas del Mundo... como jamás se han visto en las pantallas al trae a ésta competición como los: Rio Janeiro, São Paulo, Belo Horizonte, etc. — Biografías de los jugadores... El Fútbol Iglésiano.— Momentos culminantes de los equipos participantes... Una película que supera en interés a las más emocionantes argumentos.


Admire y aplauda al puñado de españoles que contra todas las condiciones adversas, supieron atraer la atención mundial por el coraje y furia y buen juego!

Noticiario semanal NO-DO

Sábado 23 y Domingo 24.— Sensacional estreno:

LA CIUDAD DESNUDA

Fig. 114.- Radio, prensa e cine converten en gran acontecemento social a participación de España no Campeonato Mundial de Fútbol en Brasil.



Gran Cine CAPITOL - Betanzos

Sábado 18 Diciembre 1948, a las 7 y tres cuartos y 10 y 1/4
Domingo 19 de Diciembre 1948, a las 5, 7 y 3/4 y 10 y 1/4

GRANDE Y SENSACIONAL ESTRENO

—Algo maravilloso y dulce en la historia del cine — INGRID BERGMAN, proclamada por los públicos del Mundo — Primer Norteamérica, luego Inglaterra, después España, ahora Francia— como estrella número uno en plébiscitos de extraordinario interés que han separado la atención mundial, viene a la pantalla del Capitol en un film cumbre, excepcional, de éxito inmenso en el Mundo entero

ENCADENADOS

con CARY GRANT y CLAUDE RAINS

No se sabe cual de los tres artistas está mejor de maravillosa que es su labor interpretativa.

ENCADENADOS

una obra maestra de la cinematografía que ha conmovido profundamente a todos los públicos con su emoción, su realismo, su magistral interpretación, su tema apasionante desde principio a fin, y el romántico idilio que ENCADENA dos almas con toda la fuerza insuperable de un amor sin fronteras. Espionaje, intriga, presidio, amor...

El público palpita de emoción... el interés se agiganta a cada paso...

Lo mejor del año hasta este momento... Lo mejor "por algún tiempo hasta que dentro de unas semanas presentemos de nuevo en nuestra pantalla a INGRID BERGMAN con CHARLES BOYER en la grandiosa película Metro ARGO DE TRIUNFO.

NOTICARIO SEMANAL NO-DO

Martes 21: Donald O'Connor, Peggy Ryan y Ann Blyth en la deliciosa película DE TAL PALO TAL ASTILLA.

Viernes 24 y Sábado 25.—Maravilloso tecnicolor por la bellísima Virginia Mayo, las famosas bellezas GOLDWYN y el ss de la gracia DANNY KAYE.

Domingo 26, 27, 28.... LOCURA DE AMOR.







Fig. 115.- Ingrid Bergman e Cary Grant foron grandes ídolos durante xeracións.



simpática, que nacera o 17 de abril de 1904, tivo que sacar adiante como fora á familia, por máis que lle prohibiran exercer a súa profesión de mestra. E ben que o logrou, porque os seus fillos, **Manuel, José Luis e Eduardo** constitúen unha familia de artistas (eles e algúns dos seus descendentes) moi queridos e recoñecidos na cidade.

O Capitol pechou, é certo, pero permanece intacto, magnífico, espectante. Semella esperar un pequeno soplo de ilusión para volver a abrir as súas portas.

Fig. 116.- Dña Pilar Vales Estrada, taquilleira do Capitol desde a súa orixe no 1942.



Elaboración propia a partir, sobre todo, dos libros de contas do Alfonsetti e do Capitol.

Fig. 117.- Estes gráficos da evolución anual do número de proxeccións, permiténdoos facer algún comentario. Así, por exemplo, a actividade cinematográfica do Teatro Alfonsetti é asombrosamente semellante en 1926, 1941 e 1951. Mesmo constatamos que, unha vez recuperado do golpe que lle supuxo a aparición do Capitol no 1942, volta ó seu ritmo de sempre. Por outra banda, hai que dicir que a falta de cine no Alfonsetti nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro no 1926 e o mesmo en setembro no 1941 e 1951, non é consecuencia únicamente da baixa demanda do verán, senón do feito de que no seu local se construía pola Familia Pita o Globo de San Roque, que se lanzaba e lanza a noite do 16 de agosto. En canto ó «Gran Cine Capitol», é evidente que presenta un maior número de proxeccións que o Alfonsetti en tódolos meses e, polo demais, parece acentuar no 1950 e 1951 a curva de baixada de actividade no verán, pero dentro dunha gran estabilidade xeral nesta súa primeira década de éxito.


XXII Cine nas Aulas



Figs. 118-119.- "Aparato mecánico para la colocación de láminas y mapas", procedente das "Escuelas García Hermanos". Segunda metade do s. XIX. Museo das Mariñas, de Betanzos.

No Museo das Mariñas, de Betanzos, na sala adicada ás antigas escolas, móstranse dous «aparatos mecánicos para la colocación de láminas y mapas» que conteñen unha «Historia Sagrada: colección de láminas publicada por la librería de educación de D. Manuel Rosado, Esparteros, nº 11, Madrid, 5^a edición» e unha «Historia Natural: colección de láminas para la enseñanza intuitiva de las escuelas por A. V. Sánchez, Madrid 1888, 1^a edición». Proceden das «Escuelas García Hermanos», inauguradas o 2-IX-1914.

Foron mercados probablemente, segundo aparece nos extremos das propias láminas, á «Librería y Casa Editorial de Perlado, Páez y C^a, Sucesores de Hernando, Impresores y Libreros de la Real Academia Española, Calle de Quintana, 31, Madrid, Calle de Arenal, 11». Nembargantes hai referencia tamén doutra casa co seguinte enunciado: «Imprenta y Librería Editorial Hijos de Santiago Rodríguez, Despacho Pasaje de la Flora, 12, Talleres Miranda, 11, 13 y 15, Casa fundada en el año 1850, Burgos, Casa especializada en el ramo de primera enseñanza, instalaciones completas de escuelas y colegios».



Figs. 120-123.- Arriba, aparato «Radiopticam» eléctrico para corpos opacos. Á dereita, un proxector «Protée» montado para funcionar. Abaixo, á esquerda, un aparato Erneman «Kinox» recomendado para familias, colexios, sociedades, artistas e para as probas de cintas nos cinematógrafos.

Abaixo, á dereita, o mesmo disposto para funcionar. Aparecen no libro titulado: «Aparatos Cinematográficos y de Proyecciones Cinematógrafos Protée y Kinox: sin riesgo, los más prácticos para la enseñanza. Madrid, Imprenta de los Sucesores de Hernando, 1916». Era en realidad o que hoxe chamariamos un catálogo e manual de «Perlado, Páez y Cº (Sucesores de Hernando), Arenal, 11, y Quintana, 31 y 33.- Madrid.








Fig. 124.- Catálogo de Dalmáu Carles, Pla, S. A. do 1929-30 que recibiu o "Colegio subvencionado de 2º Enseñanza de Betanzos (máis tarde Instituto).

Cada «aparato mecánico» destes ten unha ventá, a modo de pantalla, pola que se ve pasar (mentres se da a unha manivela) o tema correspondente⁹¹ no que os debuxos ou viñetas van numerados correlativamente, de maneira que a explicación do mestre (probablemente cun libro de apoio) tiña unha sucesión lóxica.

O artiluxio é de madeira e, en certo modo, estamos diante dun precedente do cine didáctico. Queda claro que a función xa estaba creada, en todo caso. Desde logo, foron utilizados durante moitos anos nas «Escuelas García Hermanos» que chegaron perto dos nosos días, en que pecharon definitivamente. É probable que non fosen os únicos instrumentos precinematógraficos que se viran nas escolas de Betanzos e mesmo quizais o cine chegou ás aulas antes da Segunda República.

Precisamente inaugurouse nesta época o «Colegio subvencionado de 2º Enseñanza de Betanzos [logo Instituto]» (curso 1933-34) no ex-convento de Santo Domingo e constituiu, xunto coa traída de augas, unha das bandeiras do progresista alcalde da época. Pero a guerra e os novos tempos acabaron con el a través da Orde do 14 de setembro de 1937. Tiña daquela 370 alumnos⁹².

⁹¹Había tamén unha «Historia de España», lamentablemente perdida. Hai que dicir que tanto os «aparatos» como as láminas tiveron que ser restaurados no Museo das Mariñas, posto que se atoparon en total estado de abandono.

⁹²Sobre este Instituto, véxase tamén o capítulo XIX deste libro.

Extracto del Catálogo de
MATERIAL ESCOLAR
de la casa

Dalmáu Carles, Pla, S. A.
GERONA



Año de la Exposición Internacional
de Barcelona y de la Ibero-American
ca de Sevilla.

Stands en el Palacio de las Artes
Gráficas en la Exposición Inter-
nacional de Barcelona y en el Pa-
bellón de la Cámara del Libro de
Madrid en la Exposición Ibero-
Americana de Sevilla.





Fig. 125.- Proxeitor «Argus» para película estreita de 16 mm. Aparece nun catálogo de Espasa Calpe de arredor de 1930, recibido no nacente «Instituto de 2º Enseñanza» de Betanzos.

Fig. 126.- Artiluxios doutro «Catálogo de material escolar» da casa Dalmau Carles, Pla. S. A., que tamén recibiu o «Colegio subvencionado de 2º Enseñanza de Betanzos [logo Instituto]». Foi editado en Girona no 1933-34.



Como resultado da supresión, o último Director, xa co novo réxime, **don Fernando Martínez Álvarez**, e o Secretario, **don Manuel Álvarez García**, fixeron un inventario de tódalas súas pertenzas o 28 de setembro de 1937. E é aquí onde nos sorprendemos ó atopar, entre outras moitas cousas:

«un aparato de proyecciones Radiopticán»; un «Epidiascopio Janulus III» (proxeitor de corpos opacos e de diapositivas); «seis portadiapositivas»; «una máquina de cine Kodascope Modelo D. con todos sus accesorios; un trípode para máquina de cine; una pantalla id.; dos pantallas de proyección...»⁹³

É de supoñer que se a dita máquina de cine tiña tódolos seus accesorios, tamén tería as películas que nos relaciona un catálogo da época (recibido no Instituto) precisamente para a «Kodascope»⁹⁴:

⁹³AMB, c. 941.

⁹⁴Catálogo X. Material Pedagógico Moderno: resumen general. Cultura Eimler - Basanta - Haase (S. A.). Madrid, calle de Mesón de Paños, núm. 8 (frente a la Plaza de Isabel II), 1929. AMB, c. 937.




Fig. 127.- "Aparato de proyección" ofrecido ó "Instituto de 2º Enseñanza de Betanzos" no 1933-34 pola casa "Hijos de Santiago Rodríguez", Burgos.

- «1.- La pesca del bacalao: Pesca del bacalao en los bancos de Terranova, preparación y envase comercial.
- 2.- Granjas lecheras del Wisconsin (EUA). Granjas en grande y pequeña escala, procedimientos de conservación, transporte y envase.
- 3.- Trigo: Cultivo del trigo, siembra, recolección y distribución.
- 4.- Panificación: Molienda del grano, sistemas de panificación.
- 5.- Ganado vacuno: La cría de reses vacunas en América del Norte.
- 6.- Cultivo del maíz: Siembra, recolección, selección de semillas, destrucción de insectos perjudiciales, aplicaciones.
- 7.- Cultivo del algodón: Siembra y recolección, desgrane y empacaje, destrucción del gorgojo del algodonero.
- 8.- Sistema de riegos: Riegos en California.
- Carbón bituminoso: Extracción, transporte y destilación.
- 10. Mineral de hierro: Extracción, transporte y metalurgia. Altos hornos.
- 11.- Calefacción por aire caliente. Demostración de la irradiación del calor, sistemas modernos de calefacción.
- 12.- Presión atmosférica: Experimentos demostrativos de la presión atmosférica.
- 13.- Aire comprimido: Principales aplicaciones industriales.
- 14.- Cielo hidrodinámico: Evaporación, nubes, lluvia, formación de manantiales y ríos.
- 15.- Suministro de agua a la ciudad de Nueva York. Vista de Nueva York desde un aeroplano, canal de agua potable para la ciudad.

- 16.- Purificación del agua: Sistema de aerificación y sedimentación, purificación por el cloro.
- 17.- Piedra caliza y mármol: Variedades de caliza, creta, cal y cemento, mármol y sus aplicaciones.
- 18.- Arena y arcilla: Descomposición del cuarzo, cristal, ladrillos, alfarería.
- 19.- Arboricultura: Desventajas de la tala de árboles, repoblación forestal y plantación de árboles.
- 20.- Plantación de árboles: Cuidado de los árboles contra insectos, plantación de árboles.
- 21.- Del hierro en lingotes al acero: Sistemas de conversión del hierro al acero».

Aínda enumera unha serie máis de «Películas geográficas instructivas»:

- «1.- Las Islas Filipinas: Sus productos más importantes, plantaciones de abacá y arroz, coco.
- 2.- Las Islas Haway: Sus productos más importantes, plantaciones de piña anana, bellezas naturales.
- 3.- El Canal de Panamá: Perfecta impresión de esta obra gigantesca. Vistas panorámicas y dibujos explicativos del aprovechamiento del lago de Gatun para alimentación del Canal».

Queda, pois, clara testemuña de que na Segunda República o noso Instituto ofrecía un cine didáctico moi diferente ó espectacular do Alfonsetti.

Quizais este tipo de cine nas aulas tivo máis referencias no futuro que as que nós atopamos, pero a guerra e a postguerra, coa desaparición do propio Instituto, non crearon as condicións máis axeitadas. Nembargantes, moito máis tarde, co novo Instituto en pé, volvemos ter outra referencia no 1956:

«Con el aparato proyector de películas de 16 milímetros que facilitó a la Alcaldía de esta ciudad la Embajada americana, se están proyectando en diversas escuelas del partido judicial, diferentes documentales de interés»⁹⁵.

⁹⁵El Eco de las Mariñas, 16 de maio de 1956.

O cinematógrafo e os betanceiros




Fig. 128.

A maneira de síntese, pode dicirse que Betanzos foi escenario de espectáculos precinematógraficos ó longo do s. XIX. E, logo, recibiu o cine no 1897, pouco despois que a Coruña (1896). En cambio aquí non houbo as características barraças ou pabellóns dos primeiros tempos, áinda que si as compañías ambulantes. Porque en Betanzos xa se contaba cun teatro estable, o Alfonsetti, desde 1882, instalado na nave oeste baixa do ex-convento de Santo Domingo.

O cine sonoro, nem bargantes, recibiuse tardíamente. Desde que xurde no 1927 e chega a Vigo e á Coruña no 1930, áinda haberá que esperar a 1933 para velo en Betanzos. Polo demais, ó ritmo que permitía unha cidade con pouco crecemento demográfico e urbanístico, áinda que ben comunicada, documéntase cine ó aire libre xa desde 1911. E houbo, así mesmo, outros cines (ademas do Alfonsetti) con diversa fortuna. Desde o «Teatro Gran Cine Brigantino» de 1914, ó «Teatro Casa del Pueblo» de 1924 e, sobre todo, ó «Gran Cine Capitol» que pervive desde 1942 ata os nosos días, cando ven de pechar as súas portas.

Por outra banda, a evolución do número de proxeccións documentadas de películas na cidade, amosa unha liña semellante a outras coñecidas, por máis que referidas a espectadores. Así, os cumes de Ferrol (1912) e A Coruña (1913)⁹⁶ poden poñerse en paralelo ó de 1911 de Betanzos. Logo, naturalmente, hai aspectos locais, de obras no Alfonsetti, etc., que xa non son comparables con outras localidades, aínda que si a preocupación xeral por reformar os edificios na percura de evitar os temidos incendios das primeiras e moi inflamables películas.

A subida dos optimistas anos vinte é tamén un fenómeno xeral, pero, en cambio, é menos explicable a baixada da Segunda República. Quizais non sexa tal e se trate só da inexistencia de documentos, pero non hai que esquencer que nesta época case desaparece tamén a prensa local, da que tanta riqueza tivemos no pasado.

E chegados á Guerra Civil, xa vimos que somente no 1936 estivemos baleiros de cine, pero a partir daquela medra sen parar, sobre todo desde que no 1942 aparece o «Gran Cine Capitol» para acompañar ó Alfonsetti, un cine este, por certo, que sigue vivo, sendo, por conseguinte, un dos más antigos de España en funcionamento.

Multitude de proxectos, máis en idea que en planos, testemuñan o interés social e económico que tivo este espectáculo en Betanzos. E, por se fora pouco, daquí




Fig. 129.- Proxeccións de películas, documentadas, en Betanzos no Alfonsetti e Capitol entre 1897 e 1951.

Elaboración propia (libros de contas, prensa, prospectos...)

⁹⁶FOLGAR DE LA CALLE, José M.^a. *Op. cit.*, p. 380.



COMPRE EN CASA IGLESIAS PITA

Teatro ALFONSETTI

Equipo sonoro ERKO
CINAES (Alta fidelidad)

HOY jueves 6 (Reyes) y viernes 7 de Enero de 1949 HOY
II SENSACIONALÍSIMO ESTRENO !!

Ya llegó... Ya está aquí el mejor regalo de Reyes para
chicos y mayores.

Un emocionante episodio de la historia de España, durante
la guerra de la Independencia.

EL TAMBOR DEL BRUCH

Grandiosa representación de carácter histórico, vertida
en intensas imágenes.
UN PUEBLO SE ESTREMECE AL GRITO DE GUERRA.
Un pueblo alza la lanza ante el invasor. — "Caminante no
que el francés aquí paró; el que por todo pasó, no
pasó por aquí."

El águila abatida por el león español,

El orgullo de un pueblo que dio el pecho al invasor y alzó
la frente con arrogancia luchando como bravos.

Un tema profundamente emotivo; unas escenas de excitante
sensación y una interpretación genial que recordarán to-
da la vida.

Este es el maravilloso regalo de Reyes que ofrece la Em-
presa del pequeño Alfonsetti, a los chicos y mayores de Be-
tancones y sus costumbres.

Funciones: Jueves 6, a las 5 - 7 y 8 1/2 y 10 y media
Viernes 7, FUNCIÓN UNICA a las 8.

Domingo 9 — Rosalind Russell en la mejor comedia salida
de Hollywood

LA DAMA SE RINDE. Risa para todo el asfio.
Pronto — Joan Fontaine, Richard Dix y Gail Patrick en

El hombre de la conquista.

A año nuevo, películas nuevas y de la máxima calidad,
este es el lema de la Empresa del pequeño Alfonsetti.

Gran surtido en casa de "Iglesias Pita"

Los mejores juguetes en casa de IGLESIAS PITA

Fig. 130.




Fig. 131.



Fig. 132.

Hoy, viernes 16 de Febrero de 1951, Hoy



Fig. 133.- D. Jaime Pita Otero no 1931. El herdaría a laboura de seu pai, D. Claudino, tanto no Alfonsetti como na confección do Globo de Betanzos, lanzado o 16 de agosto, dia grande da Festa de San Roque.

E a el herdarano os seus fillos,
D. Jaime e D. Emilio Pita Varela.

saiu un dos actores (ademas de director e produtor) máis significado da historia do cine español: **Ricardo Núñez**, galán por excelencia dos anos vinte e trinta. Baste dicir que a el se debe o descubrimento de **Imperio Argentina**, **Lola Flores** e **Mary Santpere**.

En resumo, Betanzos, máis ou menos ó mesmo tempo que moitas outras cidades de Galicia e de España, tamén foi conquistada pola maxia do cinematógrafo, con tódalas implicacións sociais que iso supón.

A análise en profundidade da influencia do cine na sociedade brigantina suporía por si soa un bo traballo, que agora non estamos en condicións de levar a cabo. Pero si podemos facer unha introducción.



Fig. 134.- Hai unha anécdota contada por varias persoas, referida á proxección de "Juana de Arco" no Capitol. Ó parecer, cando prendeu o lume na fogueira que ia queimar á protagonista, algúen berrou, "¡fuego!", e a xente, asustada, saiu ás carreiras.

Soamente vendo o que pasa hoxe co cine e, sobre todo, coa televisión, poderemos darnos conta do impacto que debeu supor para os betanceiros a chegada e desenrollo do cinematógrafo. Modas no vestir, maneiras de falar e de amar, coñecemento de artiluxios técnicos do progreso (avións, dirixibles, automóbiles...), novos herois para nenos e maiores, novos xogos... en fin, o cinematógrafo transformou, sen ningunha dúbida, boa parte da maneira de ser dos betanceiros e, naturalmente, de todo o mundo que o recibiu.

Antes da chegada da televisión o cine foi o instrumento principal que abriu o mundo ós ollos da xente alí onde chegou, que foi a case tódalas cidades e vilas do Occidente e mesmo algunas parroquias ben comunicadas do mundo rural. Onde non chegou, sería a radio a que abriría as portas. A televisión, que hoxe está en todas partes, non deixa de ser en certo modo unha prolongación do cinematógrafo, unha herdeira.

En Betanzos contamos cun libro recente relativo ós alcumes⁹⁷ que nos ilustra moi ben sobre un dos efectos que o cine tivo na xente.

⁹⁷TORRES REGUEIRO, Xesús e CUNS LOUSA, Xulio. *Alcumes recollidos en Betanzos*. Exmo. Concello de Betanzos, 1989.

Así pois, un repaso polos alcumes, ós que os betanceiros son (e, sobre todo, eran) tan afeccionados, descúbreños diversos personaxes que proceden directamente do cinematógrafo. Por exemplo, «**Angelillo**», «cantante flamenco, que tivo moito éxito nos anos trinta» e actor en varias películas como «El negro que tenía el alma blanca»; en Betanzos viuse no Alfonsetti o 24-V-1942.

Outros alcumes foron, «**Belorcio**», personaxe do cine mudo; «**Bette Davis**»; «**Greta Garbo**»; «**Cantinflas**», «**King-Kong**»... «**Chispita**» puxoselle a un neno de Betanzos que pretendía imitar as aventuras deste heroi infantil do cine mudo. «**Chucho el roto**» era un bandido dunha película mexicana. Tamén era un bandido de película «**Diego Montes**». En Betanzos a certa familia chamouselle a «**Familia Trapp**», que procede da película musical «Sonrisas y Lágrimas». Logo temos alcumes como «**Fumanchú**», «personaxe diabólico chinés, sobre o que fixeron varias películas» e que documentamos por primeira vez o 30-X-1943. «**Loki**», «algo así como o lugartenente de Fumanchú», foi tamén outro alcume.

«**Maciste**» referíase a «un home moi forte..., interpretado nunha ocasión por **Andrés Balsa**, galego de Mugardos que, á sazón, era campeón do mundo de loita libre americana». «**Marilyn**» foi outro alcume, frecuente para aquelas rapazas que presentaban certas características de fermosura. E logo temos a «**Tarzán das maletas**», que se adicaba a carrexar maletas, «de corpo miudo, todo o contrario de Tarzán». E moitos alcumes más como «**Tyrone**» (por Tyrone Power), «**Shirley Temple**» ou mesmo «**Pitillo**» («Padre Pitillo», outro personaxe cinematográfico)...

En fin, se isto pasou cos alcumes, que non pasaría co demás...



Fig. 135.- Cantinflas, un dos personaxes más populares, nun prospecto do Cine Capitol de 1942.

Apéndices
e
Indice Onomástico



APÉNDICE (I)

Proxeccións cinematográficas realizadas en Betanzos (1897-1951)

Esta relación fixose na súa meirande parte tomando como base os libros de contas de dous arquivos familiares. Por unha banda, o dos irmáns **D. Jaime e D. Emilio Pita Varela** (fillos de **D. Jaime Pita Otero** e netos de **D. Claudino Pita Pandelo**), que nos aportaron información do «Teatro [e logo Cine] Alfonssetti» e do «Teatro Casa del Pueblo», e, pola outra, o de **D. Antonio Blanco Viñas** en relación co «Gran Cine Capitol».

Para datos anteriores a 1924, e áinda para outros salteados máis adiante e que se citan no texto principal, utilizamos a prensa local da época, existente no Arquivo Municipal de Betanzos (=AMB) e tamén a prensa coruñesa, sobre todo *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego*, na Hemeroteca Municipal da Coruña.

Xunto a estas fontes, foinos de moita axuda unha libreta do AMB que relaciona as proxeccións autorizadas para Betanzos polas xuntas de censura entre 1937 e 1942 e tamén os prospectos existentes no AMB, entre os que se contan dúas coleccións de varios centos deles, doadas por **Dª Olga Rozados** e **D. José Vázquez Bonome**. ¡Gracias! E gracias tamén a **Dª Carmen Pena** polos fotogramas anunciadores de moitas películas proxectadas no Alfonssetti (agora tamén no AMB). E non debemos esquencernos de **D. Francisco Díaz Pereira**.

O feito de que nalgunhas etapas haxa poucos datos ou ningúns só quere dicir, en principio, que non se atoparon, polo que non significa necesariamente que non houbese proxeccións cinematográficas. Iso estaba particularmente claro para o Gran Cine Capitol entre xaneiro de 1944 e febreiro de 1948, ó non poder contar cos libros de contas da empresa, pero parcialmente logramos reconstruir esa época, gracias, precisamente, ás recentísimas doacións dos prospectos anteditos.

<i>Data</i>	<i>Película</i>	<i>Lugar</i>	<i>Data</i>	<i>Película</i>	<i>Lugar</i>
...11-12-VI-1897	?	Alfonssetti	X-1909?	(de la Torre, dobles sesiones diarias)	Alf.
...15...-VII-1897	?	Alf.	24/...-X-1909	Fantasías diabólicas	
3-III-1901	?	Alf.		(«Cine Modelo»)	Alf.
IV-1907? («Cinematógrafo Cabeiro»)		Alf.	24/...-X-1909	Carreras a pie («Cine Modelo»)	
V-1908	Sobre «la Pasión y muerte del Divino Redentor»	Alf.	Alf.		
VI-1908	?	Alf.	24/...-X-1909	La marmita del diablo («Cine Modelo»)	Alf.

24/...-X-1909	Sombrero hundido «Cine Modelo»	Alf.
24/...-X-1909	Vicio y virtud «Cine Modelo»	Alf.
XI-1909	Cuadros de la Guerra de Melilla (empresario D. Luis de la Torre)	Alf.
XII-1910	«21 funciones de cinematógrafo»	Alf.
14/17-VIII-1911	«8 películas de asuntos archicómicos» «Cinematógrafo público al aire libre»	
6/22-X-1911	«función de cinematógrafo»	Alf.
X/XI-1911	«8 funciones cinematográficas»	Alf.
XII-1911	«6 funciones cinematográficas»	Alf.
II/III-1912	«6 funciones cinematográficas»	Alf.
IV/V-1912	«7 funciones cinematográficas»	Alf.
VIII-1912	? «Cinematógrafo público al aire libre»	
X-1913?	(xoves e domingos, polo tanto 8 funcións aprox.)	Alf.
X-1913	Quo Vadis? (empresarios Pita/Fernández)	Alf.
XI-1913	Quo Vadis? (os xoves, empresarios Pita/Fernández)	Alf.
I-1914	Actualidades Gaumont	Alf.
III-1914	La niña en pugna con el mar?	
III-1914?	(festivos) Gran Cine Brigantino	
III-1914	?	Alf.
III-1914	En los umbrales de la muerte (3 sesions o domingo)	Alf.
III-1914	Los dos rivales (3 sesions o domingo)	Alf.
III-1914	?	Alf.
IV-1914	La pequeña Nelly (empresarios Pita/Varela)	Alf.
IV-1914	El círculo negro	Alf.
